CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XIX)

Homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Edición de:
Luís Alonso Girgado
Nicolás Vidal
Alexandra Cillero Prieto

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:
Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:
Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:
Anxo M. Lorenzo Suárez

Coordinador científico:
Manuel González González

Director Técnico de Literatura:
Anxo Tarrío Varela

© Ilustración da cuberta: Alfonso Costa

Colabora:

FUNDACION PENZOL

Maquetación e impresión:
Galigraf Galicia
ISBN: 978-84-453-5000-3
Depósito legal: C 1.492-2011

Agradecementos

Este libro, *Homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro Nolla*, contou coa xenerosa colaboración de dona Teresa Barro, viúva do escritor, que achegou datos e informacións puntuais de todo tipo; da Fundación e Biblioteca Penzol, que nos fixo chegar as cartas de Ramón Piñeiro a Pérez-Barreiro; da Editorial Galaxia, de Xulio Ríos e o IGADI, que forneceron textos da súa propiedade, como o fixeron tamén *Grial, Viceversa, Tempo Exterior, A Nosa Terra* e o *Diario de Ferrol*.

Grazas, tamén, aos colaboradores (e amigos) do homenaxeado que prestixian coas súas colaboracións este libro e contribúen a fixar a interesante e múltiple imaxe do intelectual ferrolán que foi Fernando Pérez-Barreiro Nolla, que levou Galicia polo ancho mundo ao longo de toda a súa vida.



Fernando Pérez-Barreiro Nolla (Foto: Maribel Longueira, 2007)

ÍNDICE

I. Fernando Pérez-Barreiro Nolla: Crono-bio-bibliografía 9

II. Bibliografía e hemerografía activa e pasiva 29

III. Epistolario: cartas de/a Ramón Piñeiro 39

a) Cartas de F. Pérez-Barreiro a Ramón Piñeiro 41

b) Cartas de Ramón Piñeiro a F. Pérez-Barreiro 56

IV. Selección de textos 101

a) "A oportunidade histórica concreta do esprito galego" 103

b) "Vaticinio do teatro galego" 106

c) "Plácido Castro e o problema político de Irlanda" 111

d) "Irlanda e as novas formas de vida internacional: As institucións do proceso de paz" 112

e) "Páxinas do atlas do espírito" 116

f) "A modernidade do Ferrol de outrora" 117

g) "Areíñas sen reloxio" 118

h) "Unha incomodidade creadora" 119

i) "O SNP: Seis meses de goberno en minoría e aínda rufo"..... 121

j) "Mitteleuropa" 122

k) "Aspiracións angolanas" 123

l) "A tradución da métrica: prácticas co *Macbeth* de Shakespeare en galego" 125

V. Testemuños 135

1. Teresa Barro 137
2. Xosé L. Franco Grande 139
3. Eduard Punset 141

4. Miguel Carlos Vidal 142
5. Camiño Noia 144
6. Francisco Fernández Naval 147
7. Xulio Ríos 151
8. Ramón Fraga 153
9. Nicolás Vidal 156

I. FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA
CRONO-BIO-BIBLIOGRAFÍA

I. FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA
CRONO-BIO-BIBLIOGRAFÍA

Por Ferrol, coa súa nai (1936)

1931. Nace en Ferrol o 22 de setembro do 1931, fillo do avogado, escritor e xornalista Fernando Pérez-Barreiro (1890-1968) e de Matilde Nolla, secretaria nos estaleiros da Bazán e, posteriormente, no despacho do seu marido.

O meu pai publicou varias obra en galego. Ademais de Ducia e pique de fábulas *(Celta, Lugo, 1954), publicara, sendo moi novo aínda, unha colección de poemas costumistas (*Andrómenas*). En castelán publicara, tamén nos anos mozos, outros poemas, de temas máis variados e inspiración estética finisecular (*Pavesas de la hoguera*), e moito máis adiante un anecdotario forense (*El Digesto no indigesto*). Ollando a súa obra e o que el contaba da súa vida, decatábame de que no seu Viveiro natal de comezos do século pasado falaba galego practicamente todo o mundo. El nacera no seo dunha familia relativamente acomodada e profesional, e viñera a Ferrol no vinte e tantos para dirixir* El Correo Gallego*, que daquela se facía alí, e exercer de avogado.*

1941-1949. Anos de primeira formación, en Ferrol (con tempadas na Toca ou Viveiro). Estuda no Colexio Tirso de Molina e logo na Academia Rapariz, onde queda impresionado polo profesor Carballo Calero, que é o seu introdutor no galeguismo, liña na que atopará tamén a Manuel Fernández Barreiro, Imeldo Corral, Bello Piñeiro, etc.

Lector temperán, fixo primeiras lecturas de Curros, Rosalía, Pondal, Otero Pedrayo –os "Parladoiros" de La Noche; a súa *Guía de Galicia*–, Cabanillas –*Vento mareiro*–, Noriega Varela –*Do ermo*–, e tempo despois virían Xosé María Díaz Castro, L. Pimentel, A. Iglesia Alvariño, Faustino Rey Romero e outros. Frecuentou por un tempo as revistas dos xesuítas *El mensajero* e *Razón y Fe* e, en castelán lía tamén a Valle-Inclán, R. L. Stevenson, R. Kipling, R. Chandler, J. R. Ballard e os populares Lajos Zilahy e Somerset Maughan.

Pasa os veráns no ambiente rural de A Toca, a casa familiar ubicada entre Ferrol e As Pontes, feito que terá influencia na súa visión galeguista.

Na Toca pasei moito tempo. Meu pai mandara facer unha casa alí, non era lugar de moda nin de veraneo. Entre Ferrol e As Pontes, preto de Igrexafeita e cara ao Forgoselo, está no punto máis alto dese treito da estrada que levaba a Asturias. É unha terra de espiñazo agreste entre os vales de Xuvia e os de Ferreira, Moeche, e outros que se espallan ata a costa do Ortegal. Desde os seus penedos de granito vese

o canto noroeste da Galiza, a Artabria, desde a Capelada á ría de Ferrol e, nun día claro, o Castelo de Goía polo leste.

* * *

(Manuel Fernández Barreiro)... Fora un dos colaboradores de Céltiga, a editora en galego de Ferrol que dirixira Xaime Quintanilla. Publicara nela unha tradución ao galego da lenda irlandesa dos sete cisnes negros, con ilustracións de Castelao. Era un home moi interesante e moi amigo do pintor Felipe Bello Piñeiro. Conservo un manuscrito de don Manuel no que se relata unha excursión deles dous á montaña, que viña sendo Monfero e arredores, pero que máis parece unha expedición ao Tíbet, cunha gran riqueza expresiva e de detalles. Vese canto tiña de exótico para Ferrol o seu contorno rural, e canto atraía a intelectuais e artistas como Fernández Barreiro e Bello Piñeiro. Por don Felipe coñecín o pensamento e a estética de Ruskin e entendín os prerrafaelitas. Quero sinalar con isto que daquela, no Seixo, na ría de Ferrol, en plenos anos corenta, podías estar en contacto con estéticas e éticas ben afastadas daquel medio.

Manuel Fernández Barreiro sabía moitísimo da historia de Ferrol. Era moi culto, moi discreto, e moi modesto. Na súa biblioteca, onde había libros e revistas en varias linguas, nutrinme de cultura e espírito.

* * *

Os rapaces da miña clase social e ideoloxía familiar ían automaticamente ao colexio dos Mercedarios. Ingresara eu nel ao principio, pero non me gustaba e ao meu pai tampouco. Daquela mandoume a un dos colexios-academia da época que era, como outros, un refuxio de represaliados que salvaran a vida pero quedaran inhabilitados profesionalmente. Recibín alí unha educación laica e republicana no seu cerne, aínda que levase engadido o que impuñan as autoridades.

* * *

Si, fun a Santiago no 49, a facer Dereito, alí botei os anos da carreira pero con moito contacto con Ferrol, sobre todo coa xente que facía Aturuxo. Con Miguel Vidal, aínda vivo felizmente, con Tomás Barros e sobre todo con Mario Couceiro. Neses anos tamén fixen teatro en Santiago. De feito estreneille a Tomás Barros a súa primeira obra, no teatro universitario, a peza "Panteón familiar". E montei tamén o primeiro Ionesco que se fixo en Galicia, "A cantante calva". Tamén en Ferrol fixera algo, unha traducción de "La versión de Browning", de Terence Rattigan, para o Jofre, con Rafael Taibo. En fin, esas eran as miñas andanzas teatrais deses anos.

1949. Conferencia de Otero Pedrayo no Círculo Mercantil, en Ferrol, co título "Viento del oeste". Carballo Calero pide a Fernando Pérez-Barreiro que faga unhas notas ao respecto para publicalas en *La Noche*. Envía as notas ao mesmo Otero Pedrayo, que agasalla ao neófito cronista a súa biografía de Marcelo Macías.

Neste ano coñece e trata a Xosé Leyra Domínguez, avogado e pintor, galeguista e grande admirador de Otero Pedrayo, e mais a Santiago Montero Díaz, ferrolán e catedrático de Historia da Filosofía Antiga na Universidade de Madrid.

Afonda na lectura de autores clásicos e contemporáneos da literatura galega xa citados.

Vai a Santiago de Compostela a estudar Dereito. Nas súas memorias divide en dúas etapas moi distintas os anos de Santiago: a primeira centrada nos estudos de Dereito, logo ten unha doenza que lle fai perder un ano que pasa en Ferrol, e á volta unha etapa centrada en actividades artísticas: poesía e teatro.

a) *Carballo ensinaba alí e para min foi unha revelación. Primeiro, culturalmente. A min e a todos os que asistiamos ás súas clases, abriunos moitos mundos. Víamos unha cultura viva, nos cursos de historia da filosofía, de literatura e de xeografía dos que estaba encargado.*
Coñecer a Carballo era coñecer un modelo de intelectual, entender que a cultura non era nin un fardo que levar ás costas nin unha arma arroxadiza para bater nos demais ou gañar oposicións.

b) *No curso de xeografía ditounos por varias semanas, partes da* Guía de Galicia *de Otero Pedrayo, e infundiunos unha excepcional e íntima familiaridade con Galicia, coa dimensión histórica, coa estética, coa sensibilidade para a xente e a paisaxe do país.*

c) *Carballo arredondou o meu galeguismo. Non é que me descubrise a Galiza, porque eu xa levaba unha base. Na miña casa había moitos libros en galego. A min Castelao descubriumo o meu pai, que o admiraba moito. Na casa lera eu tamén a Curros, nunha edición de 1911 que traía boa parte dos autos do proceso contra Curros, instado polo bispo de Ourense, onde viñan as defensas dos avogados do escritor en primeira instancia e en apelación. E o* Vento mareiro *de Cabanillas, e o prólogo de Victoriano García Martí ás obras de Rosalía na edición de Aguilar, tan evocador dunha época e de fonda galeguidade.*

* * *

Cando cheguei a Santiago fun visitar a Otero Pedrayo cun recado do meu pai. Vivía no Hotel España e alí falamos. Estivo moi amábel, pero non me animou moito. Menos mal que coa Guía de Galicia *na man, andaba eu por Santiago e facía unha interpretación galeguista da cidade, cousa difícil ás veces, pero non vía galeguismo arredor de min.*

1949-1955. Estuda Dereito en Santiago de Compostela, onde continúa unha estreita amizade con López Nogueira (que viña xa dos anos do bacharelato), que cursa estudos de Medicina. Anda á procura do galeguismo, que non atopa. A través de López Nogueira contacta con R. Piñeiro e con Borobó. É lector de *La Noche*. Vai á

tertulia do Café Español, onde escoita a Otero Pedrayo e a Bouza Brey. Está ao tanto do proxecto Galaxia. Frecuenta tamén o Café Argentina, na praza do Castromil.

En 1952, no terceiro curso, enferma dunha tuberculose pulmonar e convalece dela en Ferrol. De novo en Santiago, interésase pola poesía e o teatro. Lectura de libros da Editorial Gredos e intención de ir a Madrid a cursar Filosofía e Letras, proxecto finalmente rexeitado.

Coñece a Ramón Lugrís, ferrolán tamén, co que tempo despois coincidirá en Londres. Acode á "mesa camilla" de R. Piñeiro, en Xelmírez 15. Asiste a algunhas sobremesas na Rosaleda e coñece e escoita a García-Sabell.

A través do seu profesor de Dereito Romano, Álvaro d'Ors, coñece ao excolaboracionista francés Jacques Bousquet –ao que dá clases de castelán–, quen o pon en contacto co teatro francés contemporáneo e coa figura de Ionesco. Afeccionado ao teatro na súa mocidade en Ferrol, en Santiago, no Colexio Maior onde vive, representa (e aínda traduce) textos de E. Ionesco, W. Saroyan, T. Barros ou H. Ibsen. Anos despois, en 1958, escribirá sobre o teatro galego a instancias de R. Piñeiro.

Coñeceu e tratou nestes anos a X. L. Franco Grande, Méndez Ferrín, Rodríguez Mourullo e a A. Eiras Roel. Interesáronlle profesores como Legaz Lacambra, Álvaro d'Ors e López Amo.

En 1954 colabora no nº 4 da revista *Aturuxo* por primeira vez e mantén nos anos seguintes, en Ferrol, frecuente relación con Miguel C. Vidal, Tomás Barros e Mario Couceiro arredor da publicación. Nese mesmo ano o seu labor poético é premiado nas Festas Minervais da Universidade de Santiago de Compostela, feito que se repetirá nos dous anos seguintes.

Eu escribía entón algunhas cousas en galego, e falaba con López Nogueira, sempre inquedo, quen fora o meu compañeiro desde a preparación do ingreso no bacharelato e partillaba agora cuarto comigo no colexio maior. Un día díxome que viñera a morar en Santiago un filósofo galego saído da cadea, e que el xa o fora ver. E na primeira ocasión presentoumo. Era Ramón Piñeiro.

* * *

Daquela, en 1949, eu non lle vía camiño viábel ao galeguismo político e social. Xa desde Ferrol estaba convencido de que Galicia era unha nación, e, non atopando mellor formulación política para explicarllo aos meus condiscípulos, moi refractarios a esa idea, a pesar do ensino de Carballo ao que non todos eran igualmente permeábeis, dicíalles que era unha situación colonial. Sabía, polo que eu fora averiguando de Carballo, e non polo que el me dixera, do galeguismo da República. Pero todo me parecía algo así coma un paraíso perdido. Para min, o galeguismo que contaba en termos de persoas e lecturas estaba en Ferrol.

* * *

Carballo ten que ver tamén con Aturuxo*, con Tomás Barros, Miguel Vidal e Mario Couceiro. Vidal e Barros andaban pensando en facer unha revista e Carballo orientounos. Mario Couceiro xuntouse a eles. Isaac Díaz Pardo, que era primo de Tomás Barros, fixo a portada e as ilustracións. Máis adiante levaría tamén viñetas de Ricardo Segura.* Aturuxo*, co subtítulo "Revista de poesía e crítica", era bilingüe, en galego e castelán. Agora foi reeditada en facsímile a colección enteira nas dúas épocas, que van de 1952 a 1960, e chama a atención a presentación, que era coidadísima, en parte pola minuciosidade de Miguel Vidal, tan esixente nisto como en toda a súa estética.*

* * *

Realmente, a min Piñeiro non me dixo nada novo. Non me pareceu o filósofo importante que López Nogueira citara, ou pensei que, si tal era, non se lle notaba. O que si me pareceu foi que era unha persoa moi agradábel, simpática no mellor sentido da palabra, empática mellor, fóra do corrente. Vino algunhas veces máis, case sempre en cafés con López Nogueira, e seguín gozando da súa compaña.

Pasado algún tempo, Ramón Lugrís, a quen eu non coñecía antes e que chegara de Barcelona, levoume á casa de Piñeiro. Alá sentamos arredor da mesa de braseiro. Lémbrome que falamos de López Nogueira, como amigo común. (...) Fomos amigos moitos anos, falamos moito, na casa del en Santiago e na miña en Londres, e sempre gocei desas calidades súas.

* * *

Por eses anos ocorréuselle a López Nogueira a idea das Festas Minervais. Aproveitou un tempo de apertura do SEU, axenciado en Santiago por Eiras Roel, e tamén a súa relación persoal, "de filósofo a filósofo" como el dicía, co reitor Legaz, e as Minervais celebráronse varios anos. Nese marco coñecín a Franco Grande, que aínda non estaba en Santiago na miña primeira etapa alí, antes da doenza. Gañei algún premio nas Minervais, de poesía en castelán, aínda que tamén escribía poesía en galego e había premios para as dúas linguas.

1955-1956. Remata a carreira de Dereito en Santiago. Volve a Ferrol e reanuda o contacto co grupo de poetas de *Aturuxo*, onde xa en 1954 publicara algún poema. Coñece a Avilés de Taramancos, presente tamén nas páxinas daquela revista.

En Santiago traballa como profesor-colaborador de Dereito Romano na cátedra de Álvaro d'Ors. Rexeita entrar no Opus Dei, aínda que acode á Estila, a algúns actos culturais. Alí contacta co ferrolán Xosé Luis Comellas, que tempo despois exercerá como catedrático de Historia Moderna e Contemporánea na Universidade de Sevilla.

Eu tiña, desde Ferrol, unha forte afección polo teatro, que cultivaba como podía. Ía só ao teatro, case desde neno, porque, como dixen, o meu pai retirárase moito da vida social por mor da guerra e deixara incluso de frecuentar espectáculos. Ía ao

Con Mario Couceiro e a súa dona, Varela Novo e Manuel Gasalla (O Couto, 1956)

teatro cada vez que pasaba por Ferrol algunha compañía, fose a de Irene López Heredia, unha de zarzuela ou os "Grandes Espectáculos de Enrique Rambal", que tanto me gustaban.

Logo, en Santiago, empezamos a facer lecturas dramáticas semiescenificadas e algunha representación completa. Como eu estaba nun Colexio Maior, iso non era tan difícil de facer. Traducín algunhas cousas, como A cantante calva *de Ionesco e* A ostra e a perla *de Saroyan, e estreei unha obra de Tomás Barros,* Panteón familiar. *A primeira obra que dirixín no Colexio Maior foi a* Casa de bonecas *de Ibsen. Aí coñecín a Teresa Barro, a miña muller, que foi a Nora Helmer daquela representación.*

1957. Marcha a Madrid para emprender a aventura –frustrada en pouco tempo– de opositor. Con el, Teresa Barro, logo a súa dona, que comezara a especialidade de Historia en Santiago e pensaba especializarse en Pedagoxía en Madrid. Contacta cos ferroláns Paco Vizoso e Presedo, seus amigos.

Continúa a amizade coa familia de Jacques Bousquet.

Lectura dos seus poemas no Centro Gallego madrileño. Asisten Torrente Ballester, Manuel Fraga e Pilar Vázquez Cuesta entre outros. Rexeita propostas de traballo de J. Bousquet, que tiña moito poder como orientador da política educativa española.

1958. Inicia a correspondencia con R. Piñeiro, que se desenvolverá de xeito irregular ata 1977. As primeiras cartas de R. Piñeiro das que dispoñemos datan de 1963, cando Fernando Pérez-Barreiro estaba recén chegado a Londres.

De novo en Ferrol, para curar unha tuberculose. Frecuenta o Café Suizo (e algún outro), onde se reúnen os poetas de *Aturuxo*. Conversa frecuentemente con Mario Couceiro e asiste ao estudio do pintor Segura Torrella, ilustrador de *Aturuxo* na súa segunda época. Fai algunhas visitas a Santiago e fala con R. Piñeiro.

Colaboración no libro de homenaxe a Otero Pedrayo preparado pola editorial Galaxia, co gallo do setenta aniversario do polígrafo ourensán. Publica naquel libro o artigo ¨Vaticinio do teatro galego¨ (os "novos"que participan nesa homaxe son X. L. Franco Grande, Xosé Manuel López Nogueira e Fernando Pérez-Barreiro).

1959. De novo en Madrid. A conmoción da crise de Arxelia determina a fuxida de Madrid dos Bousquet. Frecuenta o trato de López Nogueira e ocasionalmente de

Xuntanza no Centro Galego de Madrid. Fernando (segundo pola esquerda) fará lectura dos seus poemas. Na mesa: Torrente Ballester, Manuel Fraga e Pilar Vázquez Cuesta (1957)

Méndez Ferrín, Pedro Lema, Carlos Polo ou Xosé M. Romay, ao que coñecera en Santiago. Tamén se entrevistaba con Piñeiro, nalgunha visita del á capital. Ía con asiduidade á Biblioteca Nacional. Relacionábase con Xosé Manuel Beiras e falaban das oposicións. Decide marchar á Coruña e exercer a avogacía.

1960-61. Ingresa no Colexio de Avogados da Coruña. Alí afonda a súa amizade (coñecíao xa de Santiago) con Xosé L. Franco Grande, que traballaba como avogado pasante no despacho de Sebastián Martínez Risco. Frecuenta o Café Español e de cando en vez recibe a visita de R. Piñeiro. Xa pensa na saída de marchar ao estranxeiro para evitar as oposicións e abrirse camiño conservando unha irrenunciable independencia persoal, aspiración na que sempre se mantivo firme.

Decide que non quer preparar oposicións e abre na Coruña un bufete de avogado.

1962-63. No mes de marzo casa con Teresa Barro (Lily) da que era noivo xa en 1955. Coñecíaa dos seus anos universitarios e da actividade teatral, pois ela representara o papel de Nora Helmer de *Casa de muñecas*, de H. Ibsen, representada nun Colexio Maior Universitario de Santiago e dirixida por F. Pérez Barreiro, que desempeñaba tal función por primeira vez. Os dous dan clases particulares e el exerce como avogado.

Pensa en marchar ao extranxeiro, seguramente a Nova York, para traballar de tradutor nas Nacións Unidas, mais xorde a posibilidade de solicitar un posto na sección española dos Servicios Exteriores da BBC (radio), consígueo e, en agosto

Con Luís Mariño (esquerda) e Teresa (Santiago, 1962).

de 1963, cinco meses depois de que nacera a súa primeira filla, Ana (o 19 de maio, na Coruña), embarca en Vigo cara a Londres, onde traballa para a BBC co nome de Fernando Nolla (os ingleses adoitan usar o último apelido cando hai máis de un e, ademais, para o elevado número de cataláns que había na emisora ese apelido era máis próximo). Na BBC botará ata o ano 1969.

O estranxeiro tiña para min, desde sempre, unha atracción forte e Londres non me desenganou. Era e segue a ser unha cidade da imaxinación, un texto xerador de innumerábeis textos. Era realmente un soño pensar na posibilidade de ter un traballo na BBC, na que estaba, en certo modo, tamén presente unha tradición galeguista, a do programa en galego e Plácido Castro. Contratoume a BBC cun período de proba de seis meses, que era o normal, aínda que a min me confirmaron o contrato antes de concluír a proba. Entrevistoume na Embaixada Británica de Madrid o xefe dos servizos europeos da BBC, Edward Ashcroft, irmán da famosa actriz Peggy Ashcroft. Levaba eu entón moi pouco tempo casado, menos dun ano, e acababa de nacer a miña primeira filla. Dinme de baixa con alivio no Colexio de Avogados, merquei unha pasaxe de barco e a mediados de agosto de 1963 collín o Ascania *no peirao de Vigo.*

Proposta epistolar de R. Piñeiro para que faga algo sobre Shakespeare. Traducirá o *Macbeth*[1], traballo que Piñeiro recibe, aínda incompleto, en 1970, ano no que aparece un fragmento do mesmo en *Grial*, nº 30, co título "A traxedia de Macbeth, de W. Shakespeare". A tradución íntegra aparecerá en libro, en edición de Galaxia, en 1972. A esta tradución ía volver un breve traballo nas páxinas de *Viceversa* (nº 15, Vigo, 2009) e de Macbeth tratara xa en 2005, no estudo "La catarsis lingüística de Macbeth" presentado no Congreso Festival Shakespeare, en Barcelona.

Desde Londres seguín escribíndome con Piñeiro. Nas primeiras cartas que tiven del recibín, por certo, o anuncio de que se ía publicar GRIAL, e que contaba coa colaboración de Teresa e coa miña. Agoirábame unha adaptación doada ao novo país, porque, segundo dicía, eu tiña moita "flexibilidade". A verdade é que non precisei facer sacrificio ningún. Tamén continuei a comunicación con Beiras e seguín, máis ou menos a distancia, a evolución do PSG que, curiosamente, non coñecía antes.

1 Sobre esta tradución hai numerosas referencias no Epistolario deste mesmo libro.

1964. Aparece a súa primeira colaboración en *Grial* (nº 3), titulada "De Inglaterra". Publicará cinco máis, a derradeira atopámola no número 153 da revista, no ano 2002.



Londres, na BBC, Bush House, 1967.

1965-66. Visita de Ramón Piñeiro, que viaxará a Alemaña, xunto a Ramón Lugrís, S. García Bodaño ou Tierno Galván a unha xuntanza socialista.

Instalado en Londres en 1965, Ramón Lugrís, que viña de Nova York, convoca na súa casa unha reunión para falar do tratado en Alemaña. Chegan de visita Cunqueiro e Fernández del Riego e tamén Xosé M. Beiras. Piñeiro endexamais fala con Fernando Pérez-Barreiro da cuestión do socialismo en Galicia.

Foi –a da BBC– unha experiencia importantísima. Aprendín moito. Facía de todo. A primeira vacante que había era no programa agrícola, Vida rural*, e alí comecei. Serviume para coñecer ben o país, porque a BBC estaba moi ben organizada e era xenerosa. (...)*

Despois pasei a facer o programa de Artes e Letras. Aí entrevistei moita xente, entre eles a Madariaga, cando cumpría os 80 anos e facíano doutor Honoris Causa en Oxford. (...)

Fixen tamén un programa político, semanal, como unha especie de revista de prensa, collendo opinións de diferentes fontes para achegar certa pluralidade sobre determinados temas. Por aquel entón, non se lía tan facilmente prensa inglesa en España. Tamén se facían entrevistas a políticos españois que pasaban por Londres: Tierno, López Rodó, Solís...

1966. Nace a súa filla Beatriz, o 7 de novembro, na Coruña.

1969. Pasa a traballar na sección de tradución da Organización Internacional do Café (OIC), un dos mais importantes organismos intergubernamentais de produtos básicos. Faráo até 1993, data en que empeza a traballar por libre para esa organización e para outros organismos internacionais en Londres e Xenebra. O cambio de traballo dálle máis tempo para seguir estudando idiomas e posibilítalle o ensino universitario.

Despois do da BBC pasei a dirixir a sección de traducción da Organización Mundial do Café, onde traballei ata xubilarme, e tamén ensinei na Universidade de Westminster, e nese tempo traducín o primeiro Shakespeare en galego, que foi o "Macbeth", publicado por Galaxia. Por eses anos tamén fixen a licenciatura en

chinés, na Universidade de Westminster, traballando no departamento en cousas da China, e traducín no 82 una panorámica da narrativa curta chinesa do século XX, publicada por Xerais, que se chama "Flores e leña", unha cita de Mao. Agora vai saír un breviario do pensamento clásico chinés, nunha biblioteca virtual da asociación de traductores en Vigo, que dirixe Xulián Maure. Xa antes, no 85, déronos a Teresa Barro, a miña muller, e a min o premio nacional de traducción do Ministerio de Cultura, por "Alicia no país das marabillas", en Xerais, eso foi interesante porque foi unha obra difícil de traducir, os xogos de palabras, as poesías, como o "Jabberwock", hai que inventar, pero foi divertido.

1970. Nace o seu fillo Gabriel, o 27 de agosto, na Coruña.

Fúndase o Grupo de Traballo Galego de Londres, orientado ao ensino e á pedagoxía en galego, inicialmente xunto con Teresa Barro, Manuel Fernández Gasalla, Xavier Toubes e Carlos Durán, que se retiraría axiña do proxecto. Nese mesmo ano xa comeza a circular o seu boletín, ata 1972, en que remata a primeira etapa. O colectivo continúa a súa xeira, coa chegada de novos membros (Ricardo Palmás e Carmen Vázquez), e a marcha doutros, mais sempre están Fernando e Teresa. Dura ata a morte de Fernando, nunha última etapa na que os boletíns enviábanse xa por internet.

O programa galego da BBC desaparecera xa en 1956 e o Grupo comezou en 1970. Eramos unhas cantas persoas (Teresa Barro, Carlos Durán, Manuel Fernández Gasalla, Xavier Toubes e mais eu) que coidabamos que podía ser útil facer chegar a Galicia as nosas reflexións independentes, que pensabamos que podían ter o valor que lles viñera de ser feitas desde o exterior e sen vincallos partidarios. Non tiñamos todos a mesma ideoloxía nin as mesmas preferencias políticas, e nin sequera os mesmos amigos no país. Acababa de entrar en vigor unha nova lei de educación que abría unhas certas posibilidades para o ensino nas linguas autóctonas. Empezamos entón a facer unhas páxinas, financiadas por nós e dirixidas principalmente aos mestres. Conseguimos direccións e establecemos unha comunicación cos mestres. Mandábannos cartas con opinións e peticións. Non había materiais pedagóxicos e tentamos darllos en suplementos do boletín co que podiamos atopar. (...)

Nos tempos da transición decidimos ampliar o alcance do Boletín e facelo máis político nun sentido moi laso, e sempre cos mesmos criterios de independencia. Carlos Durán non quixo seguir nesta nova orientación e non volveu ao Grupo. Incorporáronse Ricardo Palmás, que marchara da Arxentina e viñera para Londres, e Carmen Vázquez. O Boletín *do Grupo de Traballo faciámolo de forma colectiva, a partir das ideas e achegas de cada un, combinando varios puntos de vista e diversos temas. Todo se debatía e aprobaba nas nosas reunións e nada ía asignado persoalmente. Imprimiámolo nun establecemento de tipografía, todo pola nosa conta, e enviabamos os exemplares a Galicia por correo, ás persoas dunha lista de enderezos que ía crecendo.*

1971. Teresa Barro envía a R. Piñeiro, para *Grial*, o seu primeiro traballo sobre a novelística de Rosalía, "As novelas de Rosalía", que aparecerá en 1972, no nº 10 da revista, xunto con "Dous contos". A Rosalía volvería con dúas novas achegas na mesma publicación: "Cartas a Rosalía" (1977 e 1978). Deixou cinco achegas na revista. Razóns de tipo económico determinaron que en 1978 non puidera publicarse o libro sobre Rosalía que ía aparecer en Galaxia.

En Londres, na casa de Teresa e Fernando. Pola esquerda: Carmen Vázquez, Ramón Piñeiro, Fernando, Manuel Gasalla e Isabel (1972).

1972. O Grupo de Traballo Galego de Londres lanza o nº 1 do seu *Boletín*.

Neses primeiros anos 70 lembra Fernando a sorpresa e agradecemento que recibían de Galicia. "Moitos mestres e mestras escribían ao enderezo de contacto. Aseguraban que lles era moi útil o material que incluían os boletíns que, xa digo, eran poemas, contos traducidos ou inventados, e cousas así. Aínda hai uns días en Rianxo, fixémoslle unha homenaxe ao teólogo e crego Manuel Espiña, –o primeiro tradutor dos Evanxeos ó galego e coengo da colexiata da Coruña–, que me comentou que a existencia do boletín animábao moito no seu labor. Nesa primeira época tamén contabamos co estímulo de Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Sei, que nos escribira desde Madrid denominándonos "beneméritos ensinantes", e incluso o filólogo Rodrigues Lapa interesouse pola iniciativa e mantivo unha interesante correspondencia con Teresa Barro".

Posteriormente, o traballo do grupo pasou por máis etapas, rematando esta primeira no ano 73. A segunda etapa cubriu os anos 79 ao 82 e pódese dicir que os seus contidos pasaron do pedagóxico ao social e político. Houbo algunhas baixas e ao grupo uníronse Ricardo Palmás e outro ferrolán, Manuel Fernández Gasalla.

1975. Colabora con Xosé M. Beiras nun proxecto de Federación de Partidos Socialistas, o chamado Proxecto Teima, que terá a súa voceira na revista do mesmo nome. Nova visita de R. Piñeiro. Participa no xurado dos premios de teatro d'O Facho, na Coruña.

1977-78. Pasa unha tempada na Toca cos Beiras, García Bodaño e E. Punset. Ao ano seguinte Xosé M. Beiras viaxa a Londres para ser atendido dunha doenza psiquiátrica. Esmorece e remata a correspondencia espistolar con R. Piñeiro.

1982. Comeza a colaborar n'*A Nosa Terra*, feito que se prolongará ata o primeiro decenio do século XXI. Ocúpase nos seus artigos de temas e cuestións de política internacional, como experto analista do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).

No verán trasládase a China a estudar na Universidade do Pobo Chinés de Beijing.

1983. Obtén o título de Bachelor of Arts with First Class Honours en Lingua e Literatura chinesas da Polytechnic of Central London. Foi o único español que se licenciou en chinés nese ano.

Home, é difícil porque non os sei todos igual. Falo galego e castelán, o portugués cultiveino moito polo meu traballo na Organización Mundial do Café; inglés, claro, francés, italiano, alemán, que incluso teño familia alí agora. Non falo pero leo latín e grego, dos que din clase, e hebreo, que teño un fillo en Israel que casou cunha xudea iraquí. O chinés aprendino facendo a tempo parcial unha licenciatura, nos anos 60, logo botei un verán na universidade de Pekín. Era un idioma descoñecido e representaba unha experiencia cultural fascinante polo novo e o diferente. Agora China está moi metida no mundo, pero antes non o estaba, nos tempos do maoísmo. É un idioma que canto máis te metes resulta máis interesante.

1983-84. Con Ricardo Palmás, que nese intre colabora na terceira etapa do Grupo de Traballo Galego, edita un único número dunha publicación chamada "O corno de Breogán", cuxo fin era o de "resucitar o celtismo".

1985. Comeza a colaborar en *La Voz de Galicia*, no suplemento cultural que dirixía Arturo Lezcano, na sección "Cartas inglesas".

Recibe o Premio Nacional de tradución de libros infantís e xuvenís do Ministerio de Cultura polo libro *Alicia no país das marabillas*.

Na década de 1990 ensina Tradución en cursos de postgrado de dúas universidades londinienses, a de Westminster e a de Thames Valley, e imparte cursos en Granada e Lisboa. Fai algúns traballos teóricos, como o titulado "A transliteración do chinés", que apareceu na revista *Viceversa*, da Universidade de Vigo.

Foi, porén, a tradución, a súa capacidade para a aprendizaxe das linguas, o que definiu boa parte da súa actividade pública. Ademais de traballar neste eido durante moitos anos na Organización Internacional do Café, Pérez-Barreiro aportou todo o seu talento e sabedoría para que os galegos puideran ler na súa lingua materna os grandes clásicos. O crítico Armando Requeixo sinala que "foi un dos pioneiros

da tradución en Galicia. Cando por aquí ben poucos entendían –e atendían– a importancia de ensanchar as miras do noso sistema literario achegando a este os grandes referentes da literatura universal, Pérez-Barreiro andaba xa a traducir a Shakespeare á nosa lingua. E o mesmo fixo anos despois con outro clásico das letras inglesas como foi Lewis Carroll. Da importancia e o modélico do seu labor dan boa proba as súas versións de textos chineses ao galego, –as primeiras, asegura Dobarro– pois el era un exemplo a seguir como tradutor de fontes directas, manexando sempre con rigor e coñecemento superior tanto a lingua e cultura de partida como a de chegada". Mais a preocupación do intelectual ferrolán por Galicia non ficou no eido da tradución, e aí está o seu labor no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional para corroborar que, como di Franco Grande, a súa "meirande preocupación era a proxección exterior de Galicia, non só da súa cultura, senón de Galicia como país".

En Beijing (China), 1982.

1993. Remata o seu traballo como xefe dos Servizos de Tradución da Organización Mundial do Café en Londres.

1999. Entra en contacto co IGADI, que dirixe Xulio Ríos en Baiona. Desde 2000 comeza a participar intensamente dos seus proxectos xa como membro do Consello Asesor,e regresa con frecuencia a Galicia. Publica en *Tempo Exterior* e retoma as colaboración n'*A Nosa Terra*, dun xeito máis regular, e *Tempos Novos*.

É –o IGADI– unha creación moi orixinal de Xulio Ríos, unha entidade, hai que dicilo, sen ánimo de lucro e con sede en Baiona. Él púxose en contacto comigo e con outros e explicounos de que iba a historia. A idea é a de, sen seren partidarios, dar ao galeguismo esa dimensión internacional que tivo sempre, e a reivindicación dunha figura como Plácido Castro, secretario de Relacións Exteriores do Partido Galeguista, un rapaz de Corcubión que se educou en Londres nos anos 20 con quen teño moitas afinidades, por ter estado tamén na BBC. Esa figura simboliza ese anceio de que Galicia estea presente no exterior. Agora acabamos de facer un libro branco de acción exterior de Galicia que, por certo, nos encargou a Xunta. Xa está

Nunha xuntanza no IGADI

presentado acerca de como debe estar Galicia presente no mundo. Para esta, para a próxima Xunta e para as forzas vivas que estean interesadas no tema da perspectiva exterior de Galicia[2].

2002. Académico correspondente da Real Academia Galega desde o 22 de xuño.

2005. Comeza a xeira das súas colaboracións no *Diario de Ferrol*, no Suplemento "Nordesía", onde publicou un total de nove achegas.

Pedrón de Honra, polo seu labor pola cultura galega no exterior.

Presenta o seu relatorio "Treinta y cinco años de traducción en organizaciones internacionales: Brevísimas reflexiones personales", no ciclo "La traducción y la interpretación en las relaciones jurídicas internacionales", Universitat Jaume I de Castellón.

Presenta, o día 4 de agosto, o seu relatorio "La catarsis lingüística de Macbeth", no Congreso Festival Shakespeare, Barcelona.

2006. Recibe, *ex-aequo* con Iolanda Galanes e Marta Panero, o V Premio Plácido Ramón Castro de tradución polo seu *Breviario do pensamento clásico chinés* (2005), accesíbel hoxe na biblioteca virtual *bivir.com*.

É distinguido co Premio de Cultura do xornal *Diario de Ferrol*.

2 A práctica totalidade dos textos en cursiva deste apartado do libro procede da entrevista de Franco Grande e Xulio Ríos a Pérez-Barreiro publicada en *Grial*, nº 167 (2005). Servímonos tamén, nalgún caso, da entrevista feita por Nicolás Vidal no *Diario de Ferrol* (27-III-2005) e do artigo de José Gómez (7-I-2010) no citado xornal.

Fernando, no centro, premiado no Día Internacional da Tradución (setembro de 2007) (Foto: Maribel Longueira)

2007. Comeza a dictar as súas *Memorias* que neste 2011 aparecerán publicadas por Xerais. Da xénese e desenvolvemento do texto fala dona Teresa Barro, viúva do escritor.

"As memorias xurdiron sobre todo pola insistencia de Camino Noia (a quen Fernando chamaba dende entón Clío, pola musa dese nome) en que tiña que facelas, logo de moitas conversas nas que o tema central remataba sendo Ramón Piñeiro e a historia daqueles anos primeiros e posteriores de Galaxia. Iso pasaba con todos os galegos e galegas que pasaban por Londres ou aos que víamos cando íamos a Galicia, que quedaban fascinados cun relato que nunca ouviran. Coido que debeu de ser no 2007 cando, unha vez que estabamos os dous en Baiona, fomos cear a casa de Camino Noia e Xulián Maure e, como sempre, a conversa foi parar a eses temas. Camino desa vez insistiu en que tiña que escribir todo aquilo porque era de interese básico para Galicia. Eu uninme á idea e quedamos en que tentaría facelo. Eu ofrecinme a escribilo se el me dictaba, porque a Fernando non lle gustaba poñerse a escribir e prefería falar. Falaba moito, como bo ferrolán, e era un "relator" imparábel. Supoño que foi a finais do 2007 cando empezamos co asunto e xa foi seguido. Todas as tardes adicabamos unha hora ou hora e media ás memorias, Fernando sentado nunha cadeira falando e eu escribindo no ordenador. Así que son

unhas memorias faladas. Isto durou alguns meses, non moitos, porque na primavera do 2008 paramos, unha porque foi cando decidimos trasladarnos a Lancaster e outra porque xusto aí eu rompín un ombro e co brazo en cabestrillo tampouco podía escribir. Logo veu o traslado e xa non se volveron tocar as memorias. Por iso o último capítulo, o da poesía, quedou sen rematar. Para min, o que é cada vez máis evidente é que todos eses anos dos que fala Fernando están sen interpretar. Hai datos, moi descoñecidos pola xente mais nova, e el ofrece unha interpretación coherente, un ¨relato¨ como se di agora".

Outórgaselle o Premio de Tradución da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (hoxe desaparecido) no Día Internacional da Tradución.

2008. O 3 de outubro trasládase a vivir á cidade de Lancaster, no noroeste de Inglaterra.

2009. Premio Castelao da Xunta de Galicia.

2010. Morre en Lancaster o 4 de xaneiro, vítima dunha bronconeumonía.

2011. O día 7 de xaneiro, en Baiona, recibiu unha homenaxe promovida polo IGADI, do que Pérez-Barreiro fora membro do Consello Asesor e importante colaborador das publicacións da entidade. No transcurso do acto interviron Xulio Ríos, Xosé Luís Franco Grande, Francisco Silva Castaño, Nicolás Vidal, Francisco Xosé Fernández Naval e Teresa Barro, que pronunciaron interesantes discursos arredor da figura, obra e significación do homenaxeado.

Coda

I

"Eran tempos (falo dos anos cincuenta) en que en España non se daba importancia aos idiomas estranxeiros. Non se entendían, dende logo, como chave de entrada noutros mundos distintos do hispánico, e nen sequer se consideraban útiles. Eran asignaturas e mais nada. Que alguén soubese idiomas, como Fernando, era insólito, e xa o situaba nun nivel distinto, nun mundo máis aberto a outras posibilidades intelectuais e humanas.

(...)

Fernando tiña paixón polo estudo das línguas, e seguiu estudándoas até os últimos días da sua vida. Rumano non sei se sabería moito, pero, aparte das que falaba adoito no traballo e na vida diaria en Londres, como o francés, o portugués e por suposto o inglés, aprendera ben o grego moderno, o noruegués, tiña un coñecemento profundo do alemán, idioma que o desesperaba e do que dicía que era más difícil que o chinés, e, xa cando andaba polos setenta anos de idade, acometeu o estudo do hebreo coa mesma intensidade con que acometera o do chinés cando andaba polos cincuenta. Na nosa casa sentíase o radio todo o día en alemán, grego, árabe, chinés ou calquer outro idioma. No peto do casaco levaba sempre fichas con frases nos distintos idiomas e, en calquer sitio en que estivese, tirábaas do peto para lles botar unha ollada rápida. As linguas eran para el un xeito de aventurarse por outros países, outras culturas e outras historias...

Creo que Fernando foi un líder intelectual e un poeta, e que eses dous atributos configuraron a súa existencia. Por líder intelectual non entendo que dirixise a outros, senón que nese terreo tomaba a dianteira e non tiña medo a nada, nen sequer a equivocarse. Movíase nos asuntos do intelecto coa facilidade e sinxeleza de quen sabe valorar e calibrar e non deixa que o desvíen da verdade. Pero sospeito que o que facía a Fernando diferente de outros intelectuais era que, escribise ou non poesía, e escribiu moita que non publicou, vivía como un poeta, no nivel que puidéramos chamar heroico e superior da poesía. (...) no que rexen a verdade, a liberdade e o corazón aberto e honrado. Nunca vin a Fernando baixar dese nivel que chamo poético e que está dirixido polo espírito".

["Palabras de Teresa Barro na Homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro Nolla", Baiona, 7 xaneiro 2011].

II

"Brillante en tantos campos, agudo nas súas análises, o maior mérito de Fernando no meu ver, máis aló dese incrible don de linguas, é esa capacidade para penetrar nos problemas e achegar trazos innovadores, facéndoo, en primeiro lugar, dende a autoridade de quen posúe unha ampla bagaxe, pero tamén dende o rexeitamento dos inmobilismos.

O Fernando era capaz de estar en todo e a todo e nunca deixaba de sorprenderte positivamente. Con el, tanto podías falar das peripecias do Viveiro do seu pai ou do Ferrol da súa adolescencia, con aquela referencia mítica da Toca, entre penedos de granito onde contaba cun espazo feito a medida, como de poesía británica ou chinesa, das intrahistorias do galeguismo contemporáneo, en Compostela e lonxe dela, daquel mal invento da terceira vía de Tony Blair ou dos movementos altermundialistas, e de todo sabía con criterio. Inimigo dos dogmas e da parálise, confiaba máis na lección da práctica ca na transcendencia das formulacións librescas como fundamento de novas formas de actuar e de pensar que nos deben conducir a un mundo e a unha sociedade máis humanizada, abandonando nostalxias de tempos pasados e apostando por solucións creativas que deben xurdir da reflexión e do debate democrático. Construtivo a partir do existente, criticaba con elegancia, con tacto extremo, sen ánimo de saldar contas, argumentando sen prexuízos, exaltando o valor da crítica simplemente como oportunidade para mellorar".

["Discurso de Xulio Ríos na Homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro Nolla", Baiona, 7 xaneiro 2011].

II. BIBLIOGRAFÍA E HEMEROGRAFÍA ACTIVA E PASIVA

II. BIBLIOGRAFÍA E HEMEROGRAFÍA ACTIVA E PASIVA

1. Bibliografía activa

1.a) Libros de autoría individual

As autonomías de Escocia e do País de Gales: historia, riscos e oportunidades, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, col. Texturas, nº 1, abril de 1999.

1.b) Colaboracións en libros colectivos

"Vaticinio do teatro galego", en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimento*, Vigo: Galaxia, 1958, pp. 319-323.

"Galician Literature", en *The Penguin Companion to Literature 2 European* (Edite By A. K. Thorlby); Penguin Books Ltd., London, 1969.

"Irlanda e as novas formas da vida internacional", ponencia presentada na *I Conferencia Anual Plácido Castro del Río*, edición do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, Vilagarcía de Arousa: Concello de Vilagarcía de Arousa / Concellería de Cultura, 2000.

"Reflexiones sobre la traducción en el ámbito de las organizaciones internacionales", en: Dorothy Kelly, *La traducción y la interpretación en España hoy*, Granada, 2000.

"Plácido Castro e o problema político de Irlanda", en *Plácido Castro no Centenario*, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, col. Texturas Internacionais, nº 4, 2002, pp. 25-46.

VV. AA., *Galicia, un país no mundo*. [Manifesto conmemorativo do 70 aniversario do recoñecemento internacional de Galicia como unha nacionalidade]. 2003.

Libro branco da acción exterior de Galicia, Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, 2004.

"Treinta y cinco años de traducción en el ámbito de las organizaciones internacionales", en: Esther Monzó e Anabel Borja eds., *La traducción y la interpretación en las relaciones jurídicas internacionales*, nas VII Jornadas de Traducción Jurídica organizadas por el GITRAD, Castellón: Universitat Jaume I, 2005.

"La catarsis lingüística de Macbeth", no *Congreso Festival Shakespeare* (Santa Susanna, Barcelona, 2005). [Conferencia pronunciada o 4 de agosto].

"Plácido Castro e a política británica e irlandesa do seu tempo", nas actas do *Congreso sobre Plácido Castro e o seu tempo (2005. A Coruña e Corcubión)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura e Deporte, 2006, pp. 77-87.

"La Métrica shakesperiana y su adaptación al castellano, catalán, gallego y portugués: algunos ejemplos", nos textos da VI edición do *Seminario Internacional de Tradución e Poética de Rianxo (2005. Rianxo)*, A Coruña: Espiral Maior, 2006, pp. 169-189.

"Making an impact on international relations: A Galician perspective", ponencia das xornadas "A galaxia explicada: cultura galega en diálogo", Centro de Estudos Galegos / Universidade de Stirling, 7-8/VI/2007.

"Anotacións para o entendemento do europeísmo galeguista no decenio de 1950", n'*O europeísmo en Ramón Piñeiro*, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, col. Texturas Internacionais, nº 6, 2009, pp. 51-58.

"Distancia gardada", en *Ramón Piñeiro: Día das Letras Galegas 2009*, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega, edición ao coidado de Antón Santamarina, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2009, pp. 55-74.

1.c) Prólogos, limiares, epílogos

"Prólogo", en Xulio Ríos, *Sempre no Mundo*, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, col. Texturas Internacionais, nº 2, 2001.

"Epílogo desde Londres", en Eduard Punset, *La España impertinente*, Madrid: Espasa-Calpe, 1985.

1.d) Traducións

William Shakespeare. A traxedia de Macbeth, Vigo: Galaxia, 1972.

Flores e leña: Narracións chinesas contemporáneas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982. [Introdución e tradución directa do chinés de Fernando Pérez-Barreiro Nolla].

Lewis Carroll. Alicia no país das marabillas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984. [Introdución, tradución e notas de Fernando Pérez-Barreiro Nolla e Teresa Barro].

Lewis Carroll. Do outro lado do espello e o que Alicia atopou aló, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985. [Introdución, tradución e notas de Fernando Pérez-Barreiro Nolla e Teresa Barro].

Lewis Carroll. As Aventuras de Alicia no país das marabillas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002. [Introdución, tradución e notas de Fernando Pérez-Barreiro Nolla e Teresa Barro].

2. Hemerografía activa (artigos, poemas, estudos e ensaios breves)[1]

N'A Nosa Terra (Vigo)

"Público e privado" (30-1-2003).

"Hutton" (5-2-2004).

"Carta de Londres" (14-7-2005).

1 Temos constancia da publicación, nas páxinas de *La Noche* ou de *El Correo Gallego*, dalgúns artigos sobre unha conferencia de Otero Pedrayo titulada "Viento del Oeste", pronunciada en Ferrol "a finais dos anos 40".

"Teatro no Golfo" (19-4-2007).
"Favores á UE e a Bush na despedida de Blair" (10-5-2007).
"Brown, a Unión Europea e a pobreza" (7-6-2007).
"Voces, bombas e mediacións" (5-7-2007).
"Gordon Brown e o final das vías" (6-9-2007).
"Reclamar a política" (4-10-2007).
"O SNP: seis meses de goberno en minoría e aínda rufo" (1-11-2007).
"Invernía en Londres" (13-12-2007).
"A conversión de Tony Blair ao catolicismo romano" (30-12-2007).
"O remate dun ciclo" (7-2-2008).
"Nunca é tarde?" (6-3-2008).
"Ken 'o roxo' e Boris o de Eton" (3-4-2008).
"A resurrección da cuarta flota en augas de Latinoamérica" (1-5-2008).
"Autonomía e orixinalidade" (28-5-2008).
"A Unión Europea nun futuro de imperios" (3-7-2008).
"O lóxico rexurdir de Rusia" (4-9-2008).
"Mitteleuropa" (2-10-2008).
"Eslavismo e luxocracia" (13-11-2008).
"Mumbai e o control da violencia" (4-12-2008).
"Piratas" (8-1-2009).
"Os prezos da diplomacia" (5-2-2009).
"Europa caórdica" (2-4-2009).
"Patáns insubmisos: a historia se repite" (7-5-2009).
"Aspiracións angolanas" (4-6-2009).
"Paradoxos do petróleo" (2-7-2009).
"A gravitación rusa de Alemaña" (3-9-2009).
"Un golpe baixo do Vaticano" (5-11-2009).
"Inseguridades e certezas rusas" (3-12-2009).

N'***A Trabe de Ouro***. Publicación galega de pensamento crítico (Santiago)

"A cultura, o saber e a guerra no pensamento clásico chinés", nº 72, 2007, pp. 116-123.

En ***Aturuxo***. Revista de Poesía e Crítica (Ferrol)

"Huella", nº 4, 1954, p. [12].
"Poema" e "Soneto", nº 5, 1954, p. [10].
"Mujer en la tarde" e "Tiempo", nº 6, 1955, p. [14].
"*Embriaguez de mi pulso* – Jean Aristeguieta. Colección "Doña Endrina" – Guadalajara", nº 6, 1955, contracuberta.
"Mañana contigo" e "Interior", nº 7/8, 1956, p. [22].
"Album de discos", nº 9, 1958, p. [8].
"Poema", nº 10, p. [7]
"Viaje italiano", nº 11, p. [16].

En ***Babel***, Revue Internationale de la Traduction. (Londres)

"Lu Xun's ideas on 'hard translation'. A historically justified case of literalism", no Vol. 38, nº 2, (1992).

En ***Diario de Ferrol***[2]

"De Obeliscos, cicatrices e heroes" (26-6-2005).
"Ferrol, Míster Mihura e Barrow-in-Furness" (28-8-2005).
"Páxinas do atlas do espírito" (5-3-2006).
"A modernidade do Ferrol de outrora" (14-5-2006).
"Areíñas sen reloxio" (30-7-2006).
"Unha incomodidade creadora" (22-10-2006).
" 'Deseosos' e 'Deseosas' " (24-12-2006).
"A agulla de Cleopatra" (11-3-2007).
"Un reino da noite na Praza de Armas" (22-6-2008).

En ***Enclave***

"¿Terceira vía ou vía morta?" (outubro, 2002).

En ***Grial***[3] (Vigo)

"De Inglaterra", nº 3, 1964, pp. 115-116.
"A traxedia de Macbeth, de W. Shakespeare" (trad.), nº 30, 1970, pp. 435-448.
"Plan pedagóxico galego" (en colaboración con María Teresa Barro, X. Toubes, C. Durán e M. F. Gasalla), nº 32, 1971, pp. 202-210.
"Acenos náufragos: lendo a Manoel Antonio", nº 39, 1973, pp. 93-99.
"Irlanda e as novas formas de vida internacional", nº 146, 2000, pp. 291-304.
"Plácido Castro e o problema político de Irlanda", nº 153, 2002, pp. 117-130.

En ***Igadi Annual Report*** (Baiona)

"Límites da multipolaridade", 2008-2009 (subtitulado "As crises dunha nova xeopolítica global"), p. 28.
"A democracia, entre a virtude e a hipocrisía", 2009-2010 (subtitulado "As bases dun novo atlas mundial"), pp. 28-29.

---

2 A xeira de colaboracións estivo precedida por unha entrevista ao escritor e intelectual realizada por Nicolás Vidal: "O galego ábrenos portas á diversidade e non debemos renunciar a el" (*Diario de Ferrol*, 27-III-2005. Suplemento "Nordesía", pp. 18-19). Todas as colaboracións de Fernando Pérez-Barreiro Nolla neste xornal figuran no suplemento citado, dentro da sección titulada "Enfiando", na páxina 23.
3 Esta xeira de colaboracións remata coa entrevista que lle realizan Xosé Luís Franco Grande e Xulio Ríos ao escritor: "Para ser e crear necesitas independencia: conversa con Fernando Pérez-Barreiro Nolla" (*Grial*, nº 167, 2005, pp. 112-123), reproducida no *Diario de Ferrol* de 7-II-2010.

En ***La Voz de Galicia***[4] (A Coruña)

"Realismo e sentimento na invernía", nº 207, 28 de febreiro, 1985.
"Seamus Heaney, poeta do Ulster", 18 de abril, 1985.
"A crítica de arte abre camiño", nº 225, 11 de xullo, 1985.
"Eureka", nº 232, 29 de agosto, 1985.
"No centenario de D. H. Lawrence, unha escolla para Galicia", nº 235, 19 de setembro, 1985.
"A atracción do budismo", 31 de outubro, 1985.
"El unicornio que ganó un premio literario", nº 352, 4 de febreiro, 1988.
"Adiós a Fleet Street", nº 361, 7 de abril, 1988.

N'***O Ensino*** *(Revista Associaçao Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa)*

"A pedagogia das culturas orientais na escola como innovaçom pedagógica", nº 7-10, 1984.

En ***Portuguese Studies***. Revista publicada polo Departamento de Língua e Literatura Portuguesas, King's College (Londres)

"Which Language for Galicia?", 1990.

En ***Serta***. Revista iberrománica de poesía y pensamiento poético. UNED (Madrid).

"La larga marcha de la poesía china moderna", nº 9, 2007.

En ***Tempo exterior***. Revista semestral de estudos internacionais do IGADI (Baiona)

"Os primeiros pasos dun camiño longo e imprevisible", nº 8, primavera 1999.
"O Prognóstico para 2015 da "Intelligence" dos Estados Unidos", nº 2, 2ª época, xaneiro-xuño, 2001, pp. 117-125.
"Galicia nun mundo de diásporas", nº 5, 2ª época, xuño-decembro, 2002, pp. 5-11.
"Roberto Montoya, "El imperio global: George Bush, de presidente dudosamente elegido a aspirante a César del siglo XXI", prólogo de James Petras, La Esfera de los Libros SL, Madrid 2003, 493 páxinas", nº 6, 2ª época, xaneiro-xuño, 2003.
"Consideración sobre a análise das relacións internacionais" e "O futuro dos lores", nº 7, 2ª época, xullo-decembro, 2003.
"Irlanda e as novas formas da vida internacional: As institucións do proceso de paz", nº 11, 2ª época, xullo-decembro, 2005.
"Da terceira vía á vía morta: arredor de Tony Blair", nº 13, 2ª época, xullo-decembro, 2006.

---

4 Todas as colaboracións de Fernando Pérez-Barreiro Nolla neste xornal figuran no suplemento "Cuaderno de Cultura", coordinado por Arturo Lezcano, dentro da sección titulada "Cartas inglesas".

En ***Tempos Novos***[5]. Revista mensual de información para o debate (Santiago).

"Os Extravíos da terceira vía", nº 46 (marzo, 2001), pp. 40-43.
"¿Como en Irlanda?", nº 50 (xullo, 2001), pp. 34-38.
"Da guerra" e "As Pezas do rompecabezas", nº 53 (outubro, 2001).
"A guerra da normalidade e a normalidade da guerra" e "Guerra quente, guerra fría", nº 54 (novembro, 2001).
"A tentación da apocalipse", nº 58 (marzo, 2002), pp. 58-61.
"Democracia e poderes: a estratexia dos eixos, ou o ben contra o mal", nº 67 (decembro, 2002), pp. 56-59.
"A Balanza de poder: ¿un mal menor?", nº 70 (marzo, 2003), pp. 50-52.
"A Guerra e a crise da seguridade colectiva", nº 71 (abril, 2003), pp. 39-41.
"EEUU-UE: aínda queda a diplomacia", nº 91 (decembro, 2004), pp. 30-34.
"Gañadores e perdedores: crónica desde Londres", nº 97 (xuño, 2005), pp., 56-59.
"Iraq márcalles a hora a Bush e Blair", nº 115 (decembro, 2006), pp. 42-43.
"O maio electoral da Gran Bretaña" nº 121 (xuño, 2007).
"O cambio foi a chave", nº 139 (decembro, 2008), p. 60.

En ***Thames Poetry***. (Londres)

"Rosalía de Castro", vol. 1, nº 2, 1976, pp. 8-26. [Artigo en inglés].

En ***Viceversa***. Revista galega de tradución (Vigo)

"A Transcrición do chinés, notas básicas para un achegamento", nº 2, 1996, pp. 127-151.
"Traducción de textos literarios vs. textos científicos", nº 6, 2001, pp. 105-110.
"A tradución da métrica: prácticas co *Macbeth* de Shakespeare en galego", nº 15, 2009, pp. 13-22.

En ***Vieiros***. Xornal electrónico (Santiago)

"O futuro dos Lores británicos" (14-12-1998).
"Ataque oficial á diáspora galega" (13-3-2006).
"Glasgow East" (27-7-2008).

En ***Vivero: fiestas patronales***

"Vivero en fiestas", 1953.
"Antes que Churchill", 1954.
"O Tolo de Celeiro e o tolo do Pirixel", 1979.

---

5 A xeira de colaboracións estivo precedida por unha entrevista ao escritor realizada por Xulio Ríos e Manuel Mera: "O nacionalismo non é un salvavidas" (*Tempos novos*, nº 33, febreiro, 2000, pp. 58-63).

En ***Xornal de Galicia***. Diario de análise en clave galega (A Coruña).

"As cimeiras irresponsábeis e o terrorismo" (7-7-2005). [Posteriormente publicado en *Galicia Espallada*, 8-7-2005].

3. Hemerografía activa (entrevistas)

En ***Diario de Ferrol***

Nicolás Vidal, "O galego ábrenos portas á diversidade e non debemos renunciar a el", Suplemento "Nordesía", 27-III-2005, pp. 18-19.

En ***Grial*** (Vigo)

Xosé Luís Franco Grande e Xulio Ríos, "Para ser e crear necesitas independencia", nº 167, 2005, pp. 112-123. [Reproducida con posterioridade en *Diario de Ferrol*, 7-2-2010].

En ***Tempos Novos***. Revista mensual de información para o debate (Santiago).

Manuel Mera e Xulio Ríos, "O nacionalismo non é un salvavidas da globalización", febreiro de 2000.

En ***Serta***. Revista iberrománica de poesía y pensamiento poético. UNED (Madrid).

Maghiel van Crevel, "Entrevista con Fernando Pérez-Barreiro Nolla", nº 9, 2007, pp. 131-133.

4. Hemerografía pasiva

En ***A Nosa Terra*** (Vigo)

Vera Ríos Carrillo, "Lembranza de Fernando", 21-1-2010.

En ***Diario de Ferrol***

José Gómez, "Adeus ao último bo e xeneroso", "Nordesía", 7-1-2010, pp. 18-19.

Nicolás Vidal, "Fernando Pérez-Barreiro Nolla ou a Bendición de Babel", 7-1-2010.

Francisco X. Fernández Naval, "Fernando Pérez-Barreiro dende os montes de Cumbria", "Nordesía", 7-2-2010, p. 20.

Francisco X. Fernández Naval, "Carta a Fernando Pérez-Barreiro Nolla", Nordesía, 2-1-2011, p. 45.

En ***El Ideal Gallego*** (A Coruña)

Luís Álvarez Pousa, "Fernando Pérez Barreiro", 8-1-2010.

En ***El País*** (Madrid)

Xosé Manuel Pereiro, "O noso home en Londres", 15-1-2010.

En ***Faro de Vigo***

Xosé Luís Méndez Ferrín, "Fernando Pérez-Barreiro", 15-1-2010. [O mesmo artigo foi publicado ese mesmo día en *La Opinión* (A Coruña)].

En ***Galicia Hoxe*** (Santiago de Compostela)

Craig Patterson, "Adeus a un cabaleiro galego de Londres", 7-1-2010.
Craig Patterson, "Un home de todas as estacións", 13-1-2011.

En ***Heraldo de Vivero***

Emilio Xosé Ínsua, "Na morte de Fernando Pérez-Barreiro Nolla", xaneiro de 2010.

En ***La Noche*** (Santiago de Compostela)

Manuel Fernández Gasalla, "Poetas de *Aturuxo*", Santiago, 28-4-56.

En ***La Voz de Galicia*** (A Coruña)

Xosé Luís Franco Grande, "Fernando Pérez-Barreiro", 11-1-2010.

En ***Tempos Novos***. Revista mensual de información para o debate (Santiago).

Xulio Ríos, "Fernando, nós na diáspora", febreiro de 2010.

En ***Viceversa***. Revista galega de tradución (Universidade de Vigo)

Xulio Ríos, "Trazos da Galicia de Fernando Pérez-Barreiro", xuño de 2010.

En ***Xornal de Galicia***. Diario de análise en clave galega (A Coruña).

Xulio Ríos, "Epílogo para Fernando Pérez-Barreiro Nolla", 12-1-2010.
Xosé Luis R. Pardo, "Lembranza dun amigo", 17-1-2010.
Xulio Ríos, "A contracorrente", 7-1-2011.

III. EPISTOLARIO: CARTAS DE/A RAMÓN PIÑEIRO

III. EPISTOLARIO: CARTAS DE/A RAMÓN PIÑEIRO

a) Cartas de Fernando Pérez-Barreiro Nolla a Ramón Piñeiro

I

A Toca, Santiago do 58

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Querido don Ramón:

Remitíronme a súa carta á Toca, a miña casa da montaña, onde levo xa varios días. Recibín tamén ó seu tempo o tomo-homaxe, e coido que Galaxia sal ben airosa na confrontación de que Vde. fala. Das colaboraciós[1], atopei que eran as máis floxas as que, pra lle decir a verdade, xa sospeitaba que o iban sere: as de Elías e Aranguren. Con todo, paréceme que o libro ten certa unidade de tono, que non poido definir moi ben, pero que é grato ver xurdir encol da figura de don Ramón. Trátase de algo ben distinto da vida inteleitoal da España de hoxe; i-é moito de agradecer tér con que exemprificar o que desexa por contraste co eisistente. As obras dos mestres doutras xeraciós quedan lonxe, i-o "hiatus" aberto nos derradeiros anos –tan sombrizos pra a verdade i-o seu esprito– fanlles perder inevitabremente valor polémico. O "velahí" é definitivo na discusión, i-o Homaxe sirve pra isto que xa non é pequena cousa. Non sabe cánto lle agradezo o haberme dado ocasión de colaborar nil có meu traballo, que logo non me atrevo a lér, por medo á responsabilidade.

Tiven carta do Nogueira, na que me anuncia o envío do remate do seu traballo pra o volumen de Europa. O pior vai ser que non poderei mecanografialo, porque eiquí non teño máquina. Teño tamén na casa un fato de libros que me deixóu pra lle mandar a Vde. Contesteille, e xa veremos cómo resolvemos o traballo, i-entón mandareille todo xunto.

Queríalle escribir tamén a Franco Grande, pero perdín outra vez a súa direición, e supoño ademáis que non estará en Santiago. Agradeceríalle que me dixera a direición que teña agora.

---

1 O tomo aludido é o libro *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1958). O Elías citado é Francisco Elías de Tejada.

Na Toca vivo no meio das nubens que basoiran o Forgoselo, camiño do interior. Ficaréi dous meses niste aillamento, e si cumpro o que me propoño, é posíbele que faiga algo. Papel trouxe.

Saúdos moi cordiales

Fernando Pérez-Barreiro N.
Cartería de La Toca
(Por Ferrol)

II

A Toca, 29 de Santiago do 58

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago.

Querido don Ramón:

Chegáronme con un pouco de retraso a súa carta e mailo libro, porque ista carteiría é nova, e do Ferrol mandáronos a Loira. Tiña moita curiosidade por coñecer o libro de Gordon Craig[2]. Fíxome variar a idea que tiña feito do autor a través da súa influencia no teatro de hoxe, ou millor dito, no do inmediato onte, que foi moita, e non precisamente –paréceme– na direición que nista obra se teoriza. O fondo da súa conceición do drama amósase eiquí diferente abondo do que desenvolveron os seus presuntos seguidores, e cecáis tamén da que íl mesmo deixóu ver nas súas "mises en scéne". Pesia todo o que recolle do esteticismo da época (xa sabe: o inglés que data os ensaios en Florencia, 1911), non é tan "Art for Art's sake" coma nolo fixeron ver.

Estóu a cavilar sobor do que podería se revelar do esprito galego no drama. Coido que, pola primacía da espresión lírica nas nosas letras até hoxe, temos acadado unha visión unilateral do tal esprito. Cecáis o drama –penso no "Vieiro choído"[3]– terá de nos dar a súa faciana dialéitica.

Danme qué pensar tamén algunhas aporías da nosa cultura. Gustaríame, si non lle for molesto, confrontar o seu pensamento encol dilas. Pra crarexalas e crarexarme, trato de as poñer por escrito.

Ficaréi eiquí todo iste mes. Despóis, faréi por ir un par de días a Santiago. Levaríalle entón de grado todo isto no que estóu a traballar, xa desenrolado.

Do Nogueira non volvín a saber. Escribireille hoxe, recramando. Temos discutido moito quén dos dous era o máis preguizoso.

Saúdos

Fernando Pérez-Barreiro Nolla

---

2 **Edward Gordon Craig** (1872-1966). Intelectual inglés, autor de numerosos estudos teatrais. O citado na carta é *On the Art of the Theatre* (1956).

3 Peza teatral de Xosé Luís Franco Grande publicada en 1957 pola Editorial Galaxia.

III

Madrid, 29 Nadal do 58

Querido don Ramón:

Non sei cómo facer pra espricarlle que non estóu morto nin me pasóu cousa mala ningunha no moito tempo que vai pasado dende que lle dín as derradeiras noticias de mín. Supoño que saberá polo Nogueira que levo xa dous meses en Madrid; antes de me vires, tiña pensado ir algúns días a Santiago, pero non fói posible; e dende entón veño deixando de un día pra outro, imperdonablemente, o escribirlle.

A miña "Dramaturxia" estaba xa cáseque rematada en Septiembre, e agora dormita no caixón da miña mesa, porque estóu enviso na oposición. Teño poucos temas preparados e, probablemente, non teréi éisito. O que desexo é que sexa logo o primeiro exercicio, pra saír disto e, de seguro, orientarme por outro camiño. Aínda que faga isto, non perderéi de vista por completo a oposición, porque é a maneira de poder vivir en Galicia; os traballos que me ofrecen son todos de tal índole que me encadearían a Madrid pra toda a vida, o que non me parece un porvir deseable.

A preparación de temas non é un traballo pra homes. Escríbolle ó remate dun día consagrado a iles, e xa non séi nin discurrir nin casi escribir. Menos mal que vivo un pouco millor que fái dous invernos. Estóu na calle dos Caños, xunto á Plaza da Opera, nunha casa particular na que me deixan dúas habitaciós: dormitorio e un despacho fin de siglo, moi cómodo. Herdéi nista instalación a un crego, e déixome tratar de grado como o trataban a íl.

Trátome pouco ca xente, por imperativo oposicional; pero, aínda así, tomei contaito cun rapaz que paréceme moi interesante e fáime lembrar do Nogueira nos seus primeiros tempos filosóficos, pero máis repousado. O que chama a atención, nos dous, é o entusiasmo interior pola verdade. Chámase Pedro Lema, ten vintedóus anos, é de Zás i-está a estudiar aquí Ciencias Naturales. Descubréuno a miña moza, porque escoitábao falar sempre galego, o que nil é perfeitamente natural porque é de familia de campesinos e fálao dende neno. O home estaba aquí soio, a pensar pola súa conta, i-eu voulle dando os medios que podo. Tódolos sábados, despois de cear, vén pola miña casa, e falamos hasta a madrugada. A mín anímame moito, porque niste deserto, dúdase moitas veces de que quede xente así. A mín, que teño inclinación teatral (i. e.: fondamente superficial, valga a paradoxa), fáime moito ben ista xente seria. A íl, supoño que a miña información serviralle tamén pra algo.

Perdone o desorden dista carta, que esprican as circunstancias. E aínda vóume a permitir máis: teño os orixinaes, ou parte diles, dalgunhas notas que redactéi no vrán, na Toca, e das que entón faléille. Éme imposibre poñelas á máquina, pero teño moito interés en coñecer a súa opinión encol dises problemas, e

atrévome a mandarllas tal como están. En realidade, eran guiós ou recordatorios de puntos dos que quería falar con Vde. Moitas das cousas que van en forma asertoria son cuestiós ou problemas.

Da "Dramaturxia" non lle mando nada, porque é moi voluminosa, e tan chea de correiciós que non teño espranza ningunha de que a poida lér. Despóis do fracaso da oposición xa falaremos, e verei de ordeala, mandarlla ou levarlla persoalmente.

Non séi qué me da mandarlle isas notas tan informes e inacabadas, pero xa está decidido.

Desexándolle un fiz Nadal e Aninovo, i-envidiándolle Compostela, fica amarrado ó duro banco seu bó amigo

Fernando
Caños, 7, 3º izqda.
Madrid

IV

Madrid, 18 do marzal do 59

Querido don Ramón:

Aproveito a tardanza do encargado de servir os libros na Biblioteca Nacional, pra aínda que non sexa máis, saudalo –a Vde. e non ó encargado– e contarlle algo da miña vida.

Estou enteiramente mergullado no maelstrom[4] opositorial. Na segunda mitade do mes de maio teréi de predicarlle ó Tribunal. Menos mal que iste programa de Inspectores préstase, si non á improvisación, polo menos ó refreixo de leituras e informaciós que permite, con un pouco de boa sorte, facer incluso unha cousa brilante. Xa veremos.

A vida da relación téñoa reducida ás visitas do Lema os sábados pola noite. Por certo que o home, coa inxenuidade que tanto o caraiteriza, tivo por Bioloxía un fillo e tivo de se casar por Dereito Canónico. A pesar diso sigue traballador, ilusionado i-outimista.

Fixen tamén unha saída pra presentar ó Nogueira no Centro Galego, onde falou sobor do orixe das formas estéticas. Facía tempo que non o escoitaba, e deixóume sorprendido o dominio da espresión que acadóu. Paréceme que fixo un verdadeiro arquetipo de esposición filosófica dita. Deixóume tamén pra o lér o

4 Gran remuíño no mar ou conxunto de correntes e contracorrentes que orixinan enormes e violentas ondas. A palabra aparece nas *Eddas* escandinavas, que falan do fenómeno en termos míticos e aparece tamén en escritores como E. A. Poe e Xulio Verne. Orixinariamente, o *maelstrom* localizouse no arquipélago noruegués de Lofoten, na provincia de Nordland.

seu famoso ensaio sobor de Europa, nunha versión que debe ser a definitiva, porque me encarregóu que lla remitira eu mesmo a Vde. Así o faigo hoxe, por correo aparte, aínda que a il díxenlle que xa o tiña feito. O traballo gústame máis que os seus esbozos previos. Vai adicado a Vde. i-a Carballo Calero.

Eiquí, na Biblioteca, vexo algunha vez ó Ferrín, a voltas cun esamen de Literatura Portuguesa.

Ben contra o meu gusto, teréi de rematar, e consagrarme á Seguridade Social que vexo vir xa cara a mín, en brazos do home do mandilón.

Saúdos.

Fernando Pérez Barreiro Nolla

V

Madrid, I-IV-59

Querido don Ramón:

A malafada do traballo do Nogueira non é nova nin desconocida. Prométolle que, no que eu teña poder sobor disto, o ensaio chegará e sin tardar moito. Outra cousa non está na miña man.

Recibín o "Don Hamlet" que, nefeito, cruzouse ca miña carta anterior. Leíno un pouco á lixeira, pero paréceme un gran adianto dende o punto de vista do linguaxe escénico. Cecáis non se poida decir o mesmo da construición dramática, un pouco coxa, i-abruptamente abreviada. O linguaxe así, é o do gran teatro: ten unha concisión, un crasicismo, unha calidade "increpatoria", digamos, que é xustamente a que o teatro necesita, e que atópase hoxe dun modo eminente en Anouilh, por exempro. Parece como si Cunqueiro tivera sometido a súa prosa a unha ascesis que resultou moi ben. Lástima que se quede corto no desenrolo situacional. É lástima moito máis grande, a maior, que isa linguaxe non se fale nun esceario. É un forte sentimento de frustración o que me da ver o testo sin representar. ¡I-as consecuencias sociáis! O "palco escénico" sempre foi escola de ben falar, e pensa o que supoñería o galego empregado nil. Creo na eficacia, potenciada hastra o inimaxinabre, da comunicación dramática. Paréceme unha tarefa de urxencia máisima e de resultados probablemente espeitaculares pra a concencia galega a do Teatro pleno. Pra quen leva o verme da "realización", a obra escrita déixa unha tristeira impresión de onanismo espritoal. Fái pouco repasaba a historia do "Irish National Theatre". Dúas persoas: Lady Gregory e Yeats, i-ós poucos anos, unha empresa local da un Premio Nobel –ben xusto– i-unha escola de aitores como Barry Fitzgerald, o que logo pasóu ó cine, por exempro. Mesmo autores refraitarios en principio ó nacionalismo, aínda que irlandeses de nacimento, como Moore, síntense renacer na empresa e crean pra ila. Pronto un gran movimento céntrase en torno ó teatro e corre por todo o país. — Traballaríase eiquí nun terreo virxe,

xa que o púbrico aitual está valeiro, pero iso non quér decir que no fondo non teña a eisixencia tan primariamente humán do drama i-o teatro. Outra cousa que ilusiona é que pódese tér a seguridade de que, despóis de unhas poucas representacións, moitos rapaces comezarían a producir pra a escea, có incentivo de poder ver postas nas táboas as súas creacións. En fin, ¿pra que lle vou espricar o que o teatro é unha cultura?

O episodio do Lema foi ben triste, i-os seus temores teñen fundamento abondo e iso que non conoce os detalles. Casóuse por puro sentimento da paternidade, conscente de non lle importar nada a muller, desafiando un inferno conyugal –son as súas palabras– ca espranza de que todo saia ben "poñendo boa vontade". Cazáronno dunha maneira increíble pra quen non o conoza como eu o conozo. Unha chamada teléfónica: "Quero ter un fillo teu", i-a asombrosa resposta: "Bueno". Pra rematar, unha espera dunha semana pra agardar as condicións máis favorables... Fomos padriños Lili e máis eu, porque íl non ten outros amigos que nós, e dous polacos que fixeron todo o púbrico da ceremonia, nunha eirexa dos suburbios. — Naturalmente, a vida que tan ben trazada tiña e que respondía a unha vocación diáfana, compricóuselle todo o que pode supoñer. Nembargantes, eu non o desaconselléi, como nun principio penséi facer, porque pra íl non cabía outra solución. O non casarse feriríao nunha capa moito máis fonda da súa persoalidade ética e incapacitaríao máis pra o traballo. Do xeito que fái, a vida pónselle menos doada, pro íl consérvase. Polo de agora, así vái sendo e, aínda que é pouco tempo, non creo que varíe. Do que non cabe duda é de que fói unha desgracia, da que non podemos aínda fixar as consecuencias.

Aínda non séi data nin tribunal das miñas oposiciós. Non deixaréi de comunicarllo. Pódese figurar o que sería trunfar nilas, i-así afórrame de poñer por escrito o que ando a cavilar todo o día.

Lili está istes días na Cruña. O Nogueira e máis eu pasamos eiquí a Semana Santa, "depaysés" no meio das procesións. Tiven que escoitar as conseguintes refreisiós encol do culto esterno, nada favorables por certo. O home quería ir a Atocha, a unha cita, i-atopaba tódolos camiños cortados polos desfiles. Cada corte, unha refreisión sobor do clericalismo. Nun diles, dixo non séi qué das "interferencias máxicas".

Iréi rematando, porque nista condición disminuída e Deus queira que transitoria, hai que ser avaro do tempo.

Saúdos

Fernando Pérez Barreiro

P. S. Falóume, cando estivo eiquí, dunha tradución da "Antígona". ¿Qué hai diso? A laboura é interesante; cáseque tanto, polo momento, como a creación. ¿Quén está a facela? ¿Non poderían facer coila siquera unha leitura?

[Sinatura ilexible]

VI

61, Elm Park
Stanmore (Middx.)
12.2.64

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu benquerido amigo:

Non séi cómo fái pra tér sempre a grande virtude do tentador: batir xusto coas preocupaciós dun e cós seus desexos. ¡Virme agora con Shakespeare! Vóulle decir o que se me ocurre pra conmemorar o catrocentos aniversario. Non séi si será ousadía ou tolemia, pero o úneco que acái é traducir, pubricar e lér ou representar un dos dramas de Shakespeare. E como xa de facer as cousas, facelas ben, terá de ser un dos grandes, unha traxedia. Eís por qué, 'con temor e tremor', póñome a traducir o "MACBETH".

A tarefa pon medo. Require, dende crítica textual até un esforzo métrico condenado. Pola banda da 'scholarship' shakespeariana, conto eiquí con bós istromentos de traballo. Non tanto pola banda do galego, pois vínme sin un mal diccionario nin libros, por mór das compricaciós do equipaxe. Si me poidera axudar nisto, sería unha boa colaboración, i-espero poder tamén consultar por carta algúns puntos. Hai, por exempro, moitas ocasiós en que viría moi ben, nunha obra dista envergadura, introducir determinados localismos que merezan a pena pra nomear cousas moi concretas, ouxetos, mobiliario, prantas, etc... Penso tamén cambear impresiós có Franco Grande. É unha responsabilidade tan pesada que síntome obrigado e autorizado a pedir axuda.

Non teño moito vagar, pero polo demáis as condiciós de traballo son moi boas, e si non as aproveito agora, cecáis non volte a télas semellantes. Paréceme que non lle teño dito que estóu tratando de facerme cun grado de 'Master of Arts' na Universidade de Londres. Despóis de varios sondeos –Popper, etc.–, botéi o rezón no King's College, onde ademitiranme unha tesis de Literatura Española no Seminario do Prof. Parker. Como non son Licenciado na especialidade, teréi de pasar un eisamen calificador, no que teño que amosar un conocimento lingüístico e literario equivalente ó dun B. A. en Literatura Española. Estóuno preparándoo. Antre isto, o traballo da BBC i-a traduición, xa teño pano cortado..

Voltando a Shakespeare. As posibilidades de representación parécenme moi remotas. Xa me dirá con qué xente se conta ahí, pois non teño ideia de cómo están as aitividades teatrales en Santiago. Á vista diso, poderíamos discutilo. Nós contamos ir ahí nas vacaciós de vrán, cecáis polo Apostol.

A data depende, en parte, de cándo sexan eiquí as elecciós.

Da importancia que lle dóu a iste Shakespeare en galego non lle hei decir nada, porque ben se decata. E dos probremas concretos, conto írlle falando pouco a pouco.

Penso que non daréi rematado o traballo antes de fináis do Outono. Iso, xa con moito outimismo.

Xa me dirá qué pensa de todo isto. Si o atopa ben, meteume en bon enguedello...

Saúdos de Lily. Unha aperta

Fernando

VII

61, Elm Park
Stanmore (Middx.)
7.4.64

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu benquerido amigo:

Dentro duns poucos días espero que poderéi mandarlle o pirmeiro acto do 'Macbeth', en versión provisional e pr'o seu escrusivo uso informativo, e demanda de opinión. A dificultade de mantér a forma métrica é terrible, pero semállame que hai que facelo eisí, pra gardar a intensidade tráxica do testo.

Teño que aproveitar moito o tempo, porque no outono comezaréi oficialmente a traballar pr'o M. A.

Despóis de moitos cámbeos de impresiós i-axustes, o meu 'tutor' é agora unha 'tutora': Rita Hamilton. Andamos a recoller material pra ir centrando o tema de tesis, que será sobor da toponimia galega. ¿Ten lido o libro do Baldinger[5] que pubricou Gredos, encol da formación das língoas peninsulares? Estámos a discutilo ista tempada. A Profesora Hamilton é unha boa medievalista, namorada de Compostela. Cando concretemos o tema da tesis, xa lle diréi cál é; pero póidolle adiantar que os problemas do sustrato andarán nil.

Xa ve que non teño moito vagar. Ademáis, como o meu grado non é filolóxico, antes de presentar a tesis teño que pasar unha "qualifying examination" en gramática histórica, literatura medieval española e tradución do español ó inglés. Esto será o vrán do ano que vén. Diste xeito, teréi o tídoo ó mesmo tempo que remate o meu contrato coa BBC. Despóis, xa veremos o que pasa. A través do King's College podería ter un leitorado eiquí ou noutro país da Commonwealth. A

5 O libro aludido por Piñeiro é *La formación de los dominios lingüísticos en la Península Ibérica*, Madrid: Gredos, 1958. Biblioteca Románica Hispánica. Tradución de Emilio Lledó e Montserrat Macau.

cousa gustaríame, pero é irse vencellando moito a iste mundo, i-alonxando a volta á terra, onde, por outra banda, cada vez vexo menos o que podería facer, según están as cousas.

Paréceme que xa lle teño dito que, en Xulio, iremos a Galicia e, naturalmente, a Santiago.

Recebimos o GRIAL i-o libro do Lugrís, a quen, por certo, débolle carta.

Do libro coñecía unha pirmeira versión, máis corta. Tal como agora está, é un estudo ben feito e coido que xusto. Si Lugrís remata a "Historia do Galeguismo", será un feito importante.

Saúdos de Mª Teresa i-unha forte aperta

Fernando

VIII

61, Elm Park
Stanmore
2.6.64

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu benquerido amigo:

Ahí vai o primeiro aito do MACBETH. Dende que llo anunciéi, metéuseme no medio unha disas routadas de traballo que tén a BBC de cando en cando (non moitas veces, é verdade), e non me deixóu rematar as copias. A versión non ten caráiter definitivo, e gustaríame conocer a súa opinión. Máis que pedirlla en cada problema concreto, parecéume millor ir polo menos acto por acto. Xa na primeira escea verá que califico ás "witches" de "bruxas". Paréceme o que millor responde á esencia distos seres que, dende logo, non son meigas, pois fáltalles o componente humán. Son o que o mesmo Shk. chámalles despóis: as Irmás Fadales.

En fin, xa me dirá o que lle parece todo. Quixen facer unhas sutilezas métricas, e non séi si o resultado non será confuso. Traducindo o MACBETH, teño sempre presente o que dixo o autor dunha versión francesa: "La traduction qui est ici donnée n'est guère coulante. Elle est plutôt heurtée et rugueuse. Elle a vissé ainsi parfois des obscurités relatives. Elle a visé aussi à être me image plus fidèle de son original". Tén razón: eisí é o MACBETH.

Lily escribeu isas notas do período preelectoral. Ila dí que as atopa demasiado frívolas e xornalísticas pra o GRIAL; pero eu penso que como "notas" poderían servir.

Xa falta pouco pra as vacaciós, Lily e maila nena iránse o 25 diste mes, pra télas un pouco máis longas. Eu saliréi ó final de Xulio, pra pasar na terra o mes de Agosto. Xa estóu a contar os días.

Moitos saúdos de Lily, unha forte aperta de

Fernando Pérez-Barreiro

IX

3.8.64

Querido don Ramón:

Cheguéi antonte. O Sindicato dos Carteiros non me deixóu contestarlle ó seu tempo. Recibín a súa carta, coas indicaciós, que atopéi moi atinadas.

Temos pensado ir a Santiago o viernes, día 7, e queremos saber si vái estar ahí ise día. Si non, digánolo, e deixarémolo pra máis adiante.

Lembranzas de Lily; unha aperta

Fernando

X

36, Oslo Court
Prince Albert Road
London, N. W. 8
20.7.68

Benqueridos amigos:

¡O noso gozo nun pozo! Xa nos tíñamos afeito á ideia da visita a Londres cada vrán ¡Qué se lle ha de facer! Pero sentímolo ben.

A historia do Lugrís i a TVE foi moi curiosa. Voltóu de Madrid có nomeamento e cun axudante. O axudante era un rapacete, produto típico de Prado del Rey, que viña medio engañado, pois tíñalle dito que as cousas de televisión íbaas facer todas él, xa que o Lugrís non entendía diso (Sancho, que facíase moi amigo de Moncho, traballóu canto puido en Madrid pra que non lle deran o posto). Total, as cousas empezaron a ir mal i-o Lugrís que, prudentemente aínda non dimitira da OIC, dimitéu da Radiodifusión. O Director Xeral chamóuno moi sorprendido, e non pasóu máis. Eu, aínda que de momento quedéime sin "o Café", alegréime por Moncho i aconsexéille que fixera o que fixo, sobre todo cando recibeu as credenciás pra asistir –representando ó Ministerio– ás conversacións de Wilton Park, nas que íbase a discutir a censura i-outros temas referentes á liberdade de información. Asustóuse e non me estraña.

Así ficaron as cousas. Pero agora vén a segunda parte: "Forum World Features", unha axencia de prensa con capital americano que dirixe eiquí Brian Crozier, vái montar un servicio para América do Sur, e Moncho vái ser o Director do Servicio. Así que agora si que dimitéu, aínda que non deixaría a Organización hastra dentro de un par de meses. En Outubre voltaría a América e pensa botar por aló outros dous meses á percura de clientes e colaboradores no periodismo daquilas terras. O servicio mandarálles seis artigos á semán. Il está moi ledo ... e

"no Café" queda a vacante. Si chegan e danme o posto, como é probable, iréime pra aló, polo que xa temos falado tantas veces. Na BBC temos novo xefe e, dende logo, quédanme as portas abertas pra colaborar. De momento, e unha vez máis, deixo a un lado ao ensino, non sin certa pesadume pero fiando moito na vida como vén, e disposto a sacar proveito do relativo lecer do "Café". Gracias pola oferta de tantear o terreo ahí, cousa que, de un xeito moi xeral, interésame aínda, igoal que interesóume e sirvéume a pintura do mundo académico que me fixo o vrán pasado.

Faléi en galego polos micrófonos da BBC. Non é que teñan resucitado a emisión galega, non. Foi no Servicio Portugués. Un ouvinte do Porto preguntóu pola compatibilidade dos movimentos cara á formación de conxuntos supranacionáis i-o rexurdir dos nacionalismos británicos e ibéricos. O meu amigo Manuel de Seabra invitóume a tomar parte na discusión –o programa chámase "Mesa Redonda"–, falando en galego e có nome de Fernando Barreiro. A cousa tuvo éxito. Os ouvintes comezaron a escribir preguntando o qué pensaba o Fernando Barreiro disto e do outro, por exempro da unidade cultural galaico-lusa-brasileira. Pra isto trouxemos á discusión a un poeta, Helder Macedo, que estivo moi ben, e rematamos nunha nota de outimismo que tivo eco tamén nos ouvintes. I as "Mesas Redondas" siguen. Todo isto fíxome pensar moito, i-agora sí que sinto aínda máis que non poidamos ter unha conversa londinense da que estóu seguro que sacaría proveito. Repaséi todo o pensamento galeguista e non atopo que se teña insistido abondo na ventaxa de tér disponible ise ámbito cultural. Xa séi que tense dito, xa séi o que tén feito o Rodrígues Lapa, i-os artigos en Grial sobre escritores portugueses e brasileiros, i-o coloquio de fái dous anos en Harvard e Columbia. Pero dóime confesar que lín por primeira vez as novelas do Camilo e do Eça en castelán. E que o Seabra i-o Macedo falaban, acusándose a sí mesmos, de descoñecemento en Portugal, entre os novos, da literatura galega. Todo isto, repito, fíxome pensar, e paréceme que vóu a escribir algo por si lle parece que sirve para Grial. Pero antes quero saber cál é a súa opinión. ¿Non sería posible fomentar as relaciós no terreo práctico, aproveitar o interés que demostran istes ouvintes da BBC, facer circular libros? O Seabra está disposto a publicar no "Diario de Noticias", do que é crítico, artigos encol de calquer libro galego que eu lle indique. El foi quen traduxo e deu a conocer a literatura catalana en Portugal e discúlpase de non telo feito coa galega.

Penso e penso ¿Non sofriremos de "desprezo do inmediato"? ¿Non deberíamos facer soar a nosa voz, distinta, nosa, como a dos poetas de Cabo Verde, nun ámbito de millóns? ¿Non poderíamos fortalecer a nosa presenza cultural así, de xeito que a defensa contra da uniformización castelán sería máis doada? Penso que non hai por qué temer un "aportuguesamento": nun mundo no que entre o Brasil, a literatura ou as literaturas i-as culturas terán de ser rexionalistas á forza. Mais, cara ao esterior, ¡qué grande forza!

Insisto: ista é unha das veces que máis sinto o aillamento en Londres, e pídolle remedio epistolar.

Lily, despois de lér todas as novelas que hai, semella que anda a escribir unha de seu. Eu teño un feixe de estrofas dun poema narrativo –non diréi que épico–: "Londres, poema longo". Nil o narrador atopa a Rosalía na beira do lago de Regent's Park, nun dos Cantos, e fala coila. Vai e vén por Londres, pensa, soña e ten encontros varios. ¡Lástima non pasear xuntos iste vrán por Londres, poema longo!

Fai tempo que non chegaba a tres páxinas nunha carta. Apertas moi garimosas pra os dous

Fernando

XI

50, Ashworth Mansions
Grantully Road
London, W. 9
14.5.70

Meu benquerido amigo Ramón:

O Xefe da Sección Española e Portuguesa da BBC, George Scott, vai a pasar por Galicia, camiño de Portugal, a primeiros de Xunio. Interésalle moito enterarse das cousas de ahí e facer contactos, e pidéume que o axudara. Dinlle, naturalmente, a súa dirección. Estará na Cruña o día 6, en Santiago o 7 i en Vigo o 8, pero está disposto a variar no que cabe isas datas, quedándose, por exemplo, algo máis en Santiago si fose necesario. Agora espera que lle concretemos a entrevista, así que dígame cáles son os seus planes para isas datas, i eu poñeréime de acordo con él. O Scott é home aínda novo, liberal e ben disposto.

Os do "Facho" mandáronnos dous cuestionarios da enquisa do "Ideal", un pra Lily i outro pra mín. Contestámoslles onte.

O "Macbeth" está sometido a revisión. Si non me pesa moito a hipercrítica nin o medo de non ser xusto có Shakespeare, mandaréino axiña. Agora estóu facendo unha serie de charlas críticas sobor da novela británica contemporánea, que radia a BBC cada quince días. Xa fixen outra de dez charlas sobre poetas ingleses da misma época (a partir da guerra). Si teño vagar, podería escribilas en galego, un pouco ampliadas, pois as esixencias da radio fannas moi cortas, e quizá servisen pra o "Grial". Ise plan e algúns outros dependen da decisión que tome có da tesis; pero diso xa lle falaréi noutra ocasión, porque é cousa complicada e cuasi psiquiátrica.

Unha forte aperta

Fernando

XII

INTERNATIONAL COFFEE ORGANIZATION
ORGANIZACION INTERNACIONAL DEL CAFE
ORGANIZAÇÃO INTERNACIONAL DO CAFÉ
ORGANISATION INTERNATIONALE DU CAFE

22 Berners Street,
London, w1p 4dd, England

Telephone: 580-8595
Cable address: intercafe

2/11/70

Sr. D. Ramón Piñeiro
Xelmírez, 15
Santiago de Compostela

Benquerido Ramón: Aledóume ben que lle teña gustado a traducción do "Macbeth". Eu tiña, e aínda teño, naturalmente, as miñas dudas, moi comenentes tamén pra a preguiza. Paréceme moi ben a idea de publicar un ato no "Grial" e coido que o primeiro sería o máis axeitado pra iso. Mándolle as páxinas 22 é 32, que faltaban no orixinal que lle deixéi ao Beiras no vrán e que completan ise ato. Dentro de tres ou catro días –prometo que non serán mais– mandareille outros "complementos" e modificacións do resto.

Lily está traballando moito no Plan de Ensino i eu axúdolle o que podo. Paréceme que vai moi ben orientada no fundamental e con unha boa dose de pragmatismo anglosaxón que lle daría eficacia a pouco que todos poñemos da nosa parte o esforzo que isa tarefa merece.

Unha forte aperta

Fernando

XIII

50, Ashworth Mansions
Elgin Avenue
London, N. W. 9

Queridos Isabel e Ramón:

Cambio de plans, ningún. O único é que xa tíñamos un pouco perdida a espranza de velos no Nadal, e a sorpresa aledóunos aínda máis. Veñan o antes que poidan e dispoñan das datas a vontade, porque non vamos ter na casa a ninguén máis. Agardamos noticias de cómo e cándo é a chegada. Agora vivimos máis perto do centro, sin lume nin lareira, pero con outras ventaxas.

Na OIC tivemos unha reunión do Conselho moi complicada e traballosa, e levo tres noites sin dormir. Esperamos que termine hoxe e que sexa con ben. Istas crises son xa normáis, pero a Organización vainas sobrevivindo, afortunadamente.

Gustaríame facer o comentario de Manuel Antonio[6]. Xa falaremos disto e doutras cousas, gracias a iste regalo dun Nadal en compaña.

Apertas moi fortes.

Fernando

XIV

50, Ashworth Mansions
Elgin Avenue
London, W. 9
24 de xaneiro de 1973

Queridos Isabel e Ramón:

Moito nos aleda saber que os días de Londres deixáronlles boa lembranza. Tamén a nós, e ás nenas, que rexistran moi ben a atmósfera dos sentimentos. Oxalá pódase repetir axiña a ocasión.

Ahí van esas notas encol de Manoel-Antonio, comprindo a promesa de envialas antes do fin de mes. Son un pouco cortas e desordenadas; por eso as presento como notas de lectura, que é o que de verdade son. Coa lectura sigo e paréceme que seguiréi por moito tempo, porque é das que nutren.

É posible que non tarde moito en mandarlle algo sobre os poetas ingleses. Teño que ordear ideas e materiás, aparte do básico das charlas da B. B. C.

Palamás tamén agarda o seu turno. O bó é que, por ser traballo antolóxico, pódese entremediar con outros. O dos poetas ingleses, aínda que gustaríame concebilo e facelo coma un libro, podería ir saíndo "por entregas" no "GRIAL", si lle parece.

Si non se presentan atrancos, iremos por ahí arredor do 10 de abril, pra pasar o resto do mes e a primeira semana de maio en Galicia. Levaremos "o coche novo de Lily", así que vái ser fácil vernos. Todo isto, claro, si a O. I. C. non muda de opinión.

Apertas dos cinco para os dous

Fernando Pérez Barreiro

6 Esta primeira referencia ó escritor de Rianxo fai lóxica á datación desta carta como anterior á que logo seguirá, na que vemos unha segunda referencia a Manuel Antonio.

XV

50, Ashworth Mansions
Elgin Avenue
London, W. 9
30.10.77

Querido Ramón:

Aledáronnos moito as noticias do José. O problema sigue preocupándonos, como é natural que nos ocurra a todos, e estas raiolas de melloría, por moi prudentemente que se xuzguen, son sempre motivo de alegría. El tende, como é natural, a comunicar só os aspectos máis negativos e por eso son tan de agradecer estes outros elementos de xuizo.

A odisea médica dos Bodaño rematóu, despóis do regreso deles, coa chegada dese informe médico que acompaño para facerllo chegar, xa que non teño o seu enderezo certo. Tiveron unha boa experencia do National Health Service, que supoño se completará con este "detalle" de Mr. Russell. Mrs. García Aurora é Aurichu, claro.

A ver si é certo o da autonomía. Teño o convencimento de que pode saír ben e servir –nunha perspectiva longa e nada fácil– aos intereses nacionais de Galicia. Pode ser a proba da hora política e sería lástima perdela. Sempre me parecéu importante no caso concreto da nosa autonomía ver de qué man chegaba (pensando en quen podería arrincala ou facer bandeira de arrincala no futuro). E si chega desa man –polos motivos que sexa– tal vez arraigue e non se murche ou a seguen á primeira viraxe dos ventos da política cotián. Oxalá.

Unha aperta moi forte

Fernando

b) Cartas de Ramón Piñeiro a Fernando Pérez-Barreiro Nolla

1

Compostela, 26-VI-63

Sr. D. Fernando Pérez Barreiro Nolla
CORUÑA.

Benquerido Fernando:

Ó cabo non tivemos ocasión de falar o dia da boda do gran Nogueira. Como non te vin pola noite figúrome que terías ocasión pra voltar nalgún coche coruñés.

Eu pensaba, ademáis de te felicitar polo traslado a Londres, que acai ás tuas arelas, informarte de que, ó cabo, autorizáronnos a reanudar a publicación do GRIAL. Mais, como sempre poñen algún incomenente, niste caso puñeron o da rápida caducidade do permiso: tres meses a partir da data da autorización. Eso obríganos a sacar rápidamente o primeiro número, que consolidará o permiso. Tiña mentes de che pedir que nos fixeras un traballo, ben sobor do teatro ben sobre o que ti queiras. A todos nos gustaría, i a min moi especialmente, que iste primeiro número levase un traballo teu. Si podes darnos esa alegría agradecerémoscho moito.

Penso ir dentro de pouco ahí pra falar co Raimundo Patiño, un xoven artista galego que traballa en Madrid i está agora de vacaciós. Farei por te ver e botaremos unha parrafada. Entramentres, si tes vagar, non deixes de pensar no GRIAL e de preparar algo.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón

2

Compostela, 21-IX-63
Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla
LONDRES.

Benquerido Fernando:

Non sei si xa estarás ben asentado ahí nesa enorme cidade e ben axeitado a ise novo traballo. Confiando na tua gran elasticidade espritoal, confío que ambas dificultás estarán xa práiticamente vencidas

Como é natural, de ningún xeito queremos que esa separación xeográfica leve consigo un arredamento espritoal. Agora máis que nunca precisamos da tua colaboración cultural, pois acabamos de sacar de novo o GRIAL. Xa está na rua o primeiro número –mandareicho– e temos que dispoñer axiña o segundo. Non se pode abandoar o campo á irresponsabilidade e máis ó gamberrismo inteleitual do

xornalismo que se estila por eiquí, e tamén, por desgracia, noutros países, inda que, de todolos xeitos, con notoria diferencia de nivel. Poisque conquerimos ter un órgano cultural noso, temos que facer dil algo vivo e serio. Entre os que mellor poden contribuir a que eso seña realidade estás ti. Por eso requerimos a tua colaboración.

Convíñanos aquil traballo encol do teatro galego de que xa tiñamos falado na Coruña antes da tua partida pra Inglaterra. E tamén algunha nota sobre algún libro, algún autor ou algún acontecemento cultural importante de por ahí que coides interesante dalo a conocer na nosa revista. Agardamos a tua colaboración.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

3

GRIAL
Revista galega de cultura
Reconquista, 1 – Teléfono 18204
Vigo

Compostela, 9-XII-63

Benquerido Fernando:

Mándoche o nº 2 do GRIAL, que nistes dias se poñerá en circulación. Confiamos en que seguirá saíndo regularmente sin atrancos e agardamos que poderá facer un bó labor cultural, redimindo o noso ambiente da superficialidade xornalística, que boa falta lle fai.

Non deixes de nos enviar colaboración tua, pois queremos contar coela. Independentemente dos ensaios que nos mandes, por exemplo sobre o teatro galego i os seus problemas, ou sobre o teatro inglés contemporáneo, ou sobre outra cousa semellante, podes enviarnos algunhas notas breves sobre temas culturás de aitualidade. Por exemplo ¿por qué non nos envías pra o nº 3 unha nota sobre a exposición de Goya ahí en Londres i o seu "impacto" no ambiente cultural inglés?

Hoxe inaugúrase en Lugo unha exposición bibliográfica galega en conmemoración do centenario dos "Cantares Gallegos" rosaliáns.

Os universitarios diron unha simpática batalla en favor do noso teatro, pois produciulles gran indiñación o feito de que o SEU convocara un concurso nacional de teatro prás lenguas castellana e catalana, prescindindo da galega. Fixeron un escrito de protesta –certamente enérxico– con centos e centos de firmas. E logo decidiron facer iles unha suscrición pra convocaren un premio de teatro galego o Dia das Letras Galegas. Tiveron gran éisito.

En agarda dos teus traballos envíache unha forte e cordial aperta o teu amigo certo

Ramón Piñeiro

4

Compostela, 27-I-64

Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla
Stanmore (Middlerex)

Benquerido Fernando:

A tua carta tróuxome unha grande alegría, tanto por saber que estades os tres xuntos, ledos e felices, como polo anuncio que me facía da doble colaboración. Podédesme crer que me alegrei moi de veras.

Hoxe chegáronme as anunciadas colaboraciós, que lín con verdadeiro gozo e que nos veñen moi ben pra o número 3 do GRIAL, que xa está no forno. Moi finas e sotís esas impresiós británicas que refrexas nas tuas notas. O comentario de Teresa[7] a James[8] é moi agudo e preciso. Certamente que acredita unha intelixencia moi lúcida e teño a espranza de que a sua incorporación á nosa vida cultural sería un dos méritos máis importantes do GRIAL. Tanto tí coma ela tedes que estar culturalmente presentes en Galicia. Entre todos temos que lle dar un pulo decisivo ó rexurdir espritoal do noso país.

Mandareivos o libro do Lugrís encol do Vicente Risco. Por pedido do autor, eu fíxenlle un breve prólogo tratando de situar a figura de Risco dentro da evolución do galeguismo. A pesar de que o fixen con benévola ouxetividade, armouse un rebumbio fenomenal. Xa saíron varios artigos –eso sí, firmados con seudónimo– acusándome de rencoroso, fanático, sectario, etc. etc. ¡Que pasional é a xente!

Dias antes do Nadal tiven que facer un viaxe a Francia. De boa gana me tería achegado a Londres pra ver a exposición de Goya. Lembreime varias veces, pro non puido ser.

Vexo con frecuencia ó gran Nogueira e sempre falamos de vós. Traballa moito cos tolos, pro tamén traballa nun libro encol de "O sentimento i a condición humana".

Moitos saúdos a Mª Teresa. Pra tí unha forte e cordial aperta de

Ramón

---

7 **María Teresa Barro Muñoz-Ortiz** (A Coruña, 1936). Dona de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Estudou os cursos comúns de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, onde comezou a Licenciatura de Historia. Posteriormente, en Madrid, fixo a carreira de Pedagoxía. Traballou no ámbito do teatro e militou no feminismo. Fixo colaboracións en revistas como *Grial*, *Encrucillada* e *Festa da palabra silenciada*. Autora de diferentes traballos sobre Rosalía, publicou en 1981 *Cartas a Rosalía* e, en 1983, o ensaio *Introducción á Astroloxía*.

8 **Henry James** (Nova York, 1843 – Londres, 1916). Importante novelista anglo-norteamericano.

5

Compostela, 3-II-64

Benquerido Fernando:

Onte merquei o "Faro" por mor da páxina literaria dominical –en xeral, mellor que a da "Voz de Galicia"– e traguía esta nota adicada ó catrocentos aniversario do nacemento de Shakespeare. Coido que debe estar feita polo Cunqueiro. Certamente, a idea de que se faga con tal motivo algunha leitura –xa que non representación– de Shakespeare en galego semella moi atinada. Aínda estaría ben editar algunha obra. Lendo esta nota, lembreime de tí de contado, pois ó cabo eres un dos nosos espritos máis calificados na comprensión e valoración do feito teatral ¿Qué opinas tí? ¿Qué che se ocurre?

Saúdos a Lily. Pra tí unha forte e cordial aperta de

Ramón

6

Compostela, 15-V-64

Benquerido Fernando:

¡Qué alegria me trouxo a tua carta! Por eiquí andan os rapaces a rebulir preparando o Dia das Letras Galegas, que é, como sabes, o 17, pro eu xa o celebro íntimamente por anticipado ca noticia de que xa tes en galego o primeiro aito do "Macbeth". Debezo por lelo. Pra celebrar esta noticia e pra que poidas amolecer as horas de vagar con orballo galaico mándoche hoxe por correo o novo libro do Cunqueiro "Tesouros vellos e novos". Trátase do seu discurso de ingreso na Academia Galega.

O 17 fallarase o Concurso de Teatro Galego convocado polos universitarios. Presentáronse oito pezas. No xurado están Carballo, Celestino, Cunqueiro, del Riego e algún outro que non conozo.

Alegrámonos moito da confirmación do voso viaxe á Terra en xullo. Aproveitaremos pra falar longamente de moitas cousas. Entre elas da tua tesis, que vai resultar ben interesante por certo a xuzgar polos problemas que abrangue.

Non me estrevo a che pedir nada pra o GRIAL dado o agobio de traballo a que estás sometido. De todolos xeitos, si nalgún intre de vagar che se ocurre facer algo xa sabes que sería moi ben recibido.

Ora, Mª Teresa sí que pode facernos cousas pra o GRIAL, porque sempre terá algo de máis folgura de tempo ó non estar sometida a horarios extra-domésticos. Claro que o goberno da casa e da familia xa é unha ocupación importante,

pero eu coido que, si quer, poderá aforrar algún bocadiño de tempo pra o noso GRIAL ¿Quererá?

O Nogueira conta con ser pai nesta semana. Están moi ben. No agosto pensa ir ahí a un Congreso de Psiquiatría.

Saúdos nosos a Mª Teresa. Pra tí unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

7

Compostela, 2-VI-64

Benqueridos amigos:

Nistes dias recibiredes o número 4 do GRIAL, que quedou bastante ben. Agora comenzamos xa a dispoñer o número 5. Gostaríame moito, moito, que levase algunha colaboración vosa. Si pode ser, non deixedes de ma mandar. Temos que manter un bó nivel na nosa revista cultural e pra eso compre contar coa colaboración dos máis capacitados. Por eso acudimos a vós, que formades parte dise núcleo escolleito.

O Manolo Vidán[9] comenzou a publicar na "Noite" a tradución galega dos Evanxelios. Gómez Ledo[10] acaba de publicar a tradución galega das "Georgicas" de Virxilio. O Lugrís prepara a tradución dunha obra[11] de Raymond Aron. García-Sabell traduce unha obra de Spranger[12]. Isidoro Millán, o "Asesinato na Catedral" de Elliot. Xa ves que o "teu" Macbeth terá compaña.

Unha forte e cordial aperta do voso amigo

Ramón

9 **Manuel Vidán Torreira** (Santiago de Compostela, 1924). Licenciado en Dereito e Filosofía pola Universidade compostelá. Promotor da lingua galega na liturxia católica. Foi Director Xeral de Cultura e membro da Comisión de Lingüística e Toponimia da Xunta de Galicia. Colaborador cos seus artigos en *Ínsula*, *La Noche* e *La Voz de Galicia*. Tradutor do *Cantar dos cantares* (1963), *Mito de Espenuca* (1965) de Platón, *A Apocalipse* (1966) e do *Misal galego* (1968).

10 *O libro das Xeórxicas*, (1964).

11 Que saibamos, tal obra non chegou a publicarse.

12 **E. F. E. Spranger** (Berlín, 1882 – Tübingen, 1963). Filósofo, psicólogo e pedagogo. A obra á que Piñeiro se refire ten que ser *Menschenleben und Menchsheitsfragen*, en galego "A vida humana é a cuestión da humanidade". O mesmo García-Sabell publicara un "Esquema de Spranger" nas páxinas de *Grial* (nº 4, 1966).

8

Compostela, 31-VIII-64

Benquerido Fernando:

Os nosos plans de permanencia en Asturias sufriron grandes alteraciós e non puidemos, como era a nosa idea, vervos de novo na Cruña antes da vosa volta a Britania. Sentino ben.

Pra que non te esquezas do teu compromiso shakespirián e non deixes de aproveitar iste respiro setembrino mentres non comenzas cos traballos do curso académico, póñoche estas liñas rememorativas do noso gran proieito xa a medio facer. Co pulo que levas da tua folganza coruñesa seguro que axiña lle dás cabo á obra comenzada.

Non sei si pillaríades por ahí ó gran Nogueira ou vos cruzaríades no camiño. Il debe estar a chegar de volta.

O número 5 do GRIAL xa está aprobado pola censura i en pleno curso de impresión. Axiña sairá.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

9

Compostela, 20-III-65

Benquerido Fernando:

Teresiña e Xosé Manuel, que viñeron moi ledos de Londres e verdadeiramente encantados da vosa xentileza, fixéronme entrega da segunda parte que traduciches do "Macbeth". Verdadeiramente coido que queda moi ben en galego. Confío en que terás un respiro pra completar a tradución, pois que agora xa che falta pouco e darás cabo dela dun golpe. Dise xeito convertiraste en amigo persoal de Shakespeare, que é unha amistade ben honrosa pra calquera home de letras.

Tamén me dixeron que Lily estaba preparando un traballo pra o GRIAL encol da novelística de Lawrence. Alegreime moito e agardo recibilo calquera día ¿non sí? A tí non che digo nada porque ben sei que estás agobiado de traballo mentres non remates na Universidade, ademáis de que nos quero roubarlle tempo á tradución do "Macbeth", pro Mª Teresa sí que nos ten que enviar traballos.

O Xosé Manuel leu a sua tese doutoral en Sevilla e díronlle sobresaliente "cum laude". Animárono a que se presente a cátedras. Está satisfeito e animado. Tamén Teresiña, craro.

O gran Nogueira está a traballar no seu libro filosófico sobre os sentimentos. Tamén están a agardar pra dentro de pouco tempo o segundo fillo. Como ves, entregado a unha doble paternidade: un libro e máis un fillo.

Xa vos supoño moi ben informados dos recentes rebumbios universitarios, pois ise é un bó fitoiro. Eu xa vos decía no vran que a impresión que se tiña chegando de fora non refrexaba ben a realidade profunda.

O que seguramente resultaría chocante pra Mª Teresa, polo que ten de novedade, é o interés que se vai despertando na Cruña pola língoa e maila literatura galega, das que se dan cursos con moito éisito, sobre todo na xente nova. E non só rapaces senón tamén as raparigas. Eu conozo varias universitarias coruñesas que falan con entusiasmo o galego e leen con avidez a nosa literatura. Hai alí un grupo xuvenil moi animoso. Son uns 75. Pro tamén vai ocurrindo o mesmo nas outras cidades.

Bueno, amigos, unha aperta cordial de

Ramón

10

Compostela, 29-IX-65

Benquerida Lily:

A tua carta, que acaba de chegar, tróuxonos moita alegría. Chegou con gran oportunidade, porque onte mesmo tíñame dito o Nogueira que o Fernando estaba doente, e xa vexo que non hai fundamento pra se preocupar. Pola contra, as novas que nos dás son escelentes, pois que está moi animado e ledo preparando a sua tese de doutoramento. Moito me alegro do seu éisito no eisamen calificatorio. Estou ben certo de que terá idéntico éisito coa tese doutoral.

Nós contabamos con vos ver iste vran por eiquí. Tiñamos moitas cousas de que falar e, sobre todo, ganas de vos ver. Menos mal que os Beiras primeiro e os Lugrís despois foron informándonos da vosa vida londinense. Por certo que os Beiras agardan o seu primeiro fillo pra dentro de pouco. Quizáis non vos teñan escrito porque José Manuel está moi atafegado coas oposiciós a cátedras de Economía, que serán pouco máis ou menos dentro de un par de meses; ademáis de preparar as oposiciós tamén terá que dar a cátedra de Economía eiquí en Santiago, pois encarregárono a il desa asignatura. Eu vereinos dentro de poucos dias e xa lles comunicarei o teu mensaxe.

¿Sabedes que o 25 de xulio díxose a primeira misa en galego –a misa de Rosalía, en Santo Domingo– e acudíu unha cantidade estraordinaria de xente? Todos mercaban o folleto co texto galego da Misa no adro da eirexa e todos contestaban ó oficiante coa maior naturalidade, talmente coma si o tiveran ensaiado previamente. A min impresionoume a moita –e variada– xente que concurríu i a estraordinaria emoción que dominaba a todos. I en relación con esto tamén vos

podo informar de que dous xóvenes coengos da Colexiata da Cruña traduciron ó galego os catro Evanxelios, o Ordinario da Misa e máis un Devocionario coas principais oraciós, que xa están na Imprenta Moret.

¡O que son as cousas! Simultáneamente con esta entrada na Eirexa, o noso idioma entra tamén na Universidade. Dentro de poucos dias comenzará a funcionar na Sección de Románicas da nosa Facultade de Filosofía a Cátedra de Língoa e Literatura Galega, que lle foi encarregada a Carballo Calero. O bó de Carballo está profundamente conmovido e ledo con iste encárrego. Recibíu moitas cartas de felicitación. Penso que lle encantarían unhas letras de Fernando. Si ten algún vagar, que lle escriba a estas señas: Colegio de Fingoy – LUGO.

Moito me alegro das novas que me dás do "Macbeth", pois ises versos que se lle arrepoñen a Fernando calquera dia saen de seu.

En cambio, a tua preguiza é o que non me gusta nada. Si te puxeses a escribir o ensaio sobre Lawrence seguro que che saía. Diste xeito, aceptando con tanta conformidade as dificultades, deixas pasar o tempo. Eso non está ben, porque tí escribes ben e debes, polo menos, escribir. Tés ideas craras e sábelas espoñer con elegante precisión. En todo caso, mentres non escribes o ensaio encol do Lawrence ¿por qué non me mandas notas sobre outros temas? Mira, na vida cultural inglesa ha de haber algún acontecemento importante que seña axeitado pra comentalo nas páxinas do GRIAL. De paso sírveche pra te exercitares no uso literario do galego, pois xa vexo –cousa que me alegra moitísimo– que o escribes con moita soltura. Non señas preguiceira. No mes de outubre agardo un traballo teu. A Fernando, mentres non se libere da tese, deixareino tranquilo, pro en canto a teña rematada tamén lle recramarei a sua aportación. Ben comprendedes que precisamos da axuda de todos os que a poden dar. E vós, tanto tí como Fernando, sodes imprescindibles no equipo cultural do GRIAL. Así que, xa o sabes: a traballar.

Por certo que no número 9 –que sairá mañán ou pasado– tivemos un pequeno atranco coa censura, pois refugaron un traballo filosófico do Nogueira. Unha xestión afortunada do Cunqueiro restableceu a normalidade e todo se arranxou, así que todo se reducíu a un retraso na saída.

Seguramente che producirá sorpresa saber que na Cruña hai un grupo cultural galego formado por máis de oitenta rapaces e rapazas que orgaizan con gran entusiasmo crases de galego, fan algunhas emisiós galegas pola Radio, preparan un grupo teatral pra representar teatro, etc.

De todo corazón vos agradecemos a invitación pra ir ahí. Un gran amigo noso que ten casa en París, insístenos moito en que temos que ir uns dias alá. En principio, temos idea de ir no mes de Nadal. Si imos, case seguro que non deixaremos de facer unha escapadiña a London pra vos ver e botar unhas longas parrafadas ¡Temos tanto de que falar!

Tamén eu me alegrei moito de que os Lugrís volten a Europa. De contado me lembrei de vós. Tamén está ahí, de profesor de español, un rapaz vigués moi

intelixente e moi simpático que se chama Carlos Durán[13] e que o quero poñer en contaito co Lugrís e con vós. Así formaredes un pequeno e moi interesante núcleo cultural galego ahí en Londres. O Carlos Durán estuda Filoloxía inglesa en Madrid, pro iste curso decidíu pasalo en Inglaterra. Deica agora estivo con un amigo inglés en Brighton.

Bueno, agardo o teu traballo no mes de outubre. Non me refiro ó ensaio sobre Lawrence –pra ise douche de prazo deica o Nadal, pra traelo nós–, senon a algunha nota que ti xuzgues interesante pra o GRIAL.

En Oxford, no Keble College, está o David Mackenzie, un estudante de español que pasou o curso derradeiro en Madrid –por certo que lles axudou ós da B. B. C. a filmar os rebumbios universitarios e logo enviáronlle 6 libras–, que é un rapaz moi cordial, con humor da mellor lei, culto e intelixente. Fala bastante ben o galego –os mariñeiros de Fisterre non querían crér que era inglés– e axudou a vender libros de Galaxia na Feira do Libro de Madrid. Tamén o poñerei en contaito con vós e cos Lugrís. Tedes que ir formando o "club" galaico-británico de xente animada e con humor.

Garimosos saúdos nosos pra os tres

Ramón

11

Compostela, 15-XI-65

Querida amiga Lily:

Recibín a tua carta e, dende logo, a idea de escoitar o "Macbeth" galego acarón dunha chimenea londinense é unha tentación moi forte. Faremos o posible por ir. Polo de pronto andamos a arranxar os pasaportes. Penso que a fin diste mes xa vos poderemos dar noticias máis concretas. Si os nosos plans non se torcen, polo Nadal iremos facervos unha visita e, de paso, conoceremos á pequerrecha Ana. Xa vos informaremos. Eso sí, teño a espranza de que tragueremos de ahí catro traballos pra o GRIAL: un teu, outro do Fernando, outro do Lugrís i o outro do Carlos Durán. Agora mesmo me ven ás mentes unha idea: podemos preparar un número londinense –no senso de ser feito en Londres–, en cuio caso, aos catro traballos vosos agregaría un meu que faría ahí. Agardo que tí aceptes o papel de madriña desta idea e que me axudes a facela realidade.

Dinlle o teu recado ao Nogueira. Alegrouse de saber que vos gustara o seu traballo, pero ten a opinión de que sodes moi preguiceiros pra escribir.

---

13 **Carlos Durán Rodríguez** (Madrid, 1943). Licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Madrid. Redactor da BBC de Londres. Profesor en St. Giles School. Cofundador da revista *Emigrante*. En galego escribiu *A teima* (1973) e *Poemas do non* (1975).

Escribíume o Enrique Iglesias. Ademáis de me contar a sua vida en Oxford, contoume tamén a visita que vos fixo. Pensa recuncar a visita acompañado do gran Mackenzie, que é, por certo, un rapaz moi simpático e intelixente. Por ahí está outro rapaz, o Carlos Durán, que lle hei decir que se poña en contaito con vós, pois é persoa moi agradable e de gran inquedanza espritoal. Estuda Filoloxia Inglesa en Madrid, pro iste curso decidíu pasalo en Inglaterra, está ahí de profesor de español. É de Vincios, perto de Vigo.

Non sei si xa saberedes que Teresa y José Manuel Beiras están istes dias moi ledos co fillo que lles naceu. Chámase Ricardo.

Bueno, ide preparando os traballos que recolleremos ahí pra o GRIAL.

Apertas nosas pra os tres

Ramón

12

Compostela, 10-XII-65

Benqueridos Lily e Fernando:

Recibimos as vosas cartas, unha delas pra os oficiales de Inmigración. Coido que abondará pra que nos abran xentilmente as portas do Reino.

Como temos que demorar tres dias en París, dende alí xa vos comunicaremos a data certa da nosa chegada. Conto que será arredor do 23, porque queremos pasar o Nadal con vós. Tamén vos diremos o horario previsto da nosa chegada.

¿Sabedes unha cousa? Cada día que pasa estamos máis animados. Xa temos ganas de chegar ahí.

Apertas pra os tres

Ramón

13

Compostela, 10-I-66

Benqueridos:

Fixemos ben o viaxe de volta i estamos de novo en Compostela reintegrados á vida habitual. Como o viaxe foi movido –á volta paramos nos Baixos Pirineos e no Rosellón, e, xa en España, paramos en Barcelona–, é agora cando comenzan a orgaizarse as lembranzas. O Londres noboento e romántico da nosa imaxinación transformouse profundamente ao ser sustituído polo Londres da nosa esperiencia. E temos que decir que mellorou moito no cambio, quizáis porque o segundo leva asociado un forte contido galego: a casiña nº 8 de Glebe Road, en Stanmore, está

certamente en Londres. As criaturas de Shakespeare ou de Lawrence transitan familiarmente por ela e moitas veces quéntame o lume da chimenea. Pro nesa mesma casiña tamén vaga, con presencia sutil e misteriosa, como "algo que vive e que non se ve", a sombra de Rosalía. Tamén, ás veces, se quenta ó lume da chimenea. I eso fai que a casiña nº 8 de Glebe Road, en Stanmore, sendo moi inglesa, seña tamén distinta das outras casiñas inglesas. Pois mesmamente eso é o que ocurre co Londres da nosa esperiencia. Sí, é o London real e verdadeiro que os ingleses crearon, pro na nosa vivencia dil, por embaixo da sua branca e dura xeada e da sua xistra cortante, atopámolo envolto nun finísimo orballo de cordialidade galega. Impresionounos a sua vigorosa e sólida presencia, o seu seguro equilibrio, a sua señorial indiferencia ante a diversidade de razas e culturas que dentro dil buligan. Todo eso, certamente, ten grandeza. Ao cabo son xentes que deprenderon o arte de mandar, de dominar, alá nas veigas e nas montanas dos seus Condados e xuntáronse en Londres pra dominaren o Mundo. E dominárono. Por eso Londres ten a rara fortaleza interna de ser unha das grandes metrópolis universás da historia da humanidade. E todo eso, cando se contempla por primeira vez, impresiona fondamente. E fondamente nos impresionou a nós. Pro, no trasfondo desa impresión, non menos intensa na lembranza que na presencia, nós escoitamos a melodiosa voceciña coruñesa de Ana. En fín, con esto xa vedes cal é a fasquía que van collendo as nosas lembranzas londinenses.

Velahí o traballo de Pedret[14] sobre toponimia pondaliana. Coido que che pode interesar. Cando vexa algunha outra cousa semellante xa cha enviarei.

O Amadeo irá a Londres arredor do 16. Xa vos veredes. Trátase dun rapaz moi cordial, intelixente e simpático.

¿Qué tal por ahí? ¿Sanóu Ana? ¿Traballástedes pra o GRIAL?

Nos mesmos dias en que nós estivemos por ahí, díronlle un importante premio en Mallorca a Nina[15] Epton por un traballo sobre o Norte de España. Terá que ir a Mallorca a recollelo de mans de Fraga. Si vos interesan as suas señas pra algunha entrevista na B. B. C., son estas: 58 Vale Road – Seaford (Sussex).

O Beiras comenzará as oposicións o dia 20

Apertas pra os tres

Isabel

Ramón

Lily: hoxe mándoche un paquete de libros de filosofía.

R.

---

14 **Paulino Pedret Casado** (Santiago de Compostela, 1899 – 1969). Sacerdote. Doutor en Dereito e Ciencias Históricas. Catedrático de Dereito Canónico na Universidade de Santiago. Polígrafo de vastísima obra. O traballo ao que alude Piñeiro titúlase *Etimoloxías dalgúns nomes xeográficos de* Queixumes dos pinos, publicado na revista *Nós* (número 134, en 1935).

15 **Nina Epton**. Nacida en Londres, estudou na Sorbona e traballou na BBC da capital inglesa. Escribiu algúns libros de viaxes e, no que se refire a Galicia, é autora do libro *Grapes and granite* (Londres, 1956), obra traducida ao galego en 1993 por A. e F. Fernández del Riego.

14

Compostela, 19-II-66

Benqueridos:

Recibimos a carta de Lily, que nos deu alegría. Sobre todo alegrounos moito saber que a melodiosa Ana xa está moi leda e pimpante, pois viñémonos de ahí coa mágoa da sua doenza. Ao non ter novas vosas sospeitabamos os atafegos, pro tamén temiamos que a nena estivera mal. Oportunadamente, non tivo importanza, inda que pra ela e pra vós fose penoso.

Xa nos dixo o Amadeu que estivera un fin de semana con vós os catro. Marchou de ahí encantado e figúrome que non deixará de voltar máis veces. Ten un dinamismo estraordinario.

Pra nós resultou moi boa noticia ise previsto traslado pra St John's Wood. Estamos seguros de que así poderedes ter máis convivencia cos Lugrís i eso sempre resultará estimulante. Eu conozo ben as requintadas sotilezas do isolamento, pro tamén resulta suxestivo o contaito i o contraste cos temperamentos pándigos, ledos i outimistas. Iles representan a face risoña da vida i é bó telos perto. Ademáis, así faremos de St John's Wood o eido galego de London.

A Nina Epton díxome que vos chamaría calquera día que vaia a Londres. Está moi contenta co premio que lle diron en Mallorca. Agora unha editorial de ahí encarregoulle un libro sobre Andalucía.

Por eiquí vai habendo animación. Mándovos esta invitación pra unha conferencia do Nogueira... que xa pronunciou o sábado. Polo guión xa vos decatades do tema. Estivo espléndidamente ben e tivo un resoante éisito entre os rapaces, que ao final fixéronlle varias preguntas moi agudas.

Alégrome que conozades ao Carlos Durán. Eu somentes falei unha vez con il, pro gardo unha lembranza moi grata do encontro.

Certamente, os dias que pasamos ahí foron moi reconfortantes pra o noso ánimo. Lembrámolos como un acontecemento tan feliz que case ten algo de máxico.

¿De maneira que te entusiasma Heidegger? ¡Tiña que ser! A nosa sensibilidade espritoal está moi preparada prá visión filosófico-existencial. Do mesmo xeito que no século pasado estivo disposta prá visión poético-romántica, nos nosos dias está disposta prá pescuda existencial. Entón foron os poetas os portavoces da nosa espritoalidade máis xenuína; hoxe quizáis lles corresponda aos "filósofos" esa obriga. Rof Carballo, García-Sabell, Celestino e López Nogueira nesa liña se moven. E teño a espranza de que nesa lista chegaremos a engadir o teu nome. Ben sabes que nas grandes empresas necesitamos sempre un nome feminino.

Garimosas apertas nosas pra os tres

Ramón

Non deixedes de nos escribir dende a nova casa.

15

MIDDLEBURY COLLEGE
Middlebury, Vermont
9-VII-67

Benqueridos:

¿Qué é da vosa vida? Sempre tratamos de saber de vós, unhas veces por Nogueira, outras por Beiras. Foron Xosé Manuel e Tere os que máis noticias nos deron, á sua volta de París.

Nós estamos na Nova Inglaterra, cuia gran semellanza con Galicia –polo menos na época estival– non nos deixa a menor oportunidade de sentir morriña. A min convidáronme a dar un curso sobre o pensamento de Unamuno e outro sobre Quevedo, Gracián e Saavedra Fajardo. No curso de Unamuno teño bastantes frailes e monxas moi interesados por D. Miguel. Si o seu interés sigue así, coido que no cabo do curso rematarán por lle rezar pola alma, inda que non estou moi seguro de que il o agradeza. Isabel dá un curso de conversación. Dise xeito puidemos vir os dous.

Como os alumnos dos cursos son xa graduados –e moitos diles profesores–, o ambiente resulta grato. Pra min foi unha estraña aventura vir tan lonxe a vivir a esperiencia docente, que por certo ten intres apaixoantes a través da íntima comunicación espritoal que se establece cos asistentes ós cursos. Ás veces están tan tensamente atentos que mesmo semella que teñen a alma nos ollos, i eso produce unha misteriosa e sotil emoción que nos funde a todos nunha unidade vivencial. Moitas veces lémbrome de ti, Fernando, con tan clara vocación e tan escelentes dotes prá docencia. É boa lástima que non coincidíramos eiquí.

Iste ano temos mellor tempo que o ano pasado, pois apenas fixo calor. Pola contra, choveu varias veces. Non temos, xa que logo, ningún motivo de queixa, nin siquer climático. Os prados, os bosques i os lagos están ledos e vizosos. O outro día fixemos unha escursión en coche pra ver o solpor nun piñeiral que se ilumina interiormente como si de súpeto se convertise nunha gran labarada de ouro e, polo camiño, atopamos un cervo, que fuxíu gracilmente en canto advertíu a nosa presencia. Era, por certo, nas cercanías do casal de Robert Frost.

Iste ano trouxeron a Casalduero, a Gonzalo Menéndez Pidal, a un xoven profesor de Barcelona que se chama Rico Manrique e a varios hispanoamericanos. O Casalduero é home simpático.

A fins de agosto, de volta pra Galicia, seguramente pararemos en Inglaterra pra lle facer unha visita a Nina Epton en Seaford. Supoñemos que, pra esas datas, vós estaredes pola Cruña. Si non en Londres, trataremos de vos ver en Galicia. En todo caso, gustaranos saber cal é o voso calendario de vacacións, pois de estáredes en Londres queremos vervos a vós, ver o que medrou Ana –e si sigue

tan melodiosa no seu falar– e conocer á pequerrecha. E si pra esas datas estades na Cruña, faremos por vos ver alá.

Os Lugrís estarán preparándose prá sua gran xeira mexicana, así que seguramente andarán evocando as grandezas aztecas cando nos pasemos por Londres.

Bon, non deixedes de nos poñer duas liñas co voso programa de vran.

Apertas garimosas pra os catro

Isabel
Ramón

16

Compostela, 30-IX-67

Benquerido Fernando:

Nistes dias anda por Inglaterra –en Bournemouth– o amigo Isidoro Millán. Como sabes, é catedrático de grego en Pontevedra, i é, sobre todo, un dos nosos mellores humanistas. Fixo unha fermosísima tradución galega do "Murder in The Cathedral" de Eliot[16].

Ademáis das coincidencias de tipo humanístico, que establecen afinidade entre vós, hai unha coincidencia moi concreta en traballos que viñéstedes facendo paralelamente: tí na tua tese sobre a toponimia de Galicia e Isidoro no estudo da toponimia de Pontevedra. Coidei que sería interesante pra os dous un troque de ideas sobre un problema que traballades simultánea e independentemente e dinlle as vosas señas pra o caso de que se deteña en Londres, pois non sei onde collerá o barco pra Vigo. Se cadra non volta por Londres.

Aitualmente anda a arrecadar material celtístico, especialmente lingüístico, que é o menos conocido e utilizado entre nós.

A nós renováronnos a invitación pra íremos de novo a América no vran que ven. Con tal motivo, será doado facer as pescudas comenentes no caso de que vos interese o "trasplante" a aquelas terras.

Apertas garimosas de Isabel e miñas pra os catro

Ramón

16 Publicou en *Grial* (nº 7, 1965) o artigo "En lembranza de T. S. Eliot". A citada obra de Eliot, *Morte na catedral*, publicouse en galego en 1973.

17

MIDDLEBURY COLLEGE
Middlebury, Vermont
6-VII-68

Querido Fernando:

Dende que nos vimos en Galicia non volvemos saber das vosas cousas. Por noticias que me deu o pai do Lugrís a víspera de saíremos de Santiago, semella que o Ramón está dubidoso no asunto da corresponsalía, en cuio caso seguramente se alteraron as perspectivas tuas en orde a entrar a traballar na Orgaización do Café. Quixera saber cal é a situación do problema e saber tamén si teño que facer algunha pescuda por eiquí.

Nós estaremos en Middlebury deica o 15 de agosto. Despois iremos a Washington, a Texas e máis a Atlanta (en Georgia), onde nos agardan unhas familias amigas. O 6 de setembro marcharemos de New York a Madrid direitamente. Iste ano non podemos ir por Londres, inda que temos unha lembranza moi grata da escala que fixemos ahí o ano pasado.

Eiquí non leo os xornás, non escoito a radio nin vexo a televisión. Resulta que o mundo, reducido á verde paisaxe de Nova Inglaterra i as conversas coa mocedade universitaria de Middlebury, semella máis habitable. Quizáis sería ben que tomásemos cada ano un mes ou dous de "vacaciós informativas". Eu penso si non padeceremos unha verdadeira intoxicación informativa.

Saúdos garimosos a Lily e de Isabel pra os dous. Pra tí unha forte e cordial aperta de

Ramón

18

Compostela, 12-V-70

Querida Lily:

Recibín a túa carta e máis a literatura infantil que me mandaches, ben interesante por certo. Dende logo, o texto da Ley é esplícito: deberán cultivar a lingua nativa. Eu pregunteille a Filgueira Valverde –que foi un dos defensores diste principio– si lle darían a interpretación amplia que implica o conceito de "cultivar", e díxome que sin dúbida llo darían porque estaban todos concordes neso. Ou sexa, que non se trata do simple estudo gramatical senon do cultivo oral e máis escrito pra un mellor conocemento e dominio da lingua. Craro está que tamén haberá que facer gramáticas escolares, pro o importante é contar con material auxiliar axeitado e moderno.

A Universidade trata de orgaizar xa pra iste vran un curso de cultura galega preferentemente destinado aos mestres. Polo que me dixeron, incluirán língua, literatura, xeografía, historia, economía, arte, etnografía e algunha materia máis. Trátase de que teñan unha visión cultural de Galicia, que deica agora nunca lle deron.

Noraboa por ise incremento da familia. Dille a Fernando que ise acontecemento ben merece unha perpetuación cultural, así que o "Macbeth" servirá moi ben pra eso. Se nono enviades antes, cando ti veñas non deixes de o traguer.

Non sei si sabedes que o matrimonio Beiras tamén agarda un novo fillo, con pouca diferencia cronolóxica do voso. Nistes dias andan atafegados de traballo correxindo exercicios dos exámenes.

O Franco Grande traballóu moito na preparación da obra completa de Leiras Pulpeiro, prá que fixo unha longa introdución. Quedará un tomo interesante.

Unha cordial aperta pra os catro

Ramón

19

GRIAL
Revista galega de cultura
Compostela, 9-VII-70

Querido Fernando:

Hai días recibín a tua carta anunciándome a visita de Mr. Scott. Coincidindo coa túa, chegóu unha carta do Guerra Da Cal anunciándome a visita do profesor brasileiro José Honório Rodrigues, unha carta do profesor Agostinho da Silva anunciándome a sua visita, acompañado do Machado da Rosa, e unha carta máis do Carlos Durán anunciándome a súa chegada a Galicia o dia 2 e o desexo de falar comigo nistes mesmos días. Como ves, foi unha sorprendente concurrencia de anuncios de visitantes máis ou menos prás mesmas datas. Como, ademáis, eu estou cos preparativos do viaxe aos EE. UU., pra onde partiremos dentro de poucos días, e, sobre todo, coa preparación dos dous cursos que terei que esplicar alí, fíxenme á idea de que Mr. Scott chegaría eiquí o dia 7 con unha tarxeta tua e máis nada. Evidentemente, foi unha suposición errónea e non por culpa tua senon miña, pois hoxe volvín ler a tua carta e quedei abraiado ao repasar en que esa data era provisional en agarda das miñas noticias.

Non sabes canto sinto iste fallo involuntario. Dóeme de veras, porque é moi contrario aos meus desexos. Quizáis porque eran bastantes anuncios e as datas eran firmes, englobei inconscientemente tamén a túa.

Desgraciadamente, xa non hai maneira de o arranxar porque o Mr. Scott estará bastante lonxe de eiquí e, por outra banda, nós marcharemos na semá que ven.

En fín, si as circunstancias se repiten noutra ocasión, procurarei evitar semellante fallo. A menos que seña motivado por algún proceso de esclerosis cerebral –que tamén podería ser–, en cuio caso xa non é tan segura a intención de o evitar.

O domingo lin no "Ideal" unhas valentes e craras respostas de Lily á enquisa idiomática.

En fin, coa espranza de que me perdoes o despiste van as nosas apertas pra os catro

Ramón

20

GRIAL
Revista galega de cultura
Compostela, 30-IX-70

Querido Fernando:

Hai días que chegamos de volta de América e que recollemos, de mans do matrimonio Beiras, o texto galego do "Macbeth" que ti lles deixaches. Nos primeiros dias tiven que atender a unha chea de cousas apremiantes que se foran amoreando durante a nosa ausencia, pro hoxe, xa con sosego, púxenme a ler o noso "Macbeth".

A verdade é que escomencei a lelo e xa non puiden parar deica darlle cabo, pois arrastra poderosamente. Na miña opinión, a tradución é fermosa e o galego moi bó. Non deixes de nos mandar canto antes as páxinas que faltan –correspondentes ás esceas V, VI e VII do Acto I–, pois temos que editar axiña o "Macbeth". De certo que é un gran agasallo que lles fas ás nosas letras.

Olla: no IV Acto, Escea II, os persoaxes son Lady Macduff, o fillo e máis Ross. Nas copias que nos deixaches, un par de veces aparece Lady Macbeth en lugar de Lady Macduff. Como se trata de un erro mecanográfico, devolvínlle o seu lexítimo nome.

Pensei que sería ben publicar no próisimo GRIAL un Acto do "Macbeth", como anticipo da obra completa, pois como o GRIAL vai a sitios a onde moitas veces non van os libros –por exemplo bastantes Universidades estranxeiras son suscritoras do GRIAL e non dos libros–, non deixa de ser interesante que, ademáis da noticia da tradución galega da obra, conozan unha amosa dela. Ora ¿cál Acto aconsellas que se publique?

Sentimos moito non vos ver eiquí. Iste ano, ademáis, demoramos máis tempo en América ¿Qué tal o novo membro da familia? Decídenos si é neno ou nena, si chora moito ou pouco, si se afai en London ou pía pola Cruña, etc.

Xa sabedes, claro, que o Celso Collazo[17] está de corresponsal da Axencia EFE en Moscou.

Apertas nosas pra toda a familia

Ramón

21

Compostela, 9-X-70

Benquerida Lily:

Non sabes canta alegría me producíu a tua carta. Léndoa sentín unha fonda emoción fraternal, que ti comprenderás si che confeso que nalgún momento tiven a sensación de que Galicia mesma falaba nas tuas palabras. Non é cousa que ocurra con frecuencia, pro ás veces ocurre. E coa tua carta ocurríume. A nidia consciencia e a radical sinceridade das tuas palabras acadan unha forza comunicativa que chega a ser estremecedora. Como os poemas de Rosalía, poñamos por caso.

Olla: cando xurdiron as novas perspeitivas idiomáticas que abre a "Ley Básica de Enseñanza", decontado volvemos os ollos cara os eidos pedagóxicos. E decontado, craro, lembreime de tí. Antes, tu representabas no meu "mapa ideal" de Galicia unha grande espranza pra o noso ensaio –ben sei da tua vocación novelística, pro non se ten manifestado ouxetivamente, mentres que a tua aptitude pra o ensaio sí se manifestóu–. Agora, coas novas perspeitivas pedagóxicas, considero que ademáis desa grande espranza pra o noso ensaio eres a persoa-clave da nosa política encamiñada á creación de unha verdadeira pedagoxía galega. Por eso che escribín axiña e por eso me tería interesado tanto falar longamente contigo iste vran. Con todo, percurei que falase contigo o Valentín Arias[18] e deixeille o encárrego aos Beiras de que o puxesen en relación contigo. As cousas ensarilláronse de tal maneira que non sucedeu así. Foi lástima, inda que non temos que o considerar irremediable.

Concordo coas ideas da tua carta encol da importanza crecente da Galicia urbá frente ao progresivo debecer da Galicia rural. Concordo plenamente. Nistes derradeiros anos cheguei ao convencemento do inevitable desa transformación e

---

17 **Celso Collazo Lema** (Vimianzo, 1921). Exerceu o xornalismo en *Pueblo* (Madrid) e na Axencia Efe (en Londres, Moscova ou Nova York). Publicou traballos sobre Curros Enríquez e Lamas Carvajal.

18 **Valentín Arias** (Vilerma, Sarria, 1934). Profesor, tradutor e ensaísta. Foi xerente de Galaxia e traballou na Fundación Penzol. Colaborou en *El Progreso*. Traduciu ao galego obras de M. Duras, Saint-Exupéry, Xulio Verne, Gordon Biggs, Torrente Ballester, Gianni Rodari, Cervantes, etc. Dos seus estudos e ensaios citamos *Lecturas galegas* (1972) e *A escola rural en Galicia* (1975). Máis adiante, Piñeiro alude a "A lingua galega na escola", do mesmo Valentín Arias, publicado en *Grial* (nº 8, 1970).

penso que compre contar con ela. E, certamente, é nise meio urbán onde máis froitos vai dando o noso labor. O tremendo drama do galeguismo era a desgaleguización da Galicia urbá e a atomización e pasividade da Galicia rural. Todolos esforzos de afirmación orientados ao campo, naufragaban na impotencia. Coido que o principal acerto desta etapa que poderíamos chamar "galaxia" foi mesmamente o de orientarse decididamente cara a Galicia urbá. Dende logo, estamos asistindo á paradoxa da galeguización da cidade e da desgaleguización do campo. Pro non hai que se alarmar demasiado, en primeiro lugar porque a Galicia urbá é a que ten máis capacidade dinámica e polo mesmo a que pode ofrecer maior campo de posibilidades ás nosas espranzas, e en segundo lugar porque o campo –crebada como está a continuidade da sua forma tradicional de cultura–, será, cada vez máis, receitivo e mimético verbo da mentalidade urbá.

No tocante á pedagoxía do ensino idiomático, estou seguro de que as tuas ideas son as que nos conveñen. Nise orde de cousas –darlle xeito asisado ao noso ensino– é no que a miña intuición me sinala que tu deberías ser a persoa-clave. Naturalmente, inda que nós elaboremos un plan ben fundado, xa se sabe que non teremos posibilidade de o aplicar plenamente –e tamén neso concordo coa tua opinión de que temos que ser realistas e "furar"–, pro o caso é que nos interesa moito, moitísimo, elaborar o noso propio plan. Compre establecer moi craramente como "queremos" que se leve a cabo o ensino en Galicia, ou seña, compre que teñamos unhas ideas craras e nidias sobre como debe ser o noso ensino, porque esas ideas son as que deben inspirar e orientar a nosa aición e as nosas metas.

Agora acabamos de editar un traballo do Valentín Arias –sinto ben que non se producira o voso encontro– sobre o bilingüismo escolar. Está orientado sobre todo aos mestres. Por eso, ademáis de saír no GRIAL publicámolo nun folleto pra facilitar o seu espallamento. Mándocho.

Ora, eu pregúntoche: ¿non poderías tí traballar na preparación de un "Plan de Ensino" pra Galicia? Oficialmente, o Estado conta xa con un "Plan Galicia" que levarán a cabo, si o levan, sabe Deus cómo. Pro nós debemos propor o noso propio Plan. Sobre o ensino en Galicia, o Estado ten as suas ideas, craro, pro é natural –e necesario– que a propia Galicia teña as suas. E debe manifestalas.

De todo esto quixera falar longamente contigo, pro o noso viaxe estival a América impedíuno.

Alegrounos moito ise reforzo varoníl na familia, porque supoñemos que cadra ben cos vosos desexos. Ademáis semella comenente prá riqueza espritoal do conxunto infantil que haxa de todo. Os nosos parabéns.

Os Beiras tiveron un segundo neno, de fasquía moi semellante á do primeiro e que sabe facer moi ben as suas obrigas: comer, chorar e dormir. Chámase Daniel (oficialmente Daniel-Ramón), é meu afillado e semella que vai ter moita coraxe.

Non deixes de lle lembrar ao Fernando o das páxinas do "Macbeth", non vaia ser o demo que se poña a outra cousa e se nos demore de novo.

O Nogueira entregaranos niste mes un libro de ensaios titulado "Sentimento e Existencia".

A meiados de Novembro sairá a segunda edición das "Cantigas de Escarnho e Mal-dizer", de Rodrigues Lapa. Con tal motivo celebrarase unha Semana Cultural Luso-Galega na Universidade de Coimbra.

Apertas nosas pra toda a familia.

Ramón

22

Compostela, 22-X-70

Benquerida Lily:

Espléndida idea a de te pores en contaito epistolar co Valentín e magnífica noticia a de estares xa traballando na preparación de materiás pra un Plan Galego de Ensino.

Olla: o Valentín é un home novo –máis ou menos da vosa edade–, é do campo, fillo de labregos, estudóu Maxisterio en Lugo, rexíu varios anos a escola da Granxa de Barreiros e, ao mesmo tempo, colaboraba aitivamente nos cursiños de formación cultural agro-pecuaria que promoveu Antonio Fernández pra os mestres da provincia de Lugo durante moitos anos. Durante tres ou catro anos, pedíu a escedencia e entróu a traballar nunha empresa privada que se propuña desenrolar, e esplotar económicamente, unha gran riqueza frutícola en Galicia, mais ao cabo de algún tempo convenceuse de que a finalidade da empresa era escrusivamente o lucro privado inmediato e non lle interesaba arriscar nada en promover unha nova riqueza de rendemento futuro. Fora máis ben un argumento pra o convencer a il de deixar a escola e incorporarse á empresa. Durante istes anos recorréu moitas veces Galicia e adquiríu unha interesante esperencia da nosa situación real, así como do modus operandi das empresas capitalistas. Ao cabo dises tres ou catro anos, voltóu ao maxisterio e estivo agregado á Inspeición en Lugo pra os efeitos da orgaización dos cursiños agro-pecuarios, ao mesmo tempo que rexentaba provisionalmente unha escola. Por fín déronlle unha escola en propiedade en Vigo, onde agora vive. Alí orgaizóu un "Grupo Noriega Varela" no que se van incorporando os mestres con inquedanza pedagóxica e preocupación pola realidade social galega. Orgaizaron, con moito éisito, algún curso sobre os novos métodos de ensino das línguas, das matemáticas, etc. Trouxeron profesores de Barcelona especializados nistes problemas.

Persoalmente é home sinxelo, cordial, moi responsable, dotado de unha intelixencia clara e moi realista –como bó campesiño–, que ten o don de despertar simpatía amistosa en todo o mundo. É alleo a todo partidismo. A sua sincera e plena entrega vocacional ao ensino e a sua íntima identificación co mundo espritoal

dos nosos nenos, danlle gran eficacia ao seu labor. Fixo, con algún outro, algún ensaio de bilingüismo escolar en Vigo. No derradeiro GRIAL podes ler un traballo dil no que fala desto (foi unha conferencia que pronunciou eiquí en Santiago e que producíu emoción e entusiasmo aos universitarios que a escoitaron). Está casado e ten catro fillos, o máis pequeno do tempo do voso pois naceu en xullo.

Pódeslle escribir a estas señas: Valentín Arias.- Avdª de Zamora, 47 – 2º-C. VIGO.

Xa che mandarei o texto –total ou parcial– da Ley de Ensino. Sería moi interesante poderche mandar o "Plan GALICIA" elaborado polo Ministerio de Educación (un tomazo de 382 pxs.) como primeiro esperimento de aplicación da Ley. Non sei si poderei conquerir un exemplar, que che sería moi útil.

Apertas nosas pra os cinco

Ramón

23

Compostela, 4-XI-70

Querida Lily:

Alégrame moito saber que estades traballando en equipo e con entusiasmo. O resultado será, de certo, interesante pra nós.

Tocante á pregunta que me fas, non hai dificultade en contestarche. Eu penso que, independentemente da política pedagóxica estatal, que pode ser mellor ou peor, e independentemente de que tratemos de aproveitar todo o que teña de proveito, nós debemos ter a nosa propia visión do problema pedagóxico galego. Temos que saber o que necesitamos, o que queremos. Non podemos limitarnos a criticar o que ten de malo o ensino oficial ou a aproveitar o que ten de bó. Pra que ambas cousas teñan verdadeiro sentido, necesitamos ter o noso propio ideario, ou plan, ou como lle queiramos chamar á visión galega do problema pedagóxico de Galicia. Pra elaborar esa visión, ise plan, ise ideario, formades un equipo óptimo ti, Fernando e máis o Durán –que tamén é un rapaz estupendo–, e eu pensei que cando esteña maduro e elaborado sería bó editalo e percurar difundilo por Galicia, especialmente entre os mestres, naturalmente, pro, na medida do posible, tamén entre todos os preocupados dos problemas galegos. Compre ir creando unha mentalidade pedagóxica galega e pra eso precisamos un pensamento pedagóxico galego ben definido. Que é talmente o que eu agardo de vós: un pensamento pedagóxico que interprete a nosa realidade verdadeira.

Esto mesmo temos que o facer cos demáis problemas: económicos, sociás, políticos, etc., etc. Necesitamos ter unha visión coherente e actual da nosa realidade actual. Os economistas, os sociólogos, os pedagogos, etc. son os que nola poden dar.

Mándoche hoxe mesmo o texto da nova Ley de Educación, xuntos con algúns retallos dos xornás. Non é mala idea o de lle pedíredes ao Moncho Lugrís que vos percure un exemplar do Plan Galicia editado polo Ministerio de Educación y Ciencia. Sin duda que a il seralle doado conquerilo. Escríbelle axiña e dille que volo mande decontado. Eu fixen varias xestións, pro aínda non deron resultado.

Non vaia ser o demo que o gran Fernando se esqueza das esceas do "Macbeth" que faltan. Non deixes de llo lembrar.

Apertas pra todos

Ramón

24

GRIAL
Revista galega de cultura
Compostela, 12-XI-70

Querida Lily:

As derradeiras novas que teño do "Plan Galicia" son que se esgotóu a edición e que van facer outra. Si así é, tardará en haber exemplares aínda algún tempo. Polo mesmo, pra vos axudar algo no voso labor decidín mecanografiar algunhas páxinas do "Plan" e mandárvolas, porque vos servirán pra ver as suas orientacións. Naturalmente, o texto completo abrangue 382 páxinas e o que vos mando é pouco máis de unha dúcea delas. Pro algo vos ha servir, estou seguro. Como non son moi bó mecanógrafo, abundan as chataduras, pro eso non vos impide de ler o texto.

Tamén vos mando un libro do profesor Gonzalo Anaya[19] titulado "La depresión cultural gallega", libro que sairá a luz nistes dias. Anteriormente publicamos un libro titulado "Educación e desenrolo", de Xesús Cambre Mariño[20], que non sei si o tedes ahí ou non. Iste amigo Cambre Mariño está de profesor na Universidade de Puerto Rico. É novo –máis ou menos da vosa xeneración–, fillo de campesiños, estivo emigrado en Francia e, a forza de estudos, situouse como profesor universitario. Sigue con fervor os problemas galegos. Móvese nos eidos

19 **Gonzalo Anaya** (Burgos, 1914). Catedrático de Filosofía de Ensino Secundario. Exerceu a docencia na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago e no Instituto Rosalía de Castro da mesma cidade. Publicou diferentes traballos sobre o ensino e a cultura en Galicia. O que cita Piñeiro foi publicado en 1970.

20 **Xesús Cambre Mariño** (Vilaxoán de Arousa, 1936). Licenciado en Filosofía e Letras e autor de máis dunha ducia de libros de temas de economía, cultura, lingua ou educación, de ámbito galego, español e aínda hispanoamericano. Citamos: *Galiza de hoxe* (1973), *Educación e desenrolo* (1969) e *Galicia: una región desgarrada* (1976).

colindantes da economía e a socioloxía. É home de fonda sinceridade, intelixencia aguda, disciplina de traballo, ideas bastante radicás e bastante relacionado dentro e fora de Galicia. Si vos interesa tomar contacto co il, o enderezo é: Xesús Cambre Mariño. Vieques, 1118. Altos. Santurce, Puerto Rico 00907.

Non sei si tedes ou vos interesa o Libro Blanco, fonte doutrinal da política educativa que se quer seguir. Si nono tedes e vos interesa, dimo e mándocho.

Coa derradeira carta miña cruzouse unha do Fernando enviándome os folios do "Macbeth" que faltaban. Alegreime moito, porque agora xa o temos completo. Somentes faltan algúns retoques que me vai mandar nistes dias.

Nistes dias sairá a nova edición que preparóu Rodrigues Lapa das "Cantigas de Escarnho e mal-dizer". Con tal motivo estaba preparada na Universidade de Coimbra unha "Semana Cultural Galega": exposición do libro galego, seis conferencias –tres conferenciantes portugueses e tres galegos–, presentación das "Cantigas de Escarnho", etc. Súpetamente xurdiron atrancos e aprazouse por un mes. Xa veremos si se chega a celebrar.

Apertas nosas pra os catro

Ramón

25

Compostela, 27-XI-70

Querida Lily:

Recibín a tua carta do 10 e tamén unhas circulares do voso Grupo de Traballo, coido que pra entregar a posibles corresponsás vosos. Envioumas o Durán.

Coido que recibirías oportunamente os recortes de xornás que che mandei e máis unhas cantas páxinas do Plan Galicia que tamén che mandei. Copieinas a máquina porque non vexo xeito de conquerir un exemplar do Plan Galicia.

Eu sinto ben non che poder mandar un exemplar do Plan porque tal vez sería interesante que o teu traballo for unha crítica seria e ouxetiva –de tono constructivo– do propio Plan. Podíase dividir o voso traballo en duas partes: unha crítica "galega" do Plan –feita no tono ponderado e constructivo do "diálogo", ou seña, coa intención de que a lean con atención–, e logo o noso Plan ideal. Penso que a primeira vez que o Goberno elabora un Plan Galicia, non debemos mostrarnos indiferentes ao feito. Debémolo comentar, dialogar co Plan no terreo técnico-pedagóxico. Que as ideas do "Gabinete de Planificación" do Ministerio de Educación y Ciencia atopen a resposta dialogante do pensamento pedagóxico galego. Na miña opinión, o peor que pode ocurrir é que o Plan Galicia quede no papel impreso, ora por reserva do Goberno, ora por indiferencia dos galegos. De algunha maneira, temos que estimular a posta en marcha das ideas básicas do Plan: adaptación do Ensino á realidade socio-cultural galega.

Pensa nesto e dime a tua opinión.

Dille a Fernando que recibín os folios do "Macbeth" que me mandóu. Agora está completo. Non lle escribín porque me anunciaba unhas enmendas ao texto e agardaba a recibilas pra lle escribir. Dille tamén que como o 1º Acto estaba incompleto, metemos no GRIAL o 2º acto (cando chegaron as esceas que faltaban xa estaba na imprenta todo o orixinal do nº), pro eu coido que queda ben e que lles despertará interés polo texto completo aos lectores do GRIAL.

O concurso de novela galega convocado polo Centro Galego de B. Aires (un premio de 200.000 pts.) ganouno Xohana Torres[21] con unha novela basada no tema da emigración protagonizada non polos que se van senon polos que se quedan. Concurriron 12 novelas.

O Celso, de vez en cando, dá noticias da sua vida moscovita.

Apertas nosas pra os dous e prá garulaxe menuda.

Ramón

26

Compostela, 13-XII-70

Querida Lily:

Chegoume a túa carta e poucos dias máis tarde o traballo que nela me anunciabas. Con gusto o comentaréi sinceramente, pois sei ben que con vós é máis ben un deber.

Dende logo, o principio que estableces na primeira parte –a peculiaridade individual de cada realidade bilingüe–, coido que é atinado e pertinente.

Na segunda parte, e como lóxica consecuencia da primeira, estableces a peculiaridade distintiva da nosa realidade bilingüe. Sinalas duas notas: a) caráiter maioritario –aínda– da nosa lingua e, ademáis, a súa amplitude universal ao ser falada por máis de cen millóns de seres esparexidos en varios Continentes; b) os galegos sinten vergoña de falar a súa língua, feito que sometes a análise etiolóxico revelador: torsión histórica, humillación espiritual, sumisión colaboracionista, retranca, intimismo, capacidade de auto-burla, etc. Engades algunhas consideracións, certamente agudas, encol da libertade como destino natural do home e da necesaria adultez pra conquerila, que se manifesta na capacidade de elexir. Ao mesmo tempo acraras que o pobo galego non elexíu nistes derradeiros séculos falar galego, e que a língua galega, como resultado do seu aillamento rural, está empobrecida, "non é apta prá vida moderna".

21 Refírese a *Adiós María* (1971), única novela da escritora santiaguesa que logo desenvolvería unha máis ampla traxectoria como poeta.

Na terceira parte estudas a función da pedagoxía: técnica ao servicio do home, non ciencia con contido de seu. De donde se sigue que as razóns pra ensinar o galego non son pedagóxicas –ou seña, "técnicas"– senón moito máis profundas, dimanantes da xusticia, fundadas non na eficiencia técnica do ensino senón nos direitos da persoalidade.

Como che decía ao comezo, na primeira parte do traballo non vexo ningún reparo que facer. Unicamente, como pura suxerencia, perdiríache que puxeses un exemplo máis de realidades bilingües, distinto dos dous que sinalas no senso de presentar o caso dunha língua abafada polo predominio político-cultural da língua estatal e que, con todo, conquire afirmarse e ser reconocida en pé de igualdade: quizáis o caso do flamenco, língua dominada pola hexemonía político-cultural francófona, co inmenso peso do prestixio e da utilidade universal do francés, serviría ben pra contrapolo do caso galés. Penso que diste xeito quedaría máis equilibrada esa parte do teu traballo en orde á eficacia didáctica da sua verdadeira intención. Pra a miña maneira de ver, reducíndonos escrusivamente ao caso galés os leitores pouco informados sacarían unha imaxe parcial do conflicto das línguas minoritarias coas hexemónicas. O caso do flamenco en Bélxica ou do francés no Canadá ofrecen unha imaxe distinta, na que a vitalidade afirmativa da língua minoritaria e sometida é moito máis vigorosa que a do galés ¿Non coidas?

Na segunda parte do traballo –a descripción do caso galego–, ocúrrenseme dous reparos, un diles mais ben formal e o outro de matización de un dos xuicios que emites. O reparo formal é que ao presentares implicados os datos descriptivos do problema lingüístico de Galicia e máis as razóns profundas da nosa reivindicación –a necesidade da libertade para a plena realización do home, a necesidade da adultez pra chegar a ser libres, a capacidade de eleición como manifestación desa plenitude persoal, etc.–, quizáis perde nidieza "arquitectónica" o desenrolo conceitual do traballo. Ou seña, quizáis resultaría mellor limitar a segunda parte á descripción ouxetiva do problema galego, naturalmente con todalas acraracións históricas e interpretativas necesarias, e deixar pra unha parte final –nova– o desenrolo sistemático da argumentación reivindicativa. Serían catro partes en lugar de tres, e a derradeira sería conclusiva e artelladora das nosas razóns, sería como o froito argumental das tres partes enunciativas anteriores.

Tocante ao segundo reparo, trátase somentes de matizar un tantiño o xuicio que fás sobre a pobreza do galego, xuicio que é certo dentro da liña que ahí sigue o teu pensamento, pro que pode resultar despistante pra moitos lectores polo seu esquematismo tan sintético. Formulando así, sin máis, a afirmación de que o galego é unha língua probe, corremos o risco certo de que moitos a entendan na súa significación absoluta, e nise caso resultará errónea, porque como totalidade idiomática o galego non é pobre, senón que o é unicamente nunha dimensión: a do vocabulario técnico, industrial, administrativo, etc. desenvolto pola vida moderna. En cambio, para a espresión de todo o rico e complexo mundo da afectividade, para a espresión da vida psicolóxica en xeneral, para a espresión do pensamento

–por moi sutil que for–, para a espresión do mundo ouxetivo da realidade galega, e analóxicamente de outras, o galego non só non é pobre senón que é unha língua dotada de gran riqueza espresiva. E da súa aptitude para a espresión cultural máis elevada dannos testemuño Platón, Shakespeare, Heidegger, Spranger, Joyce, Eliot, Omar Kayyam, Anouilh, etc. ao espresárense con plenitude en galego. Como ti sabes moi ben todo esto, a túa afirmación hai que a entender referida a un feito que é certo: a non incorporación aitiva do galego ás eisixencias da vida moderna. Quizáis resultase menos equívoco si en lugar de falar con redondo laconismo da súa pobreza –que se podería entender como referida á totalidade da língua–, falasemos do seu estancamento ou inmobilismo socio-cultural campesiño, si ben tampouco deberemos esquecer que, no nivel da cultura superior, non hai hoxe ise estancamento, poisque correntes culturás como o existencialismo, o estruturalismo, a psicoloxía profunda (Jung, etc.), e as modas literarias máis recentes, teñen presencia aitiva na cultura galega. En realidade ocurre que a maioría da sociedade galega –a que fala galego mesmamente–, non acadóu o desenvolvemento e o dinamismo evolutivo da vida moderna, e a língua non fai senón refreixar esa situación da sociedade que a fala. De ahí que unha e maila outra esteñan nun intre crítico: ou evolucionan co ritmo necesario, ou serán abafadas pola historia. A evolución da lingua, no seu aspecto intrínsecamente lingüístico, non ten dificultade, poisque esa modernización consiste en asimilar un patrimonio mostrenco –tomado do grego, do latín, do inglés, etc.– que é común a bastantes línguas e que, si queremos aforrar traballo, podemos aproveitar o que nisa orde de cousas fixeron portugueses e brasileiros. A dificultade está en afianzar socialmente esa asimilación técnica. De ahí que pra nós vaian xuntas a promoción da sociedade galega e a promoción modernizadora da língua. Pra que a promoción da nosa sociedade seña plena compre que seña promoción do corpo e da alma, da economía e da cultura. Si a promoción ha de servir "pra que cheguemos a ser quenes somos", pra que academos máis plenitude na realización da nosa persoalidade de pobo, é evidente que a evolución da sociedade galega debe levar consigo idéntica evolución da língua galega. Que é o que ti realmente dis, pro que na formulación tan esquemática que lle dás pode ser entendido demasiado negativamente, esto é, mal entendido o teu pensamento.

As consideracións encol do valor da pedagoxía parécenme moi interesantes e moi aguda a súa utilización (ao marxe deso, algún dia gustarame discutir contigo esa radical "neutralidade" da pedagoxía, pois si ben é certo que na práctica funciona así, como mero instrumento dos fins políticos, eu teño a íntima creencia de que hai un ideal pedagóxico, un fin propio da pedagoxía, pro desto xa falaremos cando nos vexamos). O conto é que, tal como ti prantexas o problema, resulta moi crara a inexistencia de "razóns pedagóxicas" pra o ensino do galego, e eu quixera chamar a túa atención sobre o seguinte feito: pra que o ensino do galego poida ser unha realidade escolar en Galicia, é imprescindible a vontade colaboradora dos mestres; a maioría dos mestres, como a maioría dos cregos,

teñen unha mentalidade desgaleguizada –"colaboracionista"–, non por mala índole persoal senón como resultado da formación que lles diron; nesa mentalidade aitual do noso maxisterio, as razóns transpedagóxicas do ensino do galego serán completamente inoperantes, salvo nunha moi pequena minoría xa sensibilizada; polo mesmo, a única via de persuasión que temos sobre a maioría dos mestres galegos é xustamente a das razóns pedagóxicas de tal ensino. Non trato de che suxerir a supresión do teu razonamento, que é agudo e válido, senón máis ben de che suxerir unha pequena volta na súa formulación: en lugar de refugar de plano as razóns pedagóxicas decir que, ademáis desas razóns "técnicas", hai outras máis fondas, máis importantes, máis decisivas, etc. ¿Qué opinas?

Bon, esto xa vai sendo longo. Como ves, cumplín ben o teu encargo. Todo esto é completamente discutible e non ten máis finalidade que contrastar pareceres, de acordo co teu pedido.

Dixen a Vigo que vos mandasen o libro do Cambre Mariño e eu mandareivos dende eiquí un libro que publicaron en Lugo sobre "O porvir da língua galega", pra que vaiades arrecadando material.

En xaneiro irá uns dias ahí a Londres o Ricardo Palmás Casal[22], que é un rapaz galego-arxentino máis ou menos da vosa xeneración. Il é sociólogo e iste é o primeiro viaxe que fai a Europa, e tamén, craro, a Galicia. Deu cursos de galego en B. Aires. É intelixente e destaca nos medios galegos das terras platenses. Coido que é interesante que tome contaito co grupo londinense. Dinlle o voso enderezo.

Apertas nosas pra todos

Ramón

27

Compostela, 30-III-71

Querida Lily:

Hai ben tempo que recibín a nova versión do voso "Plan Pedagóxico Galego", pro non vos escribín por mor da folga postal que houbo nese país e da que ibamos tendo información polos xornáis. Soupen tamén que se rematóu, mas consideréi prudente deixar pasar algún tempo porque é de supor que terían bastantes toneladas de correspondencia atrasada.

---

22 **Ricardo Palmás Casal** (Buenos Aires, 1940). De pais galegos, fundou en Buenos Aires o Grupo Alén-Mar e foi secretario do Centro de Información Galega da capital arxentina. Nos anos setenta traballou na Axencia Efe en Londres. Publicou diversos traballos sobre emigración e, concretamente, sobre figuras como Castelao e Luís Seoane; así, en títulos como *A emigración galega na Arxentina* (1978) ou *Castelao: prosa do exilio* (1973).

Penso que quedóu ben. Apóiase nunhas cantas ideas básicas, craramente espostas, e sinala camiños a seguir. A min paréceme interesante que teñamos traballos diste tipo sobre os nosos problemas fundamentáis e que se dean a conocer pra orientación da xente. Coido que deberemos pubricalo no GRIAL e logo recollelo nun folleto, como fixemos coa conferencia do Valentín Arias sobre "O galego na escola". Xa vos terei ao tanto. Pode ser que teña que sustituir duas ou tres palabras pra non rozar a sensibilidade dos censores.

Dende que non vos escribo hai novedades. Por exemplo: o Departamento de Filoloxía Románica da nosa Universidade tomóu a iniciativa de elaborar un "Método" de galego de estilo moi moderno –teñen modelos cataláns, italiáns, franceses, etc.–, escalonado en tres libros –1º, 2º e 3º–, con moi pouquiña e moi dosificada Gramática e con moitos exercicios de leitura, vocabulario, etc. Foi obra colectiva do Departamento. Unha vez feito o primeiro libro, repartiron 50 copias entre profesores, escritores e pedagogos pra que lles fixesen observacións e suxerencias. Recibiron moitas –centos delas– e refixeron de novo o texto. Será editado pola Universidade e sairá o Dia das Letras Galegas. Os primeiros capítulos xa están no prelo. Con motivo deste texto escolar, o Departamento prantexouse o problema da unificación idiomática en relación co ensino. Elaboraron unhas bases e sometéronas a consulta. Finalmente, convocaron a un coloquio na mesma Universidade, ao que asistimos máis de 30 persoas das convidadas e discutimos os principáis problemas.

Na Escola de Maxisterio da Coruña organizaron un curso de cultura galega en galego, con moita concurrencia de estudiantes, e agora van iniciar un curso de língua galega. Eu estiven alí un dia –pedíronme que lles falase– e levéi sorpresa ao ver apegados os vosos boletíns na porta da entrada.

Agora andamos a voltas cos primeiros libros para os picariños. Van estar controlados idiomáticamente pola Universidade e pedagóxicamente polo I. C. E. Temos xa ún preparado e imos sometelo a ises controles previos.

Nistes dias houbo rebumbio no Seminario de Santiago –con paro escolar e todo–, porque lles puñan atrancos pra organizar un ciclo sobre Castelao. Coido que xa se arranxóu o conflicto.

Onte, en Pontevedra, unha monxa xoven deu unha conferencia relixiosa en galego. Coido que é a primeira vez que tal cousa ocurrre e tiña pensado ir escoitala. Ao cabo non puiden ir.

Unha interesante novedade é que está a prender a conciencia galega entre os xóvenes adicados aos estudios tecnolóxicos. Poderemos desbordar o campo humanístico.

Saúdos pra todos. Pra vós, unha aperta cordial de

Ramón

28

Compostela, 29-X-71

Querida Lily:

Recibín a tua carta cos orixináis que faltaban do "Macbeth" e mais cos dous contos teus.

Os contos gustáronme, pois acho neles unha lograda armonía entre a sinxeleza e a sobriedade narrativa e mais a sutil observación psicolóxica. Son como sinxelos anacos de vida humá, de vida colleita no decorrer cotián en intres de intensidade significativa. Publicarémolos en algún número do GRIAL, pois non é cousa de os condenar ao escuro silencio de algunha gaveta londinense.

Teremos en conta todalas indicacións referentes ao "Macbeth". Neste intre temos algo interrumpida a actividade editora porque hai un traslado dos obradoiros tipográficos do "Faro" para un novo local e, ademáis, teñen que rebovinar todas as máquinas por mor do troque de voltaxe. Resulta que o "Faro" separóu o negocio do xornal do negocio das artes gráficas e atopámonos obrigados a formar sociedade con eles na empresa das artes gráficas. Coido que será mellor así.

En principio estamos dispostos a ir ahí no Nadal. Si non xurden incomenentes, repetiremos o encontro de hai seis anos.

Apertas nosas para toda a familia

Ramón

Tardei en escribir porque estuven de viaxe.

29

Compostela, 26-XI-71

Querida familia:

Cando xa estabamos adoitados á idea de íremos pasar o Nadal con vós –aínda lembramos moi vivamente o de hai sete anos en Stanmore–, un acontecemento familiar que me convirte en protagonista obríganos a modificar os plans nesta ocasión. Resulta que unha sobriña miña, á que lle morréu o pai hai uns meses, vaise casar e pedíume que vaia de padriño. Teño que ir, e mesmo vou con gusto por ser ela unha rapaza de gran bondade e simpatía que vivíu con nós un par de anos eiquí en Compostela e que sempre foi, dende picariña, moi cordial. Iremos a Londres máis adiante.

Xa teño o libro de Aurelia Capmany, que che pensaba levar pro que, en vista dos novos plans, hoxe mesmo cho envío por correo. Non deixes de me pedir os libros que queiras de eiquí. O tema "femenino" vai cobrando presencia nos libros. Eu non sei cales son os libros que tes. Si mo dís, podo enivarche outros que non teñas.

O Cambre Mariño é un rapaz valioso e de moito mérito, que naceu e se criou en Vilaxoán –naceu e criouse campesiño–, emigróu de obreiro a Francia e terminou de profesor na Universidade de Puerto Rico. Ten unha arela case mística de loita redentora pola Galicia campesiña e mariñeira, pola nosa lingua, pola nosa cultura. Como é natural, o seu apostolado redentor ten unha base moral –a lealtade aos seus–, pro ten ao mesmo tempo unha espresión política –a loita contra un orden inxusto–. Dende alí, tan lonxe de Galicia, non pode facer moito. A falta de outras posibilidades, escribe. E, naturalmente, os seus escritos, na mesma medida en que responden aos seus fíns políticos, tropezan na censura. Entón escribe fora. E cando veu coa muller e cos fillos –todos de Puerto Rico– pasar unha tempada a Galicia, chamárono á Dirección Xeral de Seguridade e díronlle un prazo para saír do país. Todo esto exaspera a sua rebeldía, que se fai tanto máis doorosa canto máis comproba a sua impotencia. Como, por outra banda, alá en Puerto Rico –e dentro da mesma Universidade– defende tamén a rebeldía contra a inxusticia da "opresión americá", os problemas vánselle facendo cada vez maiores e máis agudos, ao punto de que eu temo que caia, ou padeza xa, nunha desesperación neurotizante. Neste estado de cousas, faloume da idea de promover unha revista galega na que se diga dende fora todas as cousas que non se poden decir dende eiquí. A miña impresión é que se trata de unha iniciativa bastante utópica en canto ás posibilidades de realización, pro pareceume que sería brutal pola miña parte o esmagarlle esa espranza que, si non acada outra cousa, polo menos como espranza sirve para liberalo da íntima sensación de acorralamento e, ademáis, permitiralle tomar contacto persoal con moitos galegos dos que andan polo mundo, cousa que me parece útil para el.

Bon, apertas para toda a familia, que non renunciamos a vos dar persoalmente noutra ocasión.

Ramón

Olla, Lily: ¿non pensas escribir máis contos?

30

Compostela, 12-XII-71

Querida amiga Lily:

Recibín a tua carta e mailo ensaio encol das novelas de Rosalía. Non deixa de ser gracioso que te levases a gran sorpresa ao bateres con el, talmente coma si nono tiveras escrito ti mesma. Eu coido que o escribirías cando aínda estabades en Stanmore, porque lembro que naquela ocasión falamos do tema e estabas bastante animada a escribir un traballo, para o que xa tiñas as ideas ben craras. A sorte foi que non se perdéu nada máis que na tua memoria. Publicarémolo no GRIAL.

Aínda non che mandéi o libro da Aurelia Capmany[23] porque o mesmo día que che escribín púxenme mal e aínda non fago vida normal. Escríboche dende a cama. Resulta que unha vella doenza gástrica que tiña medio esquecida fixo unha reaparición súpeta e enrabechada e tiven que tomala con pacencia para non encabuxala máis. Estóu bastante mellor e coido que tardaréi poucos días en recobrar a licencia médica para facer vida normal, inda que siga, craro, con alimentos de penitente durante as próximas Festas.

Hai anos, no 57, publicouse ahí en Londres un libro con oito traballos de autores distintos sobre a VIEIRA. Un dos capítulos, o correspondente a Christopher Hohler, trata do tema "The Badge of St. James". Si por un casual o atopades por algunha librería de vello e non é demasiado caro –a edición é de luxo–, quizáis sería interesante para a Fundación Penzol. A referencia do libro é "THE SCALLOP. Studies of Shell and its influences on human kind, by eitht authors. Cox, Iam, ed. London, "Shell Transport and Trading Co.", 1957.

Apertas nosas para toda a familia

Ramón

31

Compostela, 3-II-72

Benquerida Lily:

Recibín a tua carta. Xa sabía do accidente da familia Durán porque el mesmo me puxo unhas letras contándome o ocurrido, e tamén me decía que levaba 15 días asolagado na soidade e na preocupación. Sin dúbida que lle producíu grande impresión o accidente, no que, dentro de todo, tiveron a extraordinaria sorte de que todo o dano o levóu o coche.

Tocante á miña saúde, eu estaba moi confiado na aparente normalidade, pro vai de varias veces que avisa con bastante impertinencia de que a aparencia non é segura. Non sei, quizáis terei que renovar e alongar o tratamento. Non me tolle os azos, pro, con todo, estórbame abondo.

Hai pouco saíu un libro –primeiro dunha serie de tres– de Antropoloxía cultural de Galicia. O autor, Carmelo Lisón, é un antropólogo aragonés formado en Oxford. Apesares do seu doutoramento oxfordiense e da sua convivencia inglesa –ensinóu na Universidade de Sussex, casóu con unha inglesa–, semella bastante bruto. Eso sí, traballador e preparado técnicamente. O seu libro é interesante polo

23 **Aurelia Capmany** (Barcelona, 1918 – 1991). Adiantada do feminismo. Foi profesora, tradutora, novelista e ensaísta. O libro citado por Piñeiro é *El feminismo ibérico*, publicado en 1971.

contido documental directo, e moi discutíbel na parte interpretativa. En todo caso, interesante. Como eu teño este primeiro tomo, mándocho.

Estes días está en Madrid o Carballo Calero para facer a oposición á cadeira de Lingüística e Literatura Galega da Universidade compostelá. Ao cabo quedóu como único opositor, pois outro que as firmara non concurríu. No tribunal están Filgueira, Moralejo, Moreno Báez, Alarcos e Zamora Vicente.

Estes días están algo axitados os estudantes composteláns. Non parece que a cousa teña moito pulo.

Saúdos nosos para todos. Para vós unha forte e cordial aperta

Ramón

32

Compostela, 21-II-72

Querido Fernando:

Acabo de chegar de Madrid de asistir ás oposicións á cátedra de Lingüística e Literatura Galega da nosa Universidade. Despois de unha actuación moi brillante, o noso amigo Carballo Calero ganóu o voto unánime do tribunal. Eu asistín a todolos exercicios, tres dos cales foron en galego. O tribunal estaba formado por Moralejo, Moreno Báez, Zamora Vicente, Alarcos e Filgueira Valverde como presidente (por renuncia de Dámaso Alonso). Como ti fuches discípulo e eres amigo do Carballo, non quero deixar de che comunicar a boa noticia. De paso, tu mesmo lla fas saber aos demáis amigos de ahí. Pro si lle queredes escribir, o enderezo é: Carrera del Conde, 4 – Santiago de Compostela.

Apertas moi cordiáis de

Piñeiro

33

31-III-72

Queridos amigos:

Tuvemos tres dias libres e, como non nos chegaban para ir deica Londres, viñemos ver como se presenta a primavera por esta Galicia bracarense.

Temos ganas de ir ahí. Non sei cando dispoñeremos dos días precisos para poder ir.

Alégrome que che fose util o libro do Lisón.

Apertas nosas a todos, grandes e pequenos

Isabel Ramón

34

Compostela, 14-V -72

Benquerida Lily:

Esta tempada teño tal rebumbio de viaxes e de correspondencia que non estou seguro si che dixen que recibín o teu traballo e que sairá no próximo GRIAL, ou sexa, no mes que ven.

Mañán saímos Isabel e mais eu para Barcelona. Imos asistir á inauguración de unha exposición do libro galego que se abrirá alí o Día das Letras Galegas. Coido que resultará bastante ben.

Alégrome de que teñades idea de visitar Portugal, pois é seguro que vos ha interesar.

Acabo de recibir o novo boletín do voso grupo de traballo. Aínda non o lin.

Apertas nosas para toda a familia

Ramón

35

Compostela, 9-XII-72

Querida Lily e Fernando:

No ambiente compostelán xa se vai facendo presente a inminencia do Nadal. Esto lémbranos o que falamos na Coruña este vran en col dunha posible visita nosa en tales datas. Como nestes meses puideron producirse novedades nos vosos plans –visita dos vosos familiares, etc.–, non queremos decidir o viaxe sin un cambio de información sobre o particular. Poñédenos unhas liñas decíndonos si houbo cambios no plan. Como é natural, a nós o mesmo nos dá aprazar a visita para outra ocasión si esta non for idónea por calquera motivo.

O "Macbeth" galego xa anda polo mundo. Na Radio Popular do Ferrol –que fai duas emisións semanais en galego– fixeron un comentario informativo sobre o libro e sobre o traductor.

Xa saíu tamén a "POESÍA" de Manuel Antonio, un nutrido tomo con cinco libros de poemas, catro deles inéditos. Mandarémoscho para que fagas un comentario amplo para o GRIAL.

Agardamos noticias vosas. Apertas para toda a familia

Ramón

36

Compostela, 18-X-72

Benquerido Fernando:

¡Xa temos a Shakespeare en galego e disposto a trotar por Galicia adiante! Un paso ben importante na nosa cultura, tanto polo valor do Macbeth en si mesmo como polo fondo significado que ten esta adquisición universal para a nosa lingua. Si Shakespeare pode expresar en galego o seu grande xenio teatral, a ver que señoritingo pode aducir reparos á capacidade expresiva da nosa lingua.

Xa che mandarán un paquete de exemplares. Quedou ben. Encargarémoslle ao Carlos Durán que faga un comentario para o GRIAL.

Eu estou tratando de curar unha úlcera duodenal que me diagnosticaron os médicos. É a segunda que me produce o réxime español. Confío en curala i en que acabe o réxime antes de me producir a terceira.

Apertas a todos

Ramón

Non te esquezas dos traballo sobre a poesía inglesa contemporánea.

37

12-XII-72

Querido Fernando:

Velahí unha breve e moi precisa reseña do "Macbeth" galego que acaba de aparecer nun xornal de Barcelona. Non sei quen será o autor.

Acaba de sair o tomo da POESÍA de Manuel Antonio, con catro libros inéditos. Mandarémoscho para que fagas un comentario para o GRIAL.

Apertas a todos

Ramón

38

Compostela, 20-XII-72

Querido Fernando:

Xa temos os boletos para o día 29. Sairemos de Madrid ás 14'25 e chegaremos ahí duas horas mais tarde. Ou sexa, ás catro e media estaremos en London (si algún comando palestino non nos fai ir a Arxelia, claro).

Confiamos en que os magnates do café se teñan marchado en paz aos seus países e ti poidas dormir en paz despois da treboada. Supoño que, ao cabo, a todos lles convirá conservar a O.I.C. como centro das suas tirapuxas.

Non me lembrei na anterior de vos preguntar si queriades algunha cousa deiquí. Si algo queredes, escribide axiña a ver si chega a tempo a carta. Nós marcharemos a Madrid o 28.

Deica o 29. Apertas a todos

Ramón

Que teñades un ledo Nadal

39

Compostela, 11-I-73

Benqueridos Fernando e Lily:

Estamos xa incorporados ao noso adoitado vivir compostelán. Fixemos moi felizmente o viaxe de volta e chegamos a tempo para cear na casa o mesmo día 6. Agora todo decorre coma sempre.

Bon, todo decorre coma sempre pro con unha importante novedade: a lembranza viva e leda dos nosos días londinenses. A cotío nos imos deixando levar por sucesos que veñen e se van no tempo, pro, de vez en cando, algúns fican na memoria, botan raíces no noso propio ser. Así a nosa semana londinense cabo de vós, sempre animada pola cordialidade amistosa que reina no voso fogar. A sua lembranza arrequécenos.

Eu chegando, percurei a páxina que a "Voz de Galicia" adicou a Manuel Antonio para cha mandar . Non dei con ela. Mándoche unhas páxinas do número dominical do "Ideal Gallego" –do derradeiro domingo– para que llas amostres a Xavier, pois cando falamos da nova orientación deste xornal el non puido por menos de se manifestar incrédulo, cousa ben natural para quen, como el, conocía a etapa anterior.

Deloutro día de chegáremos entregámoslle ao Nogueira o libro. Tanto el como Maite preguntaron moito por vós e mostraron alegría ao saber que pode ocurrir que veñades na Semana Santa. O Nogueira descubriu decontado a carta dentro do libro.

Tamén lle entreguei as revistas ao Beiras, que se mostrou interesado polas duas. Tanto el como Teresiña preguntaron moito por vós.

García–Sabell alegrouse de que quedases comprometido a facer o comentario ao libro de Manuel Antonio.

Como vos digo, nós seguimos dominados pola lembranza do voso fogar. As sosegadas, sutís e matizadas parolas de Fernando, sempre tan suxestivas e gráciles; os silencios ouservadores e os agudos e firmes xuicios de Lily, moitas

ves iluminados por unha raiola de fina ironía; a rigurosa curiosidade intelectual de Ana, sempre cobizosa de exactitude, de precisión; o gaioleiro rechouchío de Beatriz; a sorrisa pándiga, bonachona, humanísima de Gabriel. Todo eso forma como unha máxica rede cordial que envolve e alegra a nosa memoria.

Lembranzas para todolos amigos. Para vós unha forte cordial aperta de

Isabel Ramón

40

Compostela, 28-III-73

Querido Fernando:

Coido que xa verías no derradeiro número de GRIAL o teu traballo encol das POESÍAS de Manuel Antonio e mais o dibuxo do poeta feito polo amigo Merino.

Si os vosos plans non variaron, non tardaremos en vos ver por eiquí. Alégranos pensar neso. Polo de agora fomos disfrutando de moi bon tempo e ogallá que prosiga para cando vós veñades. Claro que o coche novo de Lily non se vai asustar da choiva galaica si a nosa primavera o recibe chovendo.

Temos no prelo a versión galega de "Morte na Catedral", de Eliot, que fixo o Isidoro Millán. Traballou nela con moito empeño e coido que resultou ben.

Unha noticia interesante, tanto para ti como para Lily, é que "O Facho", para celebrar os seus dez anos de vida, convocóu un concurso de teatro infantil galego e concurriron 23 obras. Entre os concursantes había catro nomes conocidos e o resto eran novos, moitos deles mestres e mestras xóvenes. Das 23 obras hai unha espléndida –de Carlos Casares– e catro ou cinco moi estimables.

En Ribadavia, a agrupación xuvenil "Abrente" convocóu para o mes de maio a I Mostra de Teatro en Galego, xunto con un concurso de teatro. Para o concurso tiñan xa seis obras. Para participar na Mostra están inscritas nove agrupacións teatrais de distintas vilas galegas.

Saíu un libro do Beiras tiduado "O atraso económico de Galicia", que por certo está acadando un grande éxito.

Tamén está no prelo a novela do Carlos Durán[24].

Istes días temos eiquí, internado no "Policlínico", a D. Ramón Otero Pedrayo. Acaba de cumplir 85 anos e comeza a fallarlle a saúde.

Lembranzas nosas a todolos amigos. Apertas para vós

Ramón

24 *A teima* (Galaxia, 1973). Citada en nota anterior.

Si atopas por ahí unha edición de "A Biblia en España" non deixes de a traer cando veñades. Interésalle ao Carlos García Martínez. A traducción castelá acada de a reeditar "Alianza Editorial".

41

Compostela, 21-XI-73

Querida Lily:

Acaba de sair un refraneiro galego da muller e mándocho hoxe por correo para a tua biblioteca feminista. Por el poder ver cal é a filosofía popular sobre tan importante tema humán.

¿Que tal por ahí? ¿Escribes moito, ou algo siquera? Si é verdade o que me dixeron recentemente –que os Lugrís deixaron otra vez Londres e pasaron por aquí camiño do Sul–, o Fernando terá mais traballo na oficina. De todolos xeitos, seguro que xa domina o noruego.

Ao Lapa contestáronlle o Cunqueiro e mais o Franco Grande no "Faro" e un xoven poeta que se chama Darío Xohán Cabana no "Ideal". Eu contéstolle no próximo GRIAL. Non sei que lle ocurríu para sair súpetamente coa teoría de que abandonemos o galego e os sustituamos polo portugués. Nunca se lle tiña ocurrido tal cousa, e mesmo se interesaba moito polos problemas e progresos do galego literario.

No curso pasado ensináronlles galego a uns mil nenos de primeiro curso escolar. Fixérono a título de experimento pedagóxico. Agora andan preparando as cousas para facelo con carácter moito mais xeral no curso que ven. Nas Escolas Universitarias –antigas Normais– de Santiago e Ourense xa se ensina galego con carácter voluntario. Na de Ourense matriculáronse cen alumnos e na de Santiago todos os do curso. Agora van xestionar das outras tres Escolas Universitarias que incorporen tamén o ensino do galego.

Por eiquí, coma sempre. Temos un outono verdadeiramente espléndido.

Os Beiras marchan mañán a Lisboa, pois o sábado dará José Manuel unha conferencia no Centro Galego de aquela capital.

¿Que tal a xente menuda? As nenas estarán coas obrigas escolares. Gabriel, en cambio, seguirá tan pándigo pola casa adiante co seu reló musical.

Mandade algunha colaboración para o GRIAL.

Apertas garimosas para os cinco de

Isabel e Ramón

42

Compostela, 23-XII-74

Querida familia:

Ao cabo saíu unha revista infantil[25] para os nenos e os rapaces galegos. Costou tres anos de esforzos poder arranxar todo e acadar o necesario permiso ministerial. Imos ver como se difunde. Para facela teñen un equipo bastante amplo. Fan unha tirada de 15.000 exemplares, que me parecen demasiados.

Bon, en todo caso non deixa de ser un fito importante a aparición desta revista. Hai poucos anos era impensable, e agora aparecen duas, unha delas como suplemento do xornal ourensán "La Región", que tamén vos inclúo, e outra como revista propiamente tal.

Apertas nosas para todos

Ramón

Imos dedicar o proximo número de GRIAL a Castelao coincidindo co 25 cabodano da sua morte. Si queredes escribir para ese número e nolo mandades antes do 15 de xaneiro será moi ben recibido, como todas as cousas vosas.

Apertas

R.

43

Compostela, 22-V-75

Queridos Fernando e Lily:

Ao cabo, os Xurados dos que vós formabades parte decidiron declarar desertos os premios de teatro e de economía e socioloxía. Entenderon que ningunha das obras presentadas tiña o nivel requerido pola importancia do premio. Os vosos votos, claro, figuran nas respectivas actas.

No de economía e socioloxía, os especialistas en historia económica estiveron concordes en que o traballo sobre o século XIX lugués non tiña rigor científico e non se podía premiar; no tocante ao traballo de socioloxía da educación en Galicia, todos concordaron en que o tema era interesante e estaba ben enfocado, mas que estaba sin desenvolver. O autor, que resultou ser o xesuita Xosé Pérez

25 *Vagalume*, (Santiago, xaneiro de 1975), "publicación infantil e xuvenil". Rematou no número 46 (1978). Marta I. García de Leániz foi a súa primeira directora.

Vilariño[26], mostrouse de acordo en que estaba sin desenvolver e confesou que o improvisara en 15 días. Como o tema é interesante e moi oportuno, quedaron pendentes unhas negociacións entre Galaxia e el para concertar o compromiso de que faga un libro. O premio quedou deserto.

No de teatro, os catro membros se mostraron concordes en que ningunha obra tiña o nivel que esixía a importancia do premio, así que decidiron declaralo deserto.

No de lingüística somentes se presentou un traballo, mas non respondía ás condicións indicadas nas Bases, así que non se puido premiar.

Como vedes, no único que o concurso foi adiante foi no premio de novela. Presentáronse 13 orixinais. O xurado –Torrente Ballester, Cunqueiro, Celestino, Basilio Losada, Xavier Carro–, foi absolutamente unánime en conceder o premio a unha novela que resultou ser de Carlos Casares. Tamén coincidiron 4 dos 5 que eran en considerar que, despois da premiada, a mellor era unha novela que resultou ser a do lugués Paco Martín.

En fin, si resultan duas novelas boas xa non foi infructuoso o concurso.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

44

Compostela, 26-VI-75

Queridos amigos:

Sin contar con el xurdiu un viaxe a Berlín, Bonn e Londres. Irei con tres amigos. A Londres chegaremos o domingo 6 e partiremos o 10, así que confío en que nos podamos ver. Téñenme reservada habitación no St. Ermin's Hotel, Caxton Street, London, S.W. 1.

Como por esas datas tamén deben chegar os Beiras, seguramente podemos coincidir. Alegrareime ben de vos ver.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

26 **Xosé Pérez Vilariño** (Ferreira de Pantón, Lugo, 1938). Catedrático de Socioloxía da Universidade de Santiago. Autor de numerosos estudos de economía e socioloxía con particular atención ao ámbito galego. Colaborou en *Grial* no bienio 1982-83.

45

-X-75

Querido Fernando:

Xa soupen que estiveches uns días por aquí. Sentín non te ver. Mas agora as cousas ensarállanme de tal xeito que tamén a mín me ocurríu estar uns días en London e non vos puiden ver. Está visto que o mundo e a xente padecen demasiada movilidade.

Acabo de recibir este comentario a unha representación madrileña do "teu" Macbeth. Coido que foi nun Festival Internacional de Teatro que se celebra en Madrid. O comentarista, Andrés Amorós, é moi amigo meu e por eso me mandou copia do artigo. É catedrático de Literatura nun Instituto de Madrid e, ademais deso, un dos coordinadores da actividade cultural da Fundación Juan March.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

46

Compostela, 26-III-77

Benquerida Lily:

Alegrounos moito a tua carta, tanto por saber de vós como pola noticia de que ides vir na Pascua. Si chegades o 7, poderíamos vernos o 8 ou o 9, porque do 10 ao 13 case seguro que estaremos ausentes. E si seguides en Galicia despois do 13, nós estaremos de volta en Santiago. Si che parece, cando cheguedes á Coruña telefonéasnos e xa concordamos o encontro.

No vran estivemos un mes fora, así que as vosas chamadas deberon cadrar con esa ausencia nosa en Asturias.

Por aquí atoparedes bastante rebumbio político, inda que no vran, cando estivéstedes, xa había un ambiente semellante, así que non vos producirá sorpresa despois de tantos anos externamente inmóviles. En fin, xa falaremos.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

47

Compostela, 15-VII-77

Benqueridos Lily e Fernando:

Recibimos a vosa carta, coa cordial invitación para unha nova visita a Londres. Este ano temos as vacacións no setembro pois no traballo de Isabel teñen establecido o sistema de turnos e correspóndelle o último. De ir temos que aguardar a setembro. Como tivemos ocasión de conocer Londres no vran e no inverno, nesta ocasión sería unha impresión algo distinta, porque setembro xa anuncia o outono.

Eu saio o 22 para o Brasil. Convidáronme ao XV Congreso Internacional de Filoloxía Románica, que se celebra en Río, e logo terei que dar varias conferencias sobre a cultura galega por diversas Universidades do país. O itinerario é: Santiago – Madrid – Río-Belo Horizonte – Salvador – Lisboa – Madrid – Santiago. Segundo me din, o recorrido brasileiro durará pouco mais ou menos un mes.

Por aquí a novedade mais importante é que o Beiras tivo unha forte crise depresiva. Afortunadamente vai millorando con bastante rapidez. En realidade hai tempo que viña dando mostras de agotamento. Os médicos aconselláronlle que limite os seus compromisos e responsabilidades de xeito que non viva nesa excesiva tensión dos últimos anos. Como medida de prudencia, renunciou aos cárregos políticos no partido. Por todo esto, mudaron os plans das vacacións e non irán a Escocia nesta ocasión.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

48

Compostela, 1-IX-77

Querida Lily:

Como che dixen por teléfono –¡que sorpresa cando te escoitei tan próxima como si estiveras no Hostal!–, nós iremos con unha sobriña miña luguesa que ten grande ilusión de ir a London e que quixo aproveitar a ocasión do noso viaxe. Por eso decidimos levala e iremos os tres a un hotel. Chegaremos ahí o mércores día 7. Ese mesmo día xa vos chamaremos, pois coido que sobre as duas xa estaremos no hotel.

Onte dixéronnos os Beiras que chamárades por teléfono para os convidar a iren alí uns días. Foi unha moi atinada idea a vosa. Psicolóxicamente viríalles moi ben ese viaxe e nós animámolos a que vaian na semana que ven para concidiremos ahí todos. Sería boa cousa.

Apertas nosas para os cinco. Deica o día 7

Ramón

49

Compostela, 5-X-77

Benqueridos amigos:

Desde que regresamos de ahí fomos a Asturias, logo a Lugo e, finalmente, a Vigo. Só desde hai 3 días voltamos xa para a casa, pero aínda onte tiven que ir a Lugo e mañán terei que ir a Monforte. Con todo este ir e vir, a correspondencia foise demorando.

Chegaron as tres cartas a Rosalía, que na miña opinión pódense publicar xuntas. Son de leitura moi atraente e de vivo interés polo seu contido. Sempre e bon saber o que pensan as mulleres dos seus problemas como mulleres. En realidade non poderemos formar xuicio atinado sobre elas sin escoitalas, porque é indudábel que dentro do lindo e suxestivo corpo feminino hai unha persona. Seica os gregos, para marcar ben a diferencia esencial entre eles, como seres libres, e os escravos, a estes non lle reconocían a condición de personas e chamábanlles "corpos". E quizáis a nós, ós homes, a poderosa fascinación do corpo feminino –tan glorificado, e con xusticia, polo arte universal–, levounos a esquecer que dentro dese corpo hai unha realidade personal igual que a nosa. Claro que a visión feminista do problema simplifica bastante as cousas, pero tamén é certo que, no esencial, as suas denuncias responden a unha verdade innegable.

Nestes momentos, a situación de José e Tere é bastante boa. Con ela somentes falei hoxe, pero con él falei duas veces longamente. Cuando viñeron de ahí, el fixo unha crise igual que as que vós lle conocéstedes. Tere, con todo, estaba mais paciente que antes. É evidente que fixo cuanto puido por colaborar pacientemente con el. Ao pouco de chegaren iniciou un tratamento con un psiquiatra que lle recomendou Carlos e que eles non trataban personalmente. Desde logo, o tratamento vai producindo resultados, porque el está máis sereno. Incluso vai pola Facultade de vez en cando, cousa que anteriormente lle sería imposible. Non lle ten simpatía ao psiquiatra, pero vai facendo o tratamento con disciplina, e reconoce que está mellor. Desde logo, en todo este proceso sigue habendo un fondo de gran inestabilidade. Recentemente houbo unha crise forte nos dous, pero superouse. Eu confío moito, e así llo dixen, na evolución favorable do problema. Incluso comenza a facer esforzos por ganar terreo. Como é teimosamente auto-analítico, dí que a melloría débese ás fortes dosis de fármacos e que, no fondo, é mais aparente que real, pero esa impresión venlle da sua impaciencia por curar axiña. Nesa impaciencia coinciden os dous. Pero é evidente que el está sensiblemente mellor e que esto, á sua vez, inflúe moi favorablemente nela. O pior xa pasou.

Faime gracia a paixón do Fernando polas linguas ¿Así que agora comenzou con chinés? Despois de lle dar a volta ao mundo conquistando linguas rematará por estudiar o irlandés. Ben se ve que lle divirte, sin dúbida porque ten un especial talento para eso. Pero tamén o ten para outras cousas, que cultiva menos.

Eu estiven onte en Lugo para facer o pregón das festas do San Froilán, porque este ano, de acordo cos novos ventiños que corren, quixeron facelas mais populares e mais galegas. Pasado mañán teño que ir a Monforte dar unha conferencia sobre Otero Pedrayo. Como vedes, teño pouco acougo.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

50

Compostela, 17-X-77

Querido Fernando:

Hoxe quero poñeros unhas liñas para vos informar de que esta mañán comenzaron as clases na Universidade e José foi dar a sua e regresou satisfeito. Esto xa vos indica dos notables progresos que foi logrando o tratamento médico. Certo que de vez en cuando ten crisis. Hai poucos días veume ver con un estado de ánimo moi deprimido, pero no fondo era o medo á proximidade das clases. Vencida, polo menos inicialmente que era o mais difícil, esa barreira, coido que a melloría seguirá avanzando.

Compre decir que a colaboración de Tere foi extraordinaria. Ela ten confianza no médico e asimilou admirablemente as consideracións que este lle fixo sobre a importancia decisiva da axuda dela, especialmente coa sua paciencia, coa sua tolerancia, coa sua comprensión. Recomendoulle que, cuando lle resultase difícil soportar as enoxosas teimas propias dos deprimidos, evitase reaccionar temperamentalmente alonxándose. Ela cumplíu este programa con unha disciplina extraordinaria. Os mesmos nenos están sorprendidos da tranquilidade, da serenidade e da permanente mesura do seu comportamento. Ela mesma se desconoce, segundo me dixo o outro día con gracia. Desde logo, fai todo esto coa vontade consciente de lle axudar a el, aínda sendo bastante pesimista verbo do futuro, porque non cré que se trate de unha depresión senon dun deprimido. Está convencida de que José reproduce a personalidade do pai –deprimido crónico– e que, mesmo por eso, non estamos ante unha crisis pasaxeira senón ante o comenzo de unha actitude vital reiterativa. Con todo, aceptou con absoluta entrega o seu papel colaborador.

En fin, como hoxe foi un día sinalado para mediar a evolución do problema, non quixen deixar de vos informar. E mais aínda tratándose de boas noticias.

Apertas nosas para os cinco

Ramón

O problema do reconocemento da personalidade política de Galicia en termos análogos aos de Cataluña vai por bon camiño. Non sería raro que para fins ou comenzos de ano teñamos Xunta de Galicia. E presidente, claro.

51

Compostela, 12-VI-78

Querida Lily:

Recibín a tua carta. Non sei en que data tedes vós as va[ca]cións. Nós tampouco o sabemos certo, inda que temos mentes de que cadren do 15 de xullo ao 15 de agosto. Desde logo, iste ano non iremos ao extranxeiro, así que será mais doado coincidir por aquí.

A publicación do libro resúltanos polo de agora imposible. O brutal encarecemento das ediciós, xunto coa disminución adquisitiva que se vai acentuando mais e mais, obriganos a severas restriccións nos nosos programas. O malo é que non se lle vé un arranxo inmediato a este panorama.

O que si podemos facer é publicar no GRIAL esas cartas iniciais de que falas e que teñen unha significación mais directamente actual.

Confío en que nos veremos no vran. Apertas nosas para os cinco

Ramón

52

Sen Data

Querido Fernando:

Velahí unha boa noticia que trae hoxe o xornal: Tomás Barros[27] premiado en New York nun concurso poético. Como non deixará de che resultar interesante, mándoche o retallo da "Voz".

Mándoche tamén un programa da representación teatral de "A Fiestra Valdeira" que fixeron os mozos campesiños das terras de Ribadeo, segun me din con grande éxito no público. Tiveron que a repetir.

---

27 **Tomás Barros Pardo** (Toledo, 1922 – A Coruña, 1986). Pintor, poeta, dramaturgo e ensaísta. Cofundador da revista poética *Aturuxo* e de *Nordés*. A obra premiada á que alude a carta é o poemario *Abraio*, publicado en 1978.

Por correo aparte mándoche para o Xavier Toubes[28] un folleto con duas conferencias de Corredor Matheos sobre a cerámica popular e mais a cerámica de Miró-Artigas. Son conferencias que pronunciou no Castro.

Apertas pra os cinco

Ramón

28 **Francisco Xavier Toubes Vilariño** (A Coruña, 1947). Prestixioso ceramista. Nos anos setenta, en Londres, integrouse no Grupo de Traballo Galego e fixo estudos de cerámica, que continuou en Gloucester e logo nos Estados Unidos. Viviu e traballou en Holanda (onde dirixiu o European Ceramics Work Center) e Chicago.

IV. SELECCIÓN DE TEXTOS

IV. SELECCIÓN DE TEXTOS*

a) "A oportunidade histórica concreta do esprito galego"

A oportunidade histórica concreta do esprito galego

Vivimos arestora no ámbito dunha cultura que nas súas derradeiras manifestaciós temporais –as máis aituantes nas novas xeraciós– vén pezoñada polo parosismo dos vicios tradicionáis do seu pasado, consagrados polo poder político. Nistas condiciós, a eisistencia dunha tradición cultural independente ten un valor inapreciabre pra os xóvenes de boa vontade inteleitoal. O afastamento secular da cultura galega revélase coma preservación de valores, i asemade foino a carencia de realizaciós políticas, que lle permiten amosar unha nidieza non embazada nin desacreditada polo compromiso. Na hora da crisis das fórmulas de convivencia, unha reserva inédita diste xeito pode saír á luz.

Estamos a falar de valores de oportunidade, formales, sin entrar no análisis dos contidos. Vese isto craro no caso da fala que, aparte das súas posibilidás intrínsecas, ten a de subraiar isa independenza, e permitir a emancipación dos que nila esprésanse dos clichés estilísticos do castelán que frotan no ambiente. Sería interesante comprobar como niste refréxanse os vicios i-a chocallería do intre.

Galicia como ouxeto e como fundamento dunha tarefa inteleitoal

Teremos de partir do feito da esistencia dunha ouxetivización histórica do esprito galego, delimitando así unha realidade que atopamos no noso campo de visión. Así considerada, tal realidade, como outra calquera, pode ser ouxeto de estudio, tanto de percepción emocional como de conceptualización. Mais ista realidade –supoñemos xa a súa delimitación empírica– amósase como "exempro" dunha clás, nun doble senso: 1) exemprar de contidos culturais –sometidos ás leises xeneraes de estructura dises fenómenos–, 2) exemprar do esprito nun momento do seu desenrolo. Si o primeiro senso semella craro abondo, o segundo prantexa o problema de si é posible falar dun "exemplar" do esprito, i-en qué relación está o tal có esprito mesmo. É decir, si estudiar un esprito non é estudiar o Esprito mesmo, i-en qué senso é (ou non) isto así.

É posibre que a mística inteleitoal do racionalismo teña producido paradoxicamente un relativismo cultural non ben fundado, ó equiparar, medidas en valores de verdade, tódalas realizaciós culturais históricas, choendo o camiño dunha comprensión intencional das súas diversidades ou diverxencias. A redución conceptualista da vida espritual impuña isa equiparación. Mais aparece de

* Respectamos os orixinais dos textos.

présa arestora que as aitividás do esprito, as intencionaes i-asemade as creadoras, presentan unha faciana máis varia. Todalas direiciós dalgún xeito personalistas do pensamento aitual véñenos poñer de manifesto nun miolo do home no que caben matizaciós eficientes, diversas, e todas elas *reales* e *lexítimas* cara ó acceso á verdade.

As cencias do esprito son en boa medida un enfrentamento crarexador e dialogante do esprito consigo mesmo, verquido en formas espresivas. A máis outa distas formas –a única propia da cencia– é o linguaxe. O linguaxe vén sendo, por outra banda, unhas das creaciós espritoás coas que tén de se refacer a refresión científica. Emporiso non é posibre nistas cencias acadar a comprensión si non é no desenrolo verbal do logos específico do seu ouxeto-ouxeto último. Nun senso moi diferente do kantiano e do neokantismo, teríamos de decir que nilas o método crea ó ouxeto; millor dito *é* o ouxeto, ou polo menos revélao nunha inescindibre unidade.

¿Qué é *unha* cultura? A creación de ouxetos significativos –i-os ouxetos creados– i-o crarexamento espritoal acadados a partir da meditazón creadora sobor distes ouxetos, cando nistes procesos revélase unha estructura diferencial.

Superestado e círculos de cultura (??)[2]

A autarquía tiña sido un ideal das formas totalitarias do Estado, é decir, da realización do máis estremado nacionalismo. –Iste ideal deixa de tér sentido nunha organización *política* supranacional. A estensión do ámbito xeográfico do poder político, trai como consecuencia que o tamaño i-os recursos das naciós deixan de ter importancia. Por primeira vez, as minorías culturales teñen unha posibilidade de espresión, ó desvencellarse da servidumbre política.–

O estudo do ouxeto "cultura galega" é unha laboura ben definida. Pero tal ouxeto prantexa o problema de cáles teñan sido os faitores espritoais que o tallaron.

O desenrolo das posiblidades do esprito galego apreséntase, dista maneira, proieitado no vindeiro.

A pescuda do miolo orixinal das creaciós i-as formas de vida e pensamento galegas pode afincar unha tarefa inteleitoal valedeira.

Precisa ser aclarado o condicionamento social do esprito na historia ou na infrahistoria de Galicia. No contexto "España", o arredamento político ?

Xeografía. O esprito sopra onde quér / pro non sopra o mismo.

2 Así, no orixinal.

Dinámica do rexurdimento cultural

Imos resumir a situazón da cultura galega:

1. Un estrato popular, a poboazón rural e labrega, demográficamente poderosa, que nos séculos de silenzo cultural conservóu a fala e certas formas do esprito. Aitualmente, vese sometida a unha forte presión urbana, ou máis ben á xeral estensión das formas de vida que impón o seudocosmopolitismo.

2. Unha minoría na que prende a concencia da galeguidade i-os seus roteiros. Apóiase en boa parte na laboura das xeraciós que, a partir do Romantismo, acadaron ista concencia. Ten de loitar, entre outras, cas seguintes cuestiós:

1) Os séculos de silenzo cultural, nos que as minorías refugáronlle a espresión a Galicia, tiveron unha dura consecuencia no feito de que a fala, ó tér de limitarse ás formas de vida campesinas, empobreceríase. Disto, repetimos, non tiveron culpa os labregos, que fixeron abondo con non deixar perder o linguaxe. Mais hoxe ten que pesar máis que o cultiven. Primeiramente, porque forzosamente terán de facer o seu traballo nun certo isolamento, collidos entre as clases cultas ou cuasi cultas, cidadás, que falan castelán, i-os labregos, que van indo vencidos na súa loita. ¿Non teremos chegado demasiado tarde a coller o fachizo[3] dos homes da aldea? – O pecado cultural diste retraso ten de se pagar cun certo sacrificio que poda supoñer pra algús a renuncia á maior difusión que hoxe poidera dar á súa obra o de escribire en castelán. Nembargantes, –e deixando agora a un lado o que ista laboura teña de xusticia– o sacrificio cecáis non seña tanto como parece, e sobre todo como lles parece ós que non o fan, xa que como deixamos dito, a fala i-o vencellamento ó esprito galego, teñen no intre en que vivimos unha siñificazón de arela de sinceiridade e de inquérito das condiciós pra unha tarefa inteleitoal seria.

2) Hase de resolver a custión sociolóxica do papel que pode tér unha minoría nun rexurdimento cultural, e concretamente no rexurdir da cultura galega.

O feito capital eiquí é o do devalar da galeguidade no pobo. Isto fai que non sexa posible se confiare ó seu impulso nin deixarse levar dos que dil cheguen. Faise necesario, emporiso, acudir á historia, ás tradiciós, á recollida "in extremis" de verbas.

Por moi ouxetivamente que se mire, o intre ten unha faciana tráxica: un feixe de homes, convencido do valor dun esprito que está a morrer por falta de espresión, propónse darlla, salvando a forza de intensidade un afastamento de séculos. A laboura é delicada, i-o seu risco primeiro está ben á vista: a tacha de artificiosidade. Ista, xustificada ou non, terá de se erguer diante das obras dises homes.

¿Cál será o proceso de robustecemento disa minoría? Sería orientador fixar os seitores que terán de irse interesando na empresa.

3) A custión do dirixismo. A cultura tén de ser antes de nada iso: cultura, sometida ás súas propias leises. Nembargantes, hai o perigo de que a atención á

3 Despois de "fachizo" lemos "de más", que omitimos por carecer de sentido.

peculiaridade do esprito galego, desvíe o acto creador da súa intención propia. Cecáis o papel ideal da minoría de que vimos falando fose unha etapa, tan longa como fixera falla, de *preparación*. Mailo tempo, xa o temos dito, urxe. Por outra banda, a cultura non se presta a iste xénero de maniobra. E por outra aínda, soio presentando obras do máis estrito rigor cultural e perfeitamente á altura do tempo, pódese conquerir o respeto e desfacer os prexuicios tan fortemente afincados en contra da fala i-o esprito galegos.

4) Ábrese diante nós unha tarefa *política*, aínda si queremos chamarlle de política cultural. É nidiamente política a empresa de propoñer uns valores e percurar pra iles, coa aición práitica e crítica de oportunidade, a correspondente realización. A concencia da galeguidade, o emprego da fala, terán pois de se ire alongando a seitores cada vez máis amplos da poboazón galega, e primeiramente ós campesinos, sustanza e cerne dise pobo. Sería tanto como tér en ben pouca cousa ó esprito galego, e non valería a pena de traballar no seu desenrolo, si nos estivéramos convencidos de que terá de aportar algunha cousa a toda a cultura, incluídas as formas de convivencia, os hábitos, etc. O exemplo catalán poderíanos servir niste punto.

A minoría a que vímonos referindo é inteleitoal, praiticamente dun modo escrusivo. Cál terá de ser, xa que logo, a súa aititude cara iste problema político? Ó noso modo de ver, traicioaría e malograría a súa misión verquéndose na xeira enxebremente política. Unha forma disto sería, por exempro, a vulgarización. Non adicada á laboura máis estreitamente inteleitoal e rigorosa, pode lograr a rehabilitazón da fala. Os labregos, de certo, non han de apreciar as traduciós do Heidegger; mais tampouco o labrego castelán lé a Ortega, nin a Quevedo. Nembargantes, si Ortega ou Quevedo tivesen feito "Catecismo do labrego", o castelán non tería hoxe vixencia.

Ó político vindeiro tocará encher o abismo; e levaría moito adiantado si atopa unha cultura en lingua galega, áxil e seria, na que sufincarse.

De tódolos xeitos, os inteleitoais de arestora, non deben deixar de trasmán ise vindeiro, deben "deixar as portas abertas" pra que a súa empresa non sexa un pasatempo duns cantos escéntricos.

"O demais darásevos por engadimento". Teñamos cuidado, xa que logo, de non caír nun dos erros máis fondos do noso tempo, que é o de embazar políticamente os contidos que non son políticos de seu.

(*Inédito*)

b) "Vaticinio do teatro galego"

Non é doado falar do que agroma e tatexa nos espritos sin térese aínda vertido en formas ouxetivas, nin cómprenos fixar as parábolas do decorrer cultural vindeiro. Cantimáis nun arte como o Teatro en que as creaciós chámanse "obras"

ou "pezas", e que, na súa plenitude, é "representación". E, nembargantes, nunha descripción da nosa cultura que non seña somentes inventario do feito, ten de incluirse o Teatro.

¿Teatro galego? A Historia négase á nosa percura –a Historia feita–, mais non esquezamos o que a voz "cultura" ten do que chaman participio de futuro, que é o tempo en que gustamos de vere o esprito galego e tamén o noso, o dos homes de teatro, que sabemos de meses gastados en ensaios pra unha soia e fuxidía representación –ou pra unhas poucas máis, si é teatro do que chaman comercial.

Tamén no presente hai balbordo dramático nos nosos creadores máis mozos de anos ou de esprito. Gracias á obra distes contemporáneos, o noso vaticinio non quedará orfo disas resistencias ouxetivas sin as que riscaría de se perdere na máis aerostática abstraición. Vaticinaremos, no que poidamos, sobor das entranas de catro pezas dramáticas escritas: "Os vellos non deben de namorarse", de Castelao; "A Lagarada" i "O desengano do Prioiro", de D. Ramón Otero Pedrayo, i o aínda cheirento a tinta fresca "Vieiro choído", de Xosé-Luis Franco Grande. As datas distas pezas espállanse abondo pra nos dare testimonio de tuda unha época de inquedanza polo teatro.

Hanos servir tamén o catar os ventos que corren polos escearios do mundo, pra vere si o esprito, que sopra onde quer, enche o velamio da nosa nave. E, nun grado crecente de xeneralidade –xa faremos por non perder pé–, o que do Teatro e da súa esencia podamos adeprender nos seus teóricos e práiticos; así como o que do esprito galego se teña revelado á nosa intuición ou ás pescudas dos que saben facelas.

Da esencia do drama tense dito moi pouco que valla a pena de Aristóteles pra acó. A traxedia acadou cáseque ó mesmo tempo forma definitiva e conceituación crara. Non imos desenrolar nin eisexetizar a lumiosa doutrina da "Poética". Asinalaremos, eso si, aqueles releves que se descobren nela por primeira vez e teñen de ser apalpados e comprobados na nosa meditación de arestora.

Chama a atención primeiramente nista doutrina a súa complexidade, resposta á complexidade do que se formula. O Estagirita danos unha calmosa definición, artellada en seis elementos que, armonizados polo mañoso artista, han de facer xurdilo drama: o mito, os caraiteres, as sentencias, o léisico, o que se ve i a música. Iste cauto empirismo gañou perennidade pra a fórmula. Tanta que hastra ó cine podemos levala, e tamén alí hanos ser proveitosa. Gardemos, pois, os datos dista enumeración, tanto como a súa aititude ética, tan lonxana na orixe e na intención, da careta preceptista que tivo de soportar.

O Teatro non ademite simprificaciós arbitrarias. Aristóteles i os homes de teatro teñen de sorrir sempre diante as teimas de reducilo ás ideas, á lingoaxe belida ou ó social-realismo, e pode que estenderan a sorrisa hastra as beiras da gargallada ó ouviren falar de Teatro puro, Teatro de Arte, ou monstruosas tautoloxías diste xeito.

O Teatro é, de certo, literatura; pero non literatura pra lér, senón literatura pra representar. Os máis requintados bizantinismos téñense soerguido ás costas diste feito tan sinxelo, e non sempre foron estériles, porque a compricación chega a un cabo onde reventa de seu en sinxeleza, e porque ó marxe da especulación que perdeu o espello, o Teatro seguíu a súa vida aberta por esencia a quen a queira ver. As táboas son, moitas vegadas, balados sen pasadoiros pra os audaces, como aquil esceario estreito que pedía Goethe. A mesma forza que bota fora ó audaz, é nobre e prurificadora resistencia pra o honrado e necesario esperimentador, dos que o Ceo non nos deixe privados. Istas resistencias amósanse ó alleo –por veces con culpa da xente do baixo teatro– degradadas na amedrentadora "carpinteiría". I entón, os literatos fan teatro "non representable", teatro "pra lér". É un dooroso equivoco. Eiquí queríamos chegar, e por iso, ó falar das obras nas que ibamos afincarnos, chamabámoslles "pezas dramáticas escritas". Non podemos pensar en ter un teatro namentres démoslle as costas ó teatro.

O perigo é, arestora, de se creare en Galicia unha tradición de teatro escrito. De grado propoñeríamos nós remedios i esconxuros pra ista tentación, verdadeiramente diabólica (é cousa do Príncipe da Mentira, eludir as resistencias da nobre materialidade, e diste modo, forxar valeiros pantasmas), mais o poñelos na práitica é cousa que sal moito das nosas posibilidades e tamén das dos autores. Non é xustificado o receo dos escritores, e no teatro pódense facer moitas máis cousas das que eles cren e tamén máis das que cren os "carpinteiros". Pero, ¿ónde está o teatro? Tocamos un punto capital nista cuestión: a falla de representaciós. Hemos decir tamén que non túdalas obras de autores galegos que deixamos ditas están, na súa relación cas táboas, nunha mesma categoría. "Os vellos non deben de namorarse" ou "A Lagarada" non son pezas irrepresentabres, senon, de feito, irrepresentadas, cousa que, ca ollada posta na creación dun teatro galego ven sendo a mesma. Tampouco resolvería nada unha representación isolada, tentada por algún escritor animoso. Pra un vindeiro teatro galego non han faltar autores; o que falta é "vida teatral". Ista é xa cousa social, i en somellante terreo, os plans que soñemos na euforia das conversas ou na frialdade un pouco afastiada do gabinete, ficarán sempre demasiado lonxe do calor humán da sala chea, da tramoia bulidora e do chispeirazo estético e moral da comunicación dos espritos niste arte de asambleas que é o noso. O primeiro paso terá de ser dado nista liña; non podemos decir ónde nin cómo, pero parécenos que non será no teatro mesmo.

Unha vez dado ise hipotético impulso inicial, cuia posibilidade está vencellada a tantas cousas de fora do teatro, será chegada a hora dos direitores. É longa a polémica encol da relación de autor, direitor i aitores, e, de certo, imposibre de resolver nun plan teórico. Pra nós, cavilando no teatro galego e no seu perigo de facerse teatro escrito e nada máis, está craro que a teatralización –o remedio– estará, nisa hora de que falamos, nas mans dos direitores.

Resumindo: pra facer un poema ou unha novela abonda con ter xenio ou talento, papel ou calisquera sucedáneo, pruma e tinta ou lápiz e con que aguzalo;

pra facer teatro fai falla, ademáis, un esceario, aínda que seña modesto, uns aitores e todalas compricaciós que do manexo dun e dos outros xurden. O dramaturgo ten necesidade de contaito co púbrico, e iste ha de darse nise contaito, non "sub especie" de leitor, senon de espeitador, que é unha forma sociolóxica moi diferente. Isto non é unha exixencia arbitraria; é a esenza do teatro. Si facemos calisquera outra cousa, chamémoslle de calisquera outra maneira. Eiquí estamos a falar do Teatro.

Non imos abandoar aínda iste fenómeno tan fácil de comprobar, tan ó alcance do sentido común –parécenos–. Nin tampouco a Aristóteles i a súa prudente lista de elementos teatrales. Cavilemos un pouco nise que il chamou o "mito". O "mito" é o que hoxe chamanos a "aición", o encadeamento de situaciós desenroladas e de conductas, é decir, de aititudes con sentido, que fan que a peza poida ser representada. Algo ten que estar a pasar, a decorrer no tempo. Todo canto na obra queira darnos o seu autor terá, xa que logo, de vir contido nista aición como o seu sentido ou un dos seus posibres sentidos (ideas, tipos), ou estreitamente subordinada ós límites que aquela impón (lingoaxe). O que a aición apresenta é sempre, en certa maneira, a vida; sin que isto queira decir que haxa de batir xusto co curso vital decotío. A "verosimilitude" non é un estreito preceito de confrontación coa realidade extra-dramática, senon a lei estructural do drama. I o mesmo caráiter ten o que poderíamos chamar "principio da necesidade da aición".

As operaciós do arte comezan, no drama, pola aición, pois ista ten de ser arriquecida, sintetizada e disposta de tal maneira que sirva ás intenciós da peza.

Hai no teatro moderno dous camiños polos que a aición perde peso e consistencia: o teatro poético de certos epígonos de Maeterlinck, i o teatro comprometido con ideoloxías ou teatro de propaganda. O primeiro, ó substituir a aición esterior por unha "aición interior", dá na lírica; o segundo, empobrece a trama pra atribuirlle un soio sentido, ben determiñado.

Non hai señas, gracias sean dadas, de que o teatro galego haxa de ir polo camiño da propaganda, que o esprito sán sabe sempre cómo evitar. O "teatro poético", en troques, pode ser un dos elementos determiñantes do futuro drama galego. Non hai que ter medo por que así seña, ou polo menos, non hai que telo mentres non vexamos qué fan os autores por ise camiño. Das pezas xa feitas, é o "Vieiro choido" de Franco Grande a que máis pode insinarnos a iste respeito.

Maeterlinck, pai dunha afirmación tan pouco dramática como a de que había de chegar tempo en que os espritos comunicáranse direitamente, sin o intermedio dos corpos –afirmación que pasóu ós xornaes de tantos adolescentes–, fixo, nembargantes, teatro. Rilke veu posibilidade de tentar a forma dramática por istes vieiros, e teorizou, inda que brevemente, sobor de aquiles. Hai toda unha xeración europea na que o esprito riscou confundirse co espiritismo; e si o "ismo" é sempre rebaixador, calcúlese o que será apricado ó esprito. Istas desviaciós patolóxicas están lonxe do teatro de Xosé Luis Franco, que sabe ben o que é o esprito e respeta ós seus artellamentos. Dista maneira, hai no seu drama, tan literario, unha "aición

interior", quizaves a máis lexítima, porque nace de enfrentamentos e tensiós do ser ideal, tan eisistente i efeitivo como o real.

Si houbéramos de buscar no teatro galego escrito unha mostra de aición esterior ricaz abondo pra soportar un mundo de siñificaciós e impricaciós dramáticas, tería de ser ista "A Lagarada", de D. Ramón Otero Pedrayo. Nista peza do ano mil novecentos vintenove, D. Ramón deixou afincado o que pode ser comenzo dunha interesante e viva tradición teatral. A escea "poética" na bodega, intercalada na aición, queda ben isolada do canle dramático, i anuncia esa maravillosa "outra cousa" que é "O desengano do Prioro".

Xa deixamos dito que o léisico, a linguaxe, é un elemento subordinado á aición, como ten que ser nun arte callado nas estruturas vitais. O galego cultivouse, principalmente, na lírica, hastra estremos de insospeitada finura. ¿Non pesará de máis esta tradición á hora de facer falar ós persoaxes do drama? Xa o veremos. É así, polo de pronto, en "Vieiro choído"; e non é, no outro estremo, en "Os vellos no deben de namorarse". A linguaxe dista última peza é, nembargantes, fortemente literaria; pero con raigañas nunha tradición diferente: a espreisionista –chamésmoslle provisoriamente así–, presente na fala do pobo i estilizada na fundamental aportación de Valle-Inclán ó teatro español.

No campo da "opsis", do que se ve, o teatro galego ten estraordinarias posibilidades. As acotaciós da peza de Castelao ben as amosan. I a imaxinación plástica non é cousa somentes do pintor autor de "Os vellos non deben de namorarse", senon que aparece en tudo o teatro galego. A soñada xeración de direitores de escea galegos poderá ensinar moito niste terreo, parécenos, ó teatro aitual.

Non quixeramos pechar iste vaticinio sin falar do que a algúns halles parecer esencial, tendo por puramente formal tudo o dito hastra agora: a correspondencia ou non do esprito galego co esprito dramático. O probrema "de fondo", que diríamos. O vaticinador, ten cavilado niso, e non atopa razós polas que o home galego non poida chegar a intuir i a resoar catárticamente isas situaciós límite do home chegado á súa máis plena humanidade, que son as situaciós dramáticas. Parécelle tamén que o creador pode verter nelas algús sentimentos, como o da saudade, que darían orixe a xiros dramáticos descoñecidos na tradición teatral. Queremos tamén cavilar máis sobor distas cousas, e nista cavilación i os seus froitos poñemos a intención do homaxe a que iste vaticinio se incorpora. Creemos, sobre todo, que o teatro galego está a facerse, e non ten por qué enredarse nistas cavilaciós dos seus primeiros principios. Ten xa, i en boa e principalísima parte por obra de don Ramón Otero Pedrayo, raigañas abondo pra vivir de seu.

Ferrol, 1958

(Homaxe a Ramón Otero Pedrayo, Vigo: Galaxia, 1958, pp. 319-323).

c) "Plácido Castro e o problema político de Irlanda"

Plácido e Irlanda

Irlanda é un lugar de predilección para o intelecto de Plácido R. Castro e para a súa sensibilidade estética, moral e política. A combinación pouco frecuente destas tres dimensións é unha fonte da riqueza desta personalidade á que a atención de Galicia chega con tanta demora, no centenario do seu nacimento e máis de sesenta anos despois da traxedia colectiva e personal que interrumpeu o que con certeza tería sido una contribución valiosísima ao desenvolvimento político e intelectual do noso país. Chegou a hora de abeirarnos a esa corrente sumerxida da que estamos tan necesitados e que, polas razóns que fose, estivo desaproveitada neses decenios de incerta orzada que van daquela catástrofe á situación actual, que aínda é cedo para calificar. Máis val tarde que nunca, e o pensamento de Plácido Castro aínda pode servirnos hoxe, o que proba tanto a súa fecundidade como que a historia non acabou e que o país e os que nel matinamos temos tarefa abondo diante de nós, e non podemos darnos o luxo de desbotar nada.

Irlanda era tema do galeguismo da xeración de Plácido, pero ninguén tivo a oportunidade de ver esa realidade tan de perto como ele. O correr da vida deste gromo dunha familia de Corcubión anglófila non só por sentimento senón por relacións económicas importantes coa Gran Bretaña e o Norte de Europa xa nos anos de pasaxe do século XIX ao XX –pois Galicia non estaba daquela tan aillada do mundo como a veces din– educouse desde os seis anos na Escocia, primeiro no colexio Scarborough e despois na Universidade de Glasgow. No Reino Unido bebeu nas fontes dunha cultura artística e política moi madura. Vai debalando o esplendor outonizo da época eduardiana e éntrase no abastado inverno da xeorxiana, que terá que atravesar a terrible crise da guerra chamada entón europea. Son os anos da volta ao poder do Partido Liberal, de Asquith e Lloyd George, a formación política homónima da que atraía a lealtade familiar dos Castro de Corcubión. E o problema de Irlanda, vello xa de séculos, ata as polémicas e as dificultades da política do Reino Unido, e vai entrando no canle que, có intermedio da guerra do 14, rematará na creación do Estado Libre, a guerra civil irlandesa e a partición da illa. Neses anos Plácido Castro pasa de neno a home. Irlanda ten para el un interese especial. "Para nós, a nación mais interesante do mundo" dirá dela. Plácido entende ao mesmo tempo, como poucos, a perspectiva inglesa do problema, que é a que vive e coñece, e os dilemas do liberalismo gobernante fronte desa problemática. Pero a súa relación con Irlanda ten outros aspectos que van alén da política. No madurecer do seu pensamento galeguista vai chegando á formulación do binomio identidade-universalismo, que é a súa grande aportación ao pensamento –e á práctica– do galeguismo do século XX (non sabemos a influencia que poda ter tido na "Galicia, célula de universalidade" do programa do PG, unha das moitas cousas por estudiar) , e, polo lado da identidade, ancora no celtismo. Chega a velo como alternativa a outras civilizacións no cadro universal. O esplendor

do renacemento das letras irlandesas enleva a súa sensibilidade literaria. O teatro, sobre todo, que é sempre unha das súas afeizóns dominantes, encontra praceres e tamén ensinanzas para Galicia na experiencia do Abbey Theatre de Dublín. De todo iso virán as maxistrais traduccións de Yeats e as súas esperanzas no papel do teatro canto ao reforzamento da identidade galega. A crónica das súas viaxes pola Illa para "El Pueblo Gallego" expresa con forza e engado a súa visión de galego en Irlanda, e vai acompañada de fotografías de considerable valor artístico, que lembran por veces a estética dos documentais en branco e preto de John Grierson e os seus sucesores nas décadas seguintes. Merecen comentario aparte esas crónicas. Todo esto configura a estreita e rica relación entre Plácido Castro e Irlanda, tan rica en facetas como a personalidade de quen foi político, escritor e fino acuarelista...

(Decembro 2001)

(*Plácido Castro no Centenario*, Baiona: Igadi, 2002, pp. 25-27).

d) "Irlanda e as novas formas de vida internacional: As institucións do proceso de paz"

Para falar das novas institucións temos que partir, verdadeiramente, do Tratado Anglo-Irlandés de 1985, aínda que os precedentes estaban xa nos Acordos de Sunningdale de 1973. A Asemblea e o Executivo que se crearon en Sunningdale non duraron máis que poucos meses e foron torpedeados en maio de 1974 pola folga do Consello Obreiro do Ulster. Faltaba nesas institucións de poder compartido o Sinn Fein (o elemento nacionalista que entraba nelas era o SDLP). Para que o Sinn Fein fose incorporado era precisa polo menos unha tregua e, a poder ser, unha paz. Iso foi o que fixo o chamado proceso de paz, que comeza timidamente coa declaración de Downing Street o 15 de decembro de 1993 e a declaración de tregua do IRA en agosto do ano seguinte. Segue unha serie de xestos e medidas conciliatorias e, en decembro de 1994, celébrase o primeiro encontro entre funcionarios británicos e dirixentes do Sinn Fein. En 1995 publícase o documento-marco conxunto de John Major e o novo Taoiseach, John Bruton. Ese mesmo ano aparece presidindo o organismo Internacional de Retirada de Armas un amigo de confianza do presidente Clinton, o senador George Mitchell, que había de ter un papel tan importante no proceso. Con interrupcións, crises, levantamento da tregua, a explosión da bomba de Canary Wharf e todo o demais, o proceso estaba en marcha. Culminou no Acordo do Venres Santo e no novo Tratado Británico-Irlandés.

Temos, pois, un deseño de institucións, debido seguramente, como hoxe se vai vendo cada vez máis, ás ideas de John Hume e aos intereses dos Estados Unidos e da Unión Europea. E, en paralelo, un proceso de paz no que se procura "traer ao rego" ao Sinn Fein. E tamén ás forzas paramilitares lealistas. As institucións están establecidas. En cambio, o proceso de paz non está rematado, ao meu ver, nin o estará mentres non se complete a retirada das armas dos paramilitares.

(...)

As novas institucións, consagradas no Acordo do Venres Santo e no novo Tratado, que xa non é "Anglo-Irlandés" coma o de 1985, senón "Británico-Irlandés", son, en primeiro lugar a Asemblea e o Executivo de Irlanda do Norte –cuestión constitucional e interna, comparable en principio a das outras autonomías– , e despois as "internacionais": Consello Ministerial Norte-Sur; Consello Británico-Irlandés e a Conferencia Intergobernamental Británico-Irlandesa; mais os chamados organismos de aplicación.

As ideas que as inspiran son as de John Hume, tan próximo sempre ao modo de pensar de Bruxelas. Quen estea un pouco familiarizado coa linguaxe comunitaria atopará de seguida expresións e razoamentos de estilo comunitario. Hai dúas expresións que se utilizan para estes textos do SDLP e que pode que non sexan moi felices, pero que serven para caracterizar o novo enfoque das estructuras: son "consociacionalismo", na esfera interior, e "intergobernamentalismo" na exterior.

Vou falar da "consociación" primeiro, ou sexa, da solución constitucional que se lle deu ao poder autonómico de Irlanda do Norte. "Consociación" vén sendo outra maneira de lle chamar á doutrina de compartir o poder, o "power sharing" de que tanto se fala. Xustifícase, segundo os seus partidarios, no caso de comunidades divididas suxeitas a unha autoridade común. Cando conviven nun país grupos enfrontados ata o punto de non coincidiren en case nada e teren valores e proxectos de futuro tan diferentes que acaban por provocar enfrontamentos armados nos que se di que cada grupo loita pola supervivencia, estamos nunha situación que no título dun libro sobre as orixes dos disturbios dos trinta anos últimos no Ulster se chamou: "gobernar sen consentimento". Esa era a situación en Irlanda do Norte baixo o Goberno autónomo do Stormont. Unha gran parte da poboación, –arredor do 40 por cento– sentíase oprimida, allea ao sistema, discriminada e desprotexida. Non hai que esquecer que estes últimos trinta anos de disturbios comezaron coa axitación a favor dos dereitos civís, e que o IRA só entrou en acción algo máis adiante e despois dunha crise interna. E nembargantes, o sistema era democrático, en termos electorais, igual ao do Reino Unido. Pero o sistema de maioría simple en cada distrito para elixir deputado, co resto dos votos perdidos, que aínda é o preferido en Inglaterra, daba lugar en Irlanda ao perpetuo dominio dos Unionistas. O sistema electoral para a nova Asemblea é o proporcional, na variante do chamado "voto único transferible", que asegura unha representación máis xusta das minorías. Pero a "consociación" vai máis lonxe diso, xa que garante a presencia das minorías no Executivo e na toma de decisións, cun sistema de maiorías ponderadas e distribuídas (distribuída quere dicir a maioría de unionistas e maioría de nacionalistas, por separado; e ponderada, o 60 % dos votos de cada partido). Ese sistema aplícase á designación do Primeiro e Vice Primeiro Ministro e a unha serie de decisións que se indican concretamente. Ademais, poden ser necesarias esas maiorías distribuídas para calquera outro asunto que sinalen 30 dos

180 deputados da asemblea. Para a elección dos dez ministros séguese o sistema d'Hondt sobre a base dos escanos de cada partido na Asemblea.

Pero non é só isto. Hai outro aspecto que eu quero salientar porque ten máis que ver coas perspectivas de futuro destes arranxos, co carácter de experimento de novas formas constitucionais e internacionais. É o seguinte: Todos parecen estar de acordo en que os gobernos de coalición que resultan do sistema proporcional son menos "fortes" que os que resultan dun bipartidismo que lle dea fortes maiorías parlamentarias ao goberno. E pódese pensar que unha situación de sociedade tan dividida e con comunidades tan enfrontadas coma a da Irlanda do Norte precisa un goberno forte. Vai ser moi interesante ver cómo se contrapesan a lexitimidade que dá ter representación de todas as comunidades no executivo e a necesidade de tomar decisións para o conxunto. Moitas das medidas que fan falta non teñen moito que ver, seguramente, coas divisións sociais, pero vai ser inevitable que se negocien neses termos. ¿Cal vai ser a unidade dun Gabinete no que senta como ministro de Educación Martin McGuinness, vello comandante do IRA, ou sexa "terrorista" arrepentido para os seus colegas ministeriais, entre os que hai dous lugartenentes do reverendo Ian Paisley como ministros de Desenvolvemento Rexional e Social?

Nunha perspectiva máis ampla, pódese pensar que a forza do Estado perdeu importancia non só nos estados nacionais senón tamén nestes novos e autonómicos. Que os problemas poden ser resolvidos pola sociedade civil ou por entidades non gobernamentais. Entón, é máis importante a presencia case simbólica e lexitimadora das comunidades enfrontadas nun goberno que cobre como unha cúpula entidades decisorias a outros niveis. Esta forma de pensar, que imos encontrar noutros particulares do meu tema desta noite, paréceme que encerra riscos considerables. É moi sospeitoso o entusiasmo por desfacerse do Estado, e cómpre escrutar con moita atención e coidado quén son os entusiastas e por qué están tan entusiasmados. Algúns estarano por optimismo e porque a crítica do Estado foi tema clásico de moitas variedades do progresismo. Pero iso non bastaría, nin bastou nunca. O poder non vai desaparecer nin diminuír coa diminución do Estado. Hai que ver, pois, ónde están os novos centros de poder, seguramente máis opacos nesta nova Europa e novo mundo que se está configurando. Levou moitos séculos democratizar ata certo punto o Estado, e vai haber que loitar bastante para democratizar os novos poderes. Iso na esfera interna e constitucional de cómo vai ser o goberno de Belfast.

A outra grande idea de Hume e os seus inspiradores europeos é a da "intergobernamentalidade" da solución. Iso é o que máis distingue esta autonomía das outras. En Escocia e no País de Gales a autonomía foi concedida por Lei do Parlamento da Gran Bretaña. Foi un asunto interno, de organización do Estado. No caso de Irlanda do Norte xa houbera unha autonomía así, máis vella ca ningunha, desde 1920 ata 1972. Xa vimos por qué deixou de funcionar. A que chegou agora é

resultado de arranxos e tratados entre dous Estados independentes: o Reino Unido e a República de Irlanda. De certo xeito eles garanten as novas institucións.

Nos tratados recoñécense varios puntos importantísimos, que eliminan os principais atrancos "históricos" do problema. A República de Irlanda abandona a reivindicación do Ulster como parte irredenta do territorio nacional, para o que houbo que emendar a Constitución de 1937. O Reino Unido recoñece o dereito á autodeterminación do pobo de Irlanda do Norte, no senso de que cando a maioría decida deixar de ser parte do Reino Unido non se oporá a adoptar a lexislación. Recoñecen tamén os dous Estados que, polo de agora, a maioría do pobo de Irlanda do Norte quere seguir sendo parte de Reino Unido, e que, por conseguinte, seguirá séndoo, e esa situación só pode mudar por medios electorais e pacíficos.

Sobre esas bases, créanse as institucións intergobernamentais.

O Consello Ministerial Norte-Sur estudia e adopta medidas, en asuntos de interese común. O importante é que esas medidas pódense aplicar separadamente por unha e outra xurisdicción, ou en toda a illa de Irlanda polos organismos de aplicación que se creen. Esto último é verdadeiramente novo, en termos internacionais: unha soberanía conxunta aplicada por organismos competentes no territorio de dous estados diferentes. Pode ir acompañado no futuro de un Foro Interparlamentario e un Foro Cívico.

O Consello Británico-Irlandés é o que antes se ía chamar "Consello das Illas". Vén sendo unha xuntanza das autonomías para harmonizar todas as relacións entre elas. Están representados nel os gobernos do Reino Unido e de Irlanda do Norte, as autoridades autónomas de Escocia, País de Gales e Irlanda do Norte, e, aínda que no son autónomas, a Illa de Man e as Illas Anglo-Normandas. É, sobre todo, un organismo deliberante, que funcionará por consenso e as súas decisións non obrigarán nada máis que ao estado ou autonomía que as acepte. Pénsase que fomentará tamén acordos bilaterais ou multilaterais entre os membros.

A Conferencia Intergobernamental Británico-Irlandesa, outro organismo deliberante e de cooperación, en principio. Reúnese a nivel de xefes de goberno ou de ministros e asesores. Tal vez o aspecto máis importante sexa o de que pode servir –e isto recoñécese expresamente– para que o Goberno da República de Irlanda presente opinións e propostas en asuntos que lle afectan a Irlanda do Norte pero que non foron transferidos ao goberno autónomo, é dicir, que seguen sendo da competencia do secretario de Estado para Irlanda do Norte no goberno británico. É máis un sinal do interese especial que se lle recoñece ao Goberno de Dublín nos asuntos do norte.

Os organismos de aplicación iranse creando para as esferas de cooperación que vaia decidindo o Consello Ministerial Norte-Sur. Está claro que teñen un papel integrador e preparador, sen dúbida, da futura unidade da illa. A dimensión europea vai ser moi importante aquí xa que boa parte dos 400 millóns de libras de fondos europeos vai ir a proxectos dese xénero. Houbo grande resistencia en Bruxelas a levar eses fondos polas canles dos gobernos, e preferiuse que vaian

a nivel máis básico. Os organismos de aplicación van ter aí un papel importante, seguramente.

Extracto do relatorio presentado por Fernando Pérez-Barreiro Nolla na 1ª Conferencia Anual Plácido Castro, celebrada en Vilagarcía de Arousa o 25 de xaneiro de 2000.

(*Tempo Exterior*, nº 11, 2ª época, xullo-decembro 2005)

e) "Páxinas do atlas do espírito"

Londres, este poema longo, esta adiviñanza en que me perdo e atopo cada día, ten estratos xeolóxicos e arqueolóxicos, alicerces de pedra e cascallo, ríos forzados a correr baixo terra e saír só ás veces para ilustrar un parque, tubos e abóbadas para carruaxes outrora de vapor e agora eléctricas, esgotos ecoantes como Niágaras ou calados como lagos alpestres, e quén sabe canto máis. Pero ten tamén un fondo de memorias, de lembranzas de lecturas, de dramas que non deixaron rastro, mesmo dalgún ferrolán que caeu unha noite dunha facada no Soho. Vida, soños e literatura, todo é un nas grandes cidades, e moitísimo nesta.

O Londres ao que eu cheguei hai cuase medio século era distinto deste polo que hoxe ando. Pero aquel aínda está neste. E cando cheguei xa atopei tamén outros anteriores, que tiña diante min con só debruzarme na banceira do pozo do tempo.

Este pozo é máis fondo e máis doado de ver nunhas cidades que noutras, porque non depende da xeografía física senón da mental, da que levan os humanos nas súas ideas e nas súas imaxinacións. As vilas e as paisaxes do espírito teñen unha cartografía engaioladora, un atlas que está por facer e que cecais teña que esperar para ser visto á consumación dos tempos.

Camiñando por Londres é doado decatarse de que non sufriu as vasoiradas do vandalismo municipal que muda os nomes das rúas e os lugares a compás dos remuíños efímeros da historia superficial. Cando lemos unha novela de Dickens podemos aínda recoñecer os mesmos nomes con que hoxe batemos, tomar o Metro en estacións que levan eses nomes, velos por todas partes. Hai un grande conforto psicolóxico nesa permanencia. E igual coa abundancia de nomes que responden á peculiaridades xeográficas ou ao nome de quen nun tempo foi dono daquelas terras: a rúa do río Fleet, a corredoira das sebes, a ringleira do páramo (a esta chegan enxames de avións, é Heathrow), e así sucesivamente...

A toponimia de Londres non a fixaron as autoridades. Por iso atravesa o tempo e é ela propia un monumento. Máis duradoiro que o bronce, como presumía Horacio dos seus versos. A lixeireza con que quitamos e poñemos nomes estraga a historia e suplanta a verdade da convivencia do home coa terra. É mellor deixar que nesa convivencia se vaian facendo e desfacendo nomes, segundo a

vida corra, agarimosos ou condenatorios, que de todo hai, segundo nos teña ido na feira dos tempos.

O outro día parece que sentía falar baixiño a Curros Enríquez nunha igrexiña anglicana que xa existía no século XIX. Contan que adormecera famento nunha capela e que o acordou un crego co que falou en latín. Algúns din que o poeta estivo en Londres aló polo miloitocentos setenta e tantos. Din outros que non hai tal. Tanto ten, porque os rumores e as verdades que son tais porque alguén as imaxinou, viven para sempre neste mar fondo da cidade. Un que ten contribuído moito a este Londres mental é Edgar Wallace, tan lido hai moitos anos en cafés e faiados ferroláns, e no Cantón e en Herrera, polos mozos de cando éramos mozos. O autor de "Ollos misteriosos de Londres". Acompáñame moito por aquí, e el asegúrame que si, que Curros estivo en Londres, tan certo como que a Tamisa corre cara o mar.

Hai que agradecer que Edgar Wallace aínda non se perda cando vén pasear por Londres na nosa memoria.

(*Diario de Ferrol*, "Nordesía", 5-3-2006)

f) "A modernidade do Ferrol de outrora"

Cadaquén leva en si un Ferrol, e nalgures deben estar os Ferroles de todos. Non morren cando un morre. Quero pensar que así é, e que naquel lugar empíreo haberá sitio para as memorias de todos nunha cidade reconstituída e eterna, un Ferrol platónico.

Pero, polo si ou polo non, e nestas cousas quén sabe, vou sacando do baúl da memoria algunhas imaxes das que eu levo aínda comigo, e as paso á páxina escrita, para maior tranquilidade.

"O tren mixto", por exemplo, sai hoxe do baúl. Ben esvaído, porque é do máis lonxano de que me lembro. Era un establecimento do estilo dos "pabellóns" con reminiscencias de Art Nouveau dos que hai tantos nas vilas da beiramar inglesa, nos "piers" ou pantaláns de diversión de veraneantes. Tamén hai, ou había, un dese xénero en Sada. O de Ferrol paréceme que estaba no Cantón, perto do palco da música. O meu tío Guillermo levoume con él un día ao Tren Mixto e mercou alí para mín un papelón de patacas fritidas. Debía ser o que máis vendían alí. O amarelo das patacas repetía o das madeiras do local, que tamén tiña partes brancas. Véxoo como un epítome de modernidade na cidade dos anos trinta e poucos. Nunca máis o volvín a ver, que eu saiba, e aínda teño algunha dúbida de que existise.

O meu tío marchou pouco despois para a Arxentina, e escribíame e mandábame o Billiken e outras marabillosas revistas infantís desde Comodoro Rivadavia. Kilómetro 3, decía o enderezo, e eu imaxinaba o meu tío a carón dun fito ou

marco miliario nunha chaira imensa. Teño algunha foto de Guillermo, pero da súa presenza física non gardo máis que aquela visita ao Tren Mixto.

Era moderno o Tren Mixto, e penso cánto había de moderno naquel Ferrol. Moderno era o Real Bar, e as copas esbeltas en que servía as bebidas. Copas de cristal grabado, tal vez con imaxes de Manhattan, ou así as vexo hoxe. E o Sakuska, que dalgún xeito sintonizaba con aqueles bares de Madrid que frecuentaban os vangardistas: "La Ballena Alegre" e "Or-Kompon". Polo Real Bar e o Sakuska pasaba o Torrente que era aínda o da viaxe do Xoven Tobías. E o kiosco da Praza de Armas, na embocadura de Galiano e os carteis do dibuxante que asinaba Mickey para anunciar as películas do Cinema. E os tranvías ciscando lampos e faíscas do trole e abalando a armazón corpacenta e amarela.

Teño a impresión de que as cidades de entón, e desde logo Ferrol, eran daquela moi modernas, cada unha na súa propia versión da modernidade. Din algúns que cadaquén ten un senso especial para o decenio en que naceu e que vai recoñecendo as trazas daquela por ondequer que vaia.

En Londres aínda é doado ir atopando hoxe estratos de outras épocas; non sei se tamén no Ferrol de hoxe. Pero non importa. Irán pasando dos baúles da memoria á xeografía dese lugar suprarreal onde aínda está a arquitectura fráxil e moderna, de madeira e vidro estampado, do Tren Mixto.

(*Diario de Ferrol*, "Nordesía" 14-5-2006)

g) "Areíñas sen reloxio"

Conter as lembranzas nostálxicas, ter a raia saudades e morriñas é cousa boa, pero hai que andar con tento e non esaxerar. Nos meus anos mozos en Ferrol algúns tomábamos esas precaucións, por unha especie de refugo neoclásico ou romantismo contido que nos atraía, e que aínda hoxe coido que está no cerne desa cidade. É algo que ecoa nos romances de Stendhal e na Tosca pucciniana, un "romantismo dos baluartes" que daría para falar moito.

Semella que co tempo foron amolecendo aqueles receios nosos, e lémbrome hoxe de dous ferroláns de Londres que, feridos da distancia no tempo e no espazo, acudían ao procedimento de exercitar a memoria reconstruíndo un inventario do que había medio século atrás no escaparate do establecimento de Monso, que non só vendía xornais, na esquina da praza de Amboaxe, onde a rúa de Arce se xunta coa Real e comeza un treito moi costento. No fondo desa pendente víanse naqueles anos guindastres e mastros e a potente imaxe da Machina Trípode. Ou talvez esta última non se vira ben dende alá, pero permítome pensar que si. No escaparate de Monso na rúa de Arce –ían dicindo aqueles dous ferroláns –había ristras de estalos, unhas hélices de lata montadas nunha varilla en espiral que, ao empuxalas, saían voando, paus de regaliz, que no noso vernáculo chamábase

rogaliza, e cigarillos figurados desa mesma sustancia, calcomanías variadas, algún peón de xúcaro, un mico marionete primitivo movido por fíos…

Eu pouco podía contribuír a ese inventario: aínda que podo dar fe de todos eses obxectos, eu vivía na outra praza, a de Armas, aínda que nacera na de Amboaxe. Outro mundo, outras árbores, outras músicas das campás e dos reloxios e outras escolas.

Entre as dúas prazas tensábase un equilibrio esencial para a traza ilustrada da cidade. Aquel equilibrio ilustrado que se perdeu co atentado á Ilustración que perpetraron a arquitectura de Nemesio e o antollo do alcalde Ballester. O que fixera o despotismo ilustrado desfíxoo o despotismo sen máis. Máis claro estaría hoxe o valor de Patrimonio da Humanidade se non se tivese esnaquizado aquel fermoso paradigma.

Nisto dos escaparates, o que eu podería inventariar na praza miña era o de Domingo Alonso, na esquina de Galiano, fronte da farmacia de Rivas Suárez. Ben doado porque na miña memoria non tiña máis que castañas pilongas. Dábanos don Domingo unha manchea delas, ao seu neto Cuco Ruíz de Cortázar e a mín, cando íamos por alí xuntos. Cuco viña de recibir as primeiras nocións de caridade e xustiza social de don Luisiño, o seráfico crego da Orden Terceira.

Outro escaparate interesante da praza era o do quiosco: unha vitrina que corría arredor daquela curiosa estrutura de madeira con cuberta algo oriental. Tamén alí había ristras de estalos, e libriños coas letras das cancións de moda. Un día, nas primeiras páxinas dos xornais suxeitos con ganchos por riba do mostrador, vin as fotos de Mussolini e Claretta Pettaci fusilados e pendurados dos pés en Milán. Na miña memoria penduráronos no quiosco da praza de Armas.

¿A que virá agora ir recollendo estas areíñas da memoria? Coido que, alén do persoal, pode ser que teñan un posto na ordenación do mundo do espírito, que tal vez non sexa tan diferente dos planos dos enxeñeiros ilustrados que fixeron Ferrol e viviron o romantismo dos baluartes.

(*Diario de Ferrol*, "Nordesía", 30-7-2006)

h) "Unha incomodidade creadora"

Ten Ferrol na xeografía espiritual unha cor de incomodidade. Non é nada lamentábel iso, porque a incomodidade pode ser fonte de creación e de alento de longo alcance. As comunidades cómodas, as cidades alegres e confiadas, esvaran como patinadores sobre o xeo, capaces de piruetas, pero alleos á fondura do abismo que os afogaría.

Hai moitos xeitos de vivir e de crear, ningún despreciábel pero todos diferentes. Ao longo do tempo, pódese ir albiscando na creación ferrolá unha pinga de acedume, un sesgo de ironía, un medo a revelar fonduras sentimentais que poderían permitirse nun medio menos crítico. Así é non só na alta creación,

propositadamente artística, senón tamén nas manifestacións do inxenio e da imaxinación popular, nos xiros da fala e nas réplicas e contrarréplicas da conversa.

Habería que procurar de onde vén esa incomodidade. De moitas fontes, seguramente, pero poida que unha delas sexa unha cuestión de distancias. Distancias de percepción e de presenza mental que non sempre coinciden, nin moito menos, coas que se miden en quilómetros. Xa hai algún atlas no que se debuxan esas distancias, e podería haber moitos máis. Segundo nos centremos na mentalidade dun lugar ou doutro, o mapa é diferente. No Ferrol dos meus primeiros anos, Bos Aires ficaba moito máis perto que Madrid, e Barrowin-Furness máis que Sevilla. Cartaxena, en troques, estaba a rentes das nosas vivencias, moito máis perto que A Capela.

Nesta última comparanza apúntase a unha forma de incomodidade. Tense falado na traza de cidade virreinal do Ferrol da Ilustración. E hai unha semellanza virreinal e ilustrada na relación histórica de Ferrol co seu entorno. Hoxe, coas autoestradas que substituíron a lóxica dos vellos camiños, todo está aí a carón de nós, pero non se ve. O que era o final dunha viaxe e unha mudanza de ánimo é un nome en letras brancas nun fondo azul, igual en deseño que os que vin onte nas estradas que me trouxeron aos lagos de Cumbria, desde onde escribo.

Non é doado imaxinar que houbo tempos en que unha parella adúltera escapaba… a Pontedeume, e unha rapaza que non quería ser casada polos pais refuxiábase en San Sadurniño. Non había verdadeiramente Ferrolterra neses anos.

No Ferrol de comenzos do pasado século e até ben entrado o tal século había unha imaxe do que chamaban "a montaña" como algo remoto, descoñecido e un pouco medoñento. De alí chegaban os carboeiros, que traían o carbón de madeira, vestidos de xeito exótico e calzados con zocas, que a veces lles eran prohibidas no pavimento urbano. Tal os indíxenas nun asentamento colonial e civilizado.

Esa distancia creaba fascinio e curiosidade nalgúns temperamentos artísticos da cidade e, felizmente, temos unha testemuña valiosísima disto. Dous xóvenes da época, que nos seus anos máis avanzados chegamos a coñecer e a quen moito lles debemos, sentiron esa inquedanza, e decidiron facer unha mal chamada excursión, porque sería máis acaído chamarlle expedición a esa montaña, tan aliciante (sic) para o seu espírito.

Eran don Felipe Bello Piñeiro e don Manuel Fernández Barreiro, que nos deixaron un feixe de páxinas nas que contan ese episodio. Para o noso tema hai que salientar as primeiras, nas que describen con acerto e expresividade a imaxe daqueles homes extranos que chegaban á cidade e ao peirao das Curuxeiras, e despertaban a súa curiosidade. O percorrido pola montaña, por As Neves e A Capela, comunícanos maxistralmente a distancia entre dous mundos tan próximos por terra e tan separados por espírito.

Foi aquilo tamén unha mostra máis do sentimento da terra galega en mentes moi despertas de aquel enclave oficial que era Ferrol. Hai un entendemento especial en quen así descubre o inmediato; máis dunha vez atopeino na rica

literatura colonial británica. E naquel manuscrito de don Manuel e don Felipe, non editado aínda, que eu saiba, sinto por veces o acento de Rudyard Kipling.

(*Diario de Ferrol*, "Nordesía" 22-10-2006)

i) "O SNP: Seis meses de goberno en minoría e aínda rufo"

O Partido Nacionalista Escocés acaba de celebrar en Aviemore o seu congreso anual, o primeiro como partido gobernante. Chegara a esa posición, impensábel por tantos anos, nas eleccións de maio deste ano. A minoría era precaria: 47 diputados dun total de 129, e só un máis que os do Partido Laborista. Con todo, Alex Salmond decidiu gobernar en minoría. Estaba claro que a principal dificultade para formar unha coalición era o independentismo do SNP, que levaba no seu programa unha promesa de plebiscito coa opción de independencia total antes do fin do seu mandato.

Alex Salmond ten sona de arriscado, de xogador no bon senso da palabra, e botou para diante en maio. Neste congreso de Aviemore, esperaban algúns que fose máis moderado nas súas afirmacións. Ao revés, insistiu nos avances obtidos en materia de servizos e desafiou aos políticos de Westminster e aos ingleses en xeral a que seguisen o seu exemplo en vez de queixarse. Se os servicios sociais non milloran en Inglaterra, dixo, máis lles valía aos ingleses seguir a política progresista do Goberno e o Parlamento de Escocia. E para coroar a súa prédica, repetiu a promesa de plebiscito para antes das próximas eleccións, que tocan en 2011.

É certo que a distancia en cuestións de educación e saúde, por exemplo, entre Escocia e Inglaterra vai a máis. E, en xeral, nos eidos cedidos ao Parlamento de Holyrood. A abolición das taxas académicas, o cuidado gatuito das persoas de máis idade, os medicamentos cuase gratuitos, e cada vez máis perto da gratuidade total, todo iso e moi visíbel e irrita a moitos ingleses, que xulgan que están financiando boa parte disos beneficios. É verdade que un dos pontos fracos da autonomía é a forte doazón de fondos públicos británicos ao executivo escocés. A cuantía dese desembolso é fixada pola famosa fómula Barnett. Famosa polo complicada, pero que no remate asegúralle a Escocia unha boa procentaxe do orzamento do Reino Unido.

Salmond non se deixa prender pola posíbel perda dos fundos de Barnett, e seu audaz argumento é que, coa independencia, o petróleo escocés compensaría e máis que compensaría esa perda.

Das tres autonomías británicas, a escocesa é a que está resultando máis liosa para o goberno do escocés que mora no número 10 de Downing Street. O próximo pesadelo vai ser a insistencia cada vez maior en que se resolva a famosa cuestión que chaman de West Lothian: o paradoxo de que os diputados que representan circunscripcións escocesas no Parlamento do Reino Unidos podan votar sobre asuntos que afectan exclusivamente aos ingleses, pero éstes non teñan voz

nin voto nos que son da competencia do Parlamento de Edimburgo. Por dar un exemplo, a lexislación de tempos de Blair sobre hospitais e taxas académicas foi aprobada grazas a votos de diputados escoceses, que podían permitirse o luxo de apoiar ao goberno sen que repercutise para nada nos seus representados, que seguían disfrutando da lexislación escocesa, máis avanzada.

Dá para alarmar a Brown a noticia de que os Tories, na súa fervente procura de programa, están pensando en incluir no seu manifesto a promesa de que en asuntos que afecten só a Inglaterra non voten nada máis que os diputados que representan circunscripcións de Inglaterra, que formarían un Gran Comité dentro do Parlamento de Westminster. Responden os laboristas que ese sería o primeiro paso para a criación dun Parlamento Inglés, nun camiño de desmebración do Reino Unido. E, sin os diputados laboristas de Escocia en Westminster, esfarelaríase a maioría laborista.

Veñen tempos interesantes nas autonomías. E non só na escocesa.

(*A Nosa Terra*, 1-11-2007)

j) "Mitteleuropa"

Mitteleuropa é termo carregado de historia e polémica, acordador de desconfianzas máis ou menos xustificadas, pero que pode ser esclarecedor moitas veces en termos xeopolíticos, que duran máis que os políticos.

Nestes tempos de rexurdir de Rusia medra a importancia dos países da área xermánica e as súas perspectivas de coordinar e instrumentar políticas de intermediación que ata hai pouco parecían innecesarias ou redundantes en termos da Unión Europea, pero que teñen alicerces máis fondos que os das ideoloxías bruxelenses.

Cómpre por iso atender a eses países, nos que dúas eleccións parlamentares, a de Austria e a do Estado Libre de Bavaria, na República Federal Alemana, deron resultados sorprendentes para os de fóra e tamén, según parece, para moitos de dentro.

En Bavaria, onde o goberno da Unión Socialcristiana, o partido irmán da CDU do resto de Alemania, que é o da chanceler Merkel, semellaba un feito da Natureza, perdeu ese partido a maioría absoluta no Parlamento do seu Estado que tivera durante a maior parte dos 50 anos que leva gobernando alí. Nas eleccións anteriores, as de 2005, o seu xefe, Edmund Stoiber, recuncara na xefatura do goberno, con unha maioría sin precedentes. Semellaba que volveran os tempos en que ocupaba ese posto Franz Joseph Strauss, figura sobranceira da política nacional nos tempos da Guerra Fría. Pero o domingo 28 de setembro, os sociocristiáns non conseguiron pasar de arredor do 44 por cento dos votos, ben por baixo do 50 que era o mínimo imaxinábel para eles. Tiveran un 61 por cento en 2003 e unha maioría de dous tercios no Parlamento.

Os votos perdidos pola CSU non foron ao Partido Socialista, que goberna en Berlín en coalición coa CDU e que é o outro gran partido nacional, senón a partidos ata agora marxinais, como o chamado dos Electores Libres, escisión dos sociocristáns por obra de Gabriela Pauli, e o dos Verdes. Dos significativos na República en conxunto, só os Liberais do FDP tiveron o consolo de voltar, despois de 14 anos de ausencia, ao Parlamento bávaro. Fálase de cataclismo, e con razón. Os sociocristiáns terán que negociar coalicións, e xa hai quen dí que non teñen quen saiba facer iso, despois de medio século de non precisar de tal cousa.

En Austria, a coalición fracasada do ÖVP, conservador, e o SPÖ, socialista fracasou tamén na compulsa, con eses dous partidos arredor do 30% dos votos, cada un. Naquel país os gañadores de votos foron os dous partidos da extrema direita, un deles chefiado por Jörg Haider, o presidente do Land de Carintia, e o outro fundado por este mesmo personaxe.

No caso alemán, a catástrofe, ou a enorme baixada, da CSU ten que preocupar a Merkel. Si val de indicador do que pode pasar nas eleccións federais de 2009, predice unha caída da direita merkeliana. E van chegar eleccións en Länder menos seguros que Bavaria. Se a CSU chega a aliarse nun goberno bávaro cós socialistas, a coalición berlinesa non perdería, polo menos, a maioría no Bundesrat, o Senado federal, pero sí que a perdería se as alianzas son outras.

En termos xeopolíticos, cós que iniciamos este comentario, haberá quen pense que a fraxilidade dos grandes partidos non pon aos países en condicións de desenvolver unha política ambiciosa no taboeiro euroasiático.

Pode ser, pero tamén cabe ver un fermento de novidade que pode ser moi activo nese terreo. Fálase despectivamente de populismo como inspirador de resultados electorais coma estes. Pero a verdade é que non poden ser moi ambiciosos partidos que lle fixeron perder a pacencia ao populus respectivo.

(*A Nosa Terra*, 2-10-2008)

k) "Aspiracións angolanas"

Nos deseños imperiais de Portugal, estaba destiñada Angola a ocupar todo o largo leste-oeste do centro do continente africano, nunha faixa que habería de darlle duplo litoral, o que aínda ten no Atlántico e o do que hoxe Mozambique no Índico. Unha faixa continua de lingua portuguesa entre Sudáfrica e o resto do Continente.

Non durou moito ese sono, tronzado por outro máis forte: o de Cecil Rhodes que trazaba unha liña norte-sur do Imperio Británico. Sendo Rhodes gobernador en África do Sur, criáronse as dúas Rhodesias que, para esquecer o seu nome de orixe, chámanse hoxe Zambia e Zimbabwe.

Desde a independencia, en 1975, Angola viveu unha guerra civil aínda non ben concluida e aínda moi presente no dano das infraestructuras do país. Dúas

forzas desa guerra explícanse moi ben no contexto da Guerra Fría. Son o MPLA e o FNLA, cuios apoios foron moi flutuantes naquel período. A maior parte do tempo, a Unión Soviética apoiaba o MPLA, baseado na capital, Luanda, e o Occidente o FNLA, radicado na poboación dos Bakongo, aínda que as alianzas mudaron e non faltou apoio soviético aos Bakongo, asentados nas principais rexións petroleiras. A terceira forza, UNITA, e a máis singular e a que máis ten que ver có tema de hoxe. Na UNITA estivo sempre interesada a República Sudafricana, por parecerlle a millor garantía de protección do extremo sul do continente contra o comunismo.

Asasinado o líder da UNITA, Jonas Savimbi, en 2002, e xa reducida moito antes a resistencia da FNLA, o goberno do MPLA en Luanda, sobrevivente desa longa e tráxica loita, puido comezar a recuperarse internamente e a situarse na escea internacional da África de hoxe. Ten aínda que asegurarse da lealdade das rexións que simpatizaron cos seus rivais. Iso non é labor aillado do internacional, porque mentras existan eses reductos dubidosos, poden ser explotados por países veciños. Angola conta cunhas sólidas forzas armadas, moi atentas a ameazas dese tipo.

A posición xeostratéxica de Angola é moi favorabel para o comercio das dúas grandes riquezas do seu territorio: os diamantes e o petróleo. O petróleo é, con moita diferenza, a primeira desas riquezas. A costa atlántica de Angola oferece saída sin estrangulamentos dese producto ao mercado mundial e, a diferencia de Nixeria, non existen no país rebeldes que críen trastornos.

A cuestión da multipolaridade do mundo ou, máis exactamente, a do reparto das hexemonías, volve a poñer a África no fito dos aspirantes a esas hexemonías. China arriscou moito nas tratativas con Nixeria, hai agora un ano, para o desenvolvimento de xacimentos nese país. Non hai que esquecer que o seu grande investimento no petróleo do Sudán é aínda máis problemático que este de Nixeria. Rusia non esqueceu de todo as súas relacións con Angola e mantén alí actividade de intelixencia moi intensa e moi dirixida ás explotacións diamantíferas.

Nese marco hai que ver a visita que fixo este maio que acaba de rematar o Ministro de Relacións Exteriores de Angola, Assunção dos Anjos, a Washington, onde conversou con Hilary Clinton e asinou có Representante para o Comercio, Ronald Kirk, un Acordo Xeral de Comercio e Investimentos, importantísimo polo que avisa das relaciones entre os dous países.

Talvez esteamos vendo o trazado dos perfís dunha rede de estados subhexemónicos no Sul da África. En todo caso, está aberto o xogo dos intereses das grandes potencias, e Angola sitúase na primeira liña dese xogo, no que o principal parceiro e contrincante ao mesmo tempo é a República Sudafricana. Eses dous países teñen que manter una relación moi delicada que lles permita vixilarse de perto en materia de petróleo e diamantes. O presidente Zuma non demorará en visitar Angola, e Luanda necesita tecnoloxía diamantífera sudafricana, pois a súa técnica nesas actividades é moi primitiva aínda.

(*A Nosa Terra*, 4-6-2009)

l) "A tradución da métrica. Prácticas co *Macbeth* de Shakespeare en galego"

Resumo

Neste artigo desenvólvese a intervención do autor no encontro de tradutores de Shakespeare ás linguas peninsulares que tivo lugar no marco do Terceiro Festival Shakespeare en Santa Susanna (Barcelona) do 22 de abril ao 7 de agosto de 2005. Esa intervención produciuse na mesa redonda dese encontro, no que o autor pronunciou tamén unha conferencia sobre *A catarse lingüística de Macbeth*.

A crecente dificultade da teoría tradutolóxica segundo se vai afastando do nivel léxico é ben coñecida. A sintaxe aínda vai sendo tratada, con máis ou menos éxito, as figuras retóricas esfúmanse en incertezas e, ao chegar á métrica, o campo de visión é limitado e as conclusións escapan ao teórico. Poderíase esperar tratamento dos problemas métricos nas teorizacións do «estilo», pero non é así. Nese eido aténdese máis, por exemplo, á cuestión da organización oracional. Semella que con razón cualificou Dirk Delabatista a prosodia de «bête noire» da tradución.

As propostas teóricas máis correntes, e relativamente útiles para orientar a práctica, tales como o concepto de equivalencia, naceron no nivel léxico e, sendo problemáticas de seu, fanse aínda máis problemáticas ao iren subindo de nivel as estruturas que demandan seren traducidas.

Non é moi ricaz, pois, a colleita de escritos sobre a tradución da métrica. Os principios da equivalencia formal e da equivalencia dinámica rozan o problema sen pararse moito nel. Aparece tamén a cuestión da aceptabilidade ou normalidade da expresión na lingua de destino, fronte ao mantemento do exotismo ou alienidade do orixinal. A procura dunha resposta do lector da tradución que sexa semellante á resposta do lector que le o texto na súa lingua orixinal, tan aliciente en teoría, amósase pouco práctica e crea máis problemas dos que resolve para o tradutor literario e, sobre todo, para o tradutor de poesía e, no que agora nos atinxe, para o tradutor de Shakespeare, poeta dramaturgo.

A tradución intercultural, ou a importancia de levar en conta as diferenzas de cultura, é tema favorito da reflexión teórica sobre a tradución, sobre todo en tempos recentes, posmodernos e poscoloniais. Pero tampouco esclarece moito a cuestión de se se pode ou se debe traducir a métrica e como podería enfocarse esa tarefa. Tamén nisto pode ser útil ver como se pode tratar a métrica shakespeariana, porque o orixinal utiliza unha métrica allea, e moito, ás das linguas romances. Poderíase acudir ás traducións dos clásicos do grego e do latín, nas que o problema é algo semellante. Trátase de diferenzas métricas importantes dentro do que se pode ver como unha cultura común ou diferenzas temporais e espaciais nun mundo cultural común. Esas diferenzas poden presentar tantos problemas coma os da tradución de formas literarias de culturas máis afastadas ou exóticas.

Cómpre comezar por algúns datos nos que asenta a prática tradutora que imos considerar e que é a miña tradución do *Macbeth* de Shakespeare, publicada

en 1972. Discúlpome por terme centrado nunha obra propia, pero coido que pode ter utilidade falar dela coa perspectiva autoral que non é frecuente escoitar, e tamén coa distancia temporal que neste caso media entre a tradución e a reflexión. Isto último tería que ser feito moi brevemente porque abre o problema da evolución da lingua de chegada, o galego, en tempos moi accidentados, e da miña valoración desa evolución que sei que pode resultar controvertida.

O pentámetro iámbico

Todo o teatro de Shakespeare é, formalmente, poesía. Pode ser poético tamén o teatro en prosa dalgúns autores, pero ese non é o caso aquí. É verdade que non todo o que dín as personaxes shakespearianas está en verso. Utiliza o dramaturgo por veces a prosa. Pero a inmensa maioría de calquera das súas obras está en verso. Ese verso é de dúas variedades: rimado e verso branco. A rima e moi ocasional e reservada, segundo parece, a circunstancias e efectos especiais. O verso branco non é o verso branco das nosas literaturas romances, senón unha forma de base acentual e non estritamente silábica, que aparece dominada pola estrutura denominada pentámetro iámbico.

O pentámetro iámbico, como o seu nome indica, está formado por cinco pés métricos (combinacións dun acento forte e outro fraco ou inexistente, que son recorrentes na composición e lle dan estrutura rítmica). Eses pés son iambos, é dicir, que consisten case sempre en dúas sílabas, sen acento a primeira e acentuada a segunda. O iambo é, logo, o contrario do troqueo. As denominacións proceden da métrica clásica, na que se referían a combinación de sílabas longas e breves.

daDA / daDa/ daDA/ da DA/da DA
Por citar un exemplo da obra de que tratamos:
How TEND/er T´IS/ to LOVE/ the BABE/that MILKS me
(I,7,55).

Xa neste exemplo vemos como os pés e, sobre todo o final, poden ser de máis de dúas sílabas. Fálase por veces de decasílabo para o pentámetro pero, a parte da improcedencia de encamiñarse cara a un sistema silábico, é frecuente que aparezan o que nese sistema serían endecasílabos.

O que convén salientar é que Shakespeare emprega o pentámetro iámbico con grande liberdade. Vén sendo como un punto de referencia para a versificación da peza dramática, sempre presente pero non estreitamente respectado. Ese é un dos grandes acertos estilísticos do autor, que leva á métrica a mesma liberdade que inspira noutros niveis literarios, morais e espirituais toda a súa obra.

Shakespeare atopou o pentámetro iámbico incorporado xa á literatura inglesa. Non dende tempos recuados. Na cultura do Renacemento inglés, na que el se atopa todo o máis na segunda xeración, deuse un menosprezo da rima como

artificio pobre dunha literatura medieval fradesca e escura. Atribúese a introdución en Inglaterra do verso branco, en forma rítmica dun pentámetro iámbico algo duro aínda, ao Conde de Surrey, Henry Howard, que o empregou na súa tradución da Eneida virxiliana (1544). Non cabe pensar que se inspirou para esa opción métrica directamente no latín, senón que é máis probabel que a tomase da versión italiana falsamente atribuida ao cardeal Ippolitto de Medici. A pasaxe á literatura dramática fíxoa Marlowe no seu *Tamburlaine*, de 1587, e no seu *Doctor Faustus* de 1588. Marlowe explicita xa nos versos iniciais de *Tamburlaine* a novidade da forma e a súa despectiva reacción antimedieval (repárese nas dúas primeiras liñas):

From jigging veins of riming mother wits
And such conceits as clownage keeps in pay
We'll lead you to the stately tent of war,
Where you shall hear the Scythian Tamburlaine
Threatening the world with high astounding terms
And scourging kingdoms with his conquering sword.

A adopción doutra forma renacentista, a do soneto, vai paralela a esta. Pero os sonetistas, con inclusión de Shakespeare, manteñen a rima. A liberdade e encabalgamento do verso branco serven mellor á dramaturxia que a forma pechada do soneto.

Haberá quen diga que o verso branco adoptado dese xeito no teatro renacentista inglés corresponde ao endecasílabo castelán e catalán, obxecto dunha importación análoga. Acompaña a esa analoxía unha afirmación da «naturalidade» dunha e outra forma nas expectativas do ouvinte. Eu mesmo invoquei esa analoxía ao traducir ao galego. Hai que sinalar, con todo, que a expectativa do ouvinte é histórica e condicionada. É dicir, que non se debe pasar dese feito histórico a supor unha naturalidade do pentámetro iámbico ou do endecasílabo por afinidade intrínseca co ritmo natural da fala respectiva. Esa afinidade pódese ver no octosílabo castelán ata os nosos tempos, pero non se pode aplicar ao endecasílabo, calquera que sexa a «naturalidade» deste na composición poética culta. No caso do inglés a consonancia cun ritmo «natural» resulta aínda máis problemática. Veremos máis adiante a relevancia destas consideracións na praxe tradutora.

Ben que predomine o nome de pentámetro iámbico para o verso dramático de Shakespeare, sería más exacto, vista a liberdade e a imaxinación con que o dramaturgo utiliza esa forma, chamarlle verso branco, e así se fai en moitas publicacións.

Antes de entrar na cuestión da escolla do tradutor en materia de métrica, cómpre aínda sinalar algunhas circunstancias e características da obra e da lingua que tiveron que influír na tarefa tradutora de que falamos neste artigo.

A tradución como sistema no polisistema literario nacional

Debémoslle a Itamar Even-Zohar (1990) precisións moi agudas sobre a posición das traducións como sector dentro dunha literatura nacional. Esa posición é, por unha banda, autonóma, e autoriza consideracións intrasistémicas, e, pola outra, incide no resto do polisistema como referencia e influencia. A tradución introduce, ou pode introducir, elementos novos, formais e temáticos no sistema, e na escolla das obras que se traducen xogan factores do sistema nativo, que poden ser carencias, afinidades ou outras consideracións.

Non estará de máis lembrar a orixe da tradución do «Macbeth» ao galego. A idea de traducir unha obra dramática de Shakespeare pairaba na prensa do país arredor do cuarto centenario do nacemento do autor. Álvaro Cunqueiro e Plácido Castro escribiran sobre esa posibilidade, con alusións imprecisas a algún proxecto. Concretouse esa idea coa proposta de Ramón Piñeiro ao autor deste artigo de que emprendese tal tradución. Respondía claramente a unha carencia importante do sistema literario galego e ao programa de prestixio da lingua que asumira a Editorial Galaxia, da que Piñeiro era director literario. A escolla da obra deixouse á miña elección. Nela combináronse preferencias persoais e atención a circunstancias sistémicas. Procuraba eu unha obra «forte» e concentrada, e *Macbeth* é a máis breve das traxedias shakespearianas. Da parte do sistema, non andaba lonxe da miña escolla un celtismo, talvez non moi fundado cientificamente, pero importante como forza mítica no sistema literario galego. O celtismo galego orientábase, por varias razóns, a Irlanda, e con moitísima menos forza a Escocia. Xulgaba eu que conviña reforzar o vencello cos temas e o imaxinario deste último país, e coidaba que iso sería proveitoso para o vigor expresivo máis épico que lírico que eu procuraba. A poesía galega «forte» de Pondal ofrecíame unha ancoraxe expresiva no momento da escolla, aínda que despois non estivese moi presente, ou só remotamente, na execución do proxecto.

Naquelas datas coidabamos, a editorial e máis eu, que sería a primeira tradución dunha obra dramática de Shakespeare ao galego. Hoxe sábese que en 1920 Antón Vilar Ponte facilitara para ser representada pola Escola Dramática de A Coruña *The Merry Wives of Windsor,* baixo o título de *Xan entre elas*. O texto non chegou a ser publicado e non sabemos se foi tradución ou adaptación.

Para o tradutor de 1972, non había antecedentes dramatúrxicos operantes no sistema galego. Sería algo forzado e pouco realista estender ese sistema para incorporar os existentes de base lingüística portuguesa. Non cabía daquela nin cabe hoxe falar dun sistema unificado sobre esa teima. O emprego dun léxico de inspiración lusa non respondeu a consideracións teóricas de sistema. En todo caso, para efectos da métrica, que é do que aquí se trata, o sistema galego non ofrecía modelos nin experiencias que me foran útiles.

Moi diferente é hoxe a situación. A tradución ao galego poderíase configurar claramente como un sistema, no sentido de Even-Zohar. Recibe atención especializada no mundo académico, e conta con revistas solventes como esta en

que aparece o presente artigo. No caso concreto da tradución de Shakespeare, a Editorial Galaxia está publicando a das obras completas que leva a cabo con gran competencia Miguel Pérez Romero.

Na fronte lingüística, como diferente da do sistema literario, a principal diferenza é que a miña tradución se fixo cando o galego non pasara aínda polo proceso de normativización.

Repito, pois, que a presión máis forte que o sistema literario exercía sobre o tradutor de Shakespeare en 1972 era a responsabilidade de ser a súa a primeira tradución dun drama de Shakespeare que ingresaba nese sector da literatura galega. Para alén diso, non podo dicir que a situación política ou sociolingüística dese sistema influíse no meu labor estrito de tradución en ningún dos niveis. Outra cuestión é de non estar daquela normalizado o galego, e a iso haberei de referirme na fin deste traballo.

As opcións básicas

Partindo da convición de que a forma métrica é fundamental na expresión dramática do teatro de Shakespeare, semella que habería que excluír sen máis a tradución en prosa dese teatro. Habería que cualificar, nembargantes, esa exclusión. A tradución máis espallada, polo menos ata hai poucos anos, das obras de Shakespeare nun sistema literario veciño, o do castelán, era sen dúbida a feita por Luis Astrana Marín, moi difundida nas sucesivas edicións das obras completas do poeta e dramaturgo inglés pola editorial Aguilar. Non ten boa crítica esa obra, pero nunha reflexión detida non se pode negar que transmite mellor que algunhas versificadas un alento shakespearián, un «canto» que non é doado definir. Coido que a explicación está en que tamén existe un ritmo da prosa, e por conseguinte, unha métrica, tan laxa como se queira, da prosa. Por ese camiño gustaríanos chegar a estudos da rítmica de textos en prosa e de como é posibel que por veces resulte allea e pouco feliz unha tradución que descoñeza ese ritmo e non tente aproximarse a el ou reproducilo dalgún xeito. Salvador Oliva, tradutor certeiro de toda a obra de Shakespeare ao catalán, ten tratado a cuestión xeral do ritmo da prosa, e abre perspectivas moi interesantes para o tradutor (Oliva 1988). Consciente ou inconscientemente, Astrana imbúe dun ritmo axeitado a prosa ao traducir o verso, e non se afastou tanto como podería parecer da liberdade do tratamento shakespearián. A prosa sería un caso límite desa liberdade que Shakespeare exerceu no habilidoso uso do seu verso.

Xulguei, nembargantes, que valería a pena tentar traducir o *Macbeth* en verso, nos fragmentos en que está en verso o orixinal. Non precisamente en pentámetros iámbicos, porque tampouco é así neste. Feita esa escolla, preséntase a cuestión de se hai un equivalente do pentámetro iámbico, se non en galego, polas consideracións sistémicas que xa indicamos, polo menos nas linguas veciñas de entre as románicas.

Unha dificultade da métrica de base acentual en galego, e probabelmente en calquera lingua románica, é a distintividade da acentuación, que en inglés pode ser máis intencional e subxectiva e menos determinada pola entoación da frase.

O endecasílabo branco foi a escolla de Mújica Laínez e a de Romero Taravillo como equivalente do pentámetro iámbico en castelán. Por non ter á man agora todas as reacións da crítica a esa práctica, que lembro como moi favorabeis, remitireime á de Alicia Almárcegui (Almárcegui 2004), que concorda con esa valoración positiva, ao mesmo tempo que lembra que Carlos Pujol utilizou o alexandrino, no que, segundo esa mesma crítica, e sen moita lóxica, «resulta cómodo verter un pentámetro yámbico», e que Agustín García Calvo, sempre orixinal, optou por versos de trece sílabas.

Hai que ter en conta que esa escolla se aplicou, nos casos de que fala Almárcegui, á tradución dos Sonetos, onde pode vir máis axeitada por razóns estróficas. En todo caso, cada unidade pode tratarse cun mesmo metro. No teatro, en troques, o metro muda no orixinal, alternando coa prosa e con versos rimados.

Nesta cuestión de escolla métrica é doado cometer un erro que consiste en pensar que hai que se ater a un só modelo en toda a obra. Nada podería ir máis contra do que fai Shakespeare. Tense sinalado moitísimas veces que Shakespeare non mantén un esquema ríxido en ningunha das súas obras dramáticas. Apuntouse incluso que hai unha certa evolución cara a unha liberdade cada vez maior segundo ía avanzando a súa carreira, e que nas obras máis serodias chega a un vinte por cento o número de versos que se desvían do pentámetro iámbico (Wright, 1988, p. 105). É lóxico que o fixese, para irse axustando ás necesidades expresivas dos parlamentos. A estrutura do pentámetro subxace máis que conforma o ritmo da expresión. Os actores sábeno moi ben, e os mellores acrecentan a súa arte cun xogo sutil moi aprezado polo espectador de bon ouvido.

A pretendida naturalidade do endecasílabo non me parecía ao comezo que estivese xustificada por razóns expresivas, ou por unha suposta coincidencia co ritmo espontáneo da fala, que sería iámbica en inglés e endecasilábica nas linguas románicas, e concretamente no castelán, portugués e catalán. O que si é certo é que o espectador de teatro en verso espera ouvir endecasílabos nas obras do teatro clásico español. Habería daquela equivalencia desde ese punto de vista entre as dúas formas. Non fun moito máis alá diso no meu deseño inicial.

Na praxe funme decatando das vantaxes e posibilidades que ofrecían as variantes acentuais do endecasílabo romance (castelán e catalán) que podía trasladar doadamente ao meu texto.

Pode atoparse así o endecasílabo chamado heroico, acentuado en segunda e sexta, por exemplo no comezo da segunda escena do primeiro acto:

¿Qué home e este, tan ensanguentado?

Xa tan axiña na obra (trátase do decimoterceiro verso) introducín o endecasílabo, precisamente para traducir o primeiro pentámetro iámbico:

What bloody man is that? He can report

Pódese entender que estabelecín así, sen maiores pretensións de rigor, unha escolla básica. Cómpre sinalar tamén que nese exemplo reducín o pentámetro, tomando del nada máis que a parte transferíbel ao meu endecasílabo. No texto inglés esa é a primeira ocasión en que aparece o encabalgamento, que Shakespeare xeneraliza, pero ao que se resistía o pentámetro de Howard e de Wyatt.

Recorrín con frecuencia ao endecasílabo propio, con acento na sexta, pero outras veces aproximeime a variantes, como na forma, irregular no primeiro pé, pero reconducida despois ao dactílico, do verso do Capitán na misma escena, que transformei de

As when the sun ´gins his reflection

en

Igual que xurde do sol no solsticio

Nese mesmo parlamento alternan despois dodecasílabos, que favorecen a narración e lévana adiante. Esa amplificación silábica correspóndese, sen dúbida, cunha práctica xeneralizada en Shakespeare, aínda que non neste exemplo. Comecei aí a aplicación dun modelo de liberdade moi característico do gran dramaturgo, inspirándome, poderiamos dicir, no espírito da forma que, sen renunciar aos imperativos rítmicos, permite modular o verso en resposta a consideracións expresivas.

Unha mestura semellante, encamiñada a potenciar a narración, aparece no parlamento de Lennox na escena terceira do segundo acto:

A noite andivo moi desatinada;
onde paramos nós, o vento derrubóu as chimeneas,
e, segundo din, sentíronse lamentacións no ar,
salaios estranos de morte e acentos terribles
a anunciar espantosas revoldainas e confusos sucesos
estrebillados pra estes tempos lúgubres.
O paxaro escuro xeméu toda a noite.
Algúns din que a terra tiña febre e tremaba.

Comezando por un endecasílabo propio, seguen versos máis longos, con unha volta ao endecasílabo no sexto verso, como unha pausa explicativa e de reflexión. Un alexandrino recapitula. O texto de Shakespeare tampouco amosa regularide métrica, aínda que as diferenzas sexan outras. O recurso á liberdade expresiva, moitas veces asimétrico nas miñas solucións, talvez non sexa tanto nesta. Di Lennox en inglés:

The night has been unruly:
Where we lay, our chimneys were blown down,
And (as they say) lamenting heard i´ th´air;
Strange screams of death,
And prophesying, with accents terrible,
Of dire combustion and confus´d events,
New hatch´d to th´ woeful time-
The obscure bird clamour´d the livelong night.
Some say, the earth was feverous
And did shake […]

O endecasílabo sen rima e con variacións acentuais foi, pois, a miña escolla básica. Non todo o texto do *Macbeth* está en verso branco ou pentámetros iámbicos. Á parte do seu xogo con ese metro e das liberdades que se permite no seu uso, hai anacos en prosa, como os de lectura de cartas e o das burlas do Porteiro, e pareados en varias ocasións, sobre todo ao remate dalgunhas escenas. Non hai, en troques, estrofas formais como as que noutras obras serven para cancións ou intervalos líricos. Aparecen liñas curtas, o que semella ser característica cada vez máis frecuente no Shakespeare serodio, en escenas de feitizos ou invocacións formulaicas.

A cuestión dos pareados trateina con liberdade talvez excesiva a primeira vista. Responde esa liberdade á primacía da consideración estilística de manter, por medios da lingua de chegada, o ton e a música da fórmula invocatoria.

Por citar un exemplo, na primeira escena do primeiro acto, a famosa xuntanza das Bruxas, comeza Shakespeare con dous pareados, abandona despois esa forma e recupéraa no feche da escena. Mantiven os dous iniciais:

¿ Cando imos todas tres ter outra reunión
No lóstrego, no trono ou no trebón?

E

Cando a liorta estexa rematada
Cando estexa a batalla perdida e gañada.

Pero renunciei ao do final da escena, simplemente porque as opcións que se me ofrecían sacrificaban o léxico que quería manter por riba de todo.

Nesta cuestión dos pareados en escenas de bruxería interesa ver que na terceira do mesmo acto, aparece algún pareado, pero non no comezo nin no final propiamente dito. Sorprende, porque se ten sinalado que os pareados finais teñen, dalgún xeito, carácter de conclusión, e precisamente cabía esperar que o autor

utilizase un pareado para expresar que o feitizo queda ligado. Utílizao nos dous penúltimos versos, pero non no concluínte:

Thrice to thine and thrice to mine,
And thrice again, to make up nine.
Peace, the charm´s wound up.
A tradución correspondente foi:
Tres por tí, e tres por min,
e tres máis pra facer nove ao fin.
¡Quedas xa! i o feitizo está ligado.

Outras veces acódese a unha forma de compensación para traducir un deses pareados finais. Cito a escena sétima, que é a última do primeiro acto, e chamo a atención para a quebra do verso, que separa o primeiro do inglés do pareado galego:

Away, and mock the time with fairest show,
False face must hide what the false heart doth know.

En galego, aproveito o xogo antitético do adxectivo para dar o aire de conclusión que en inglés se transmite cun pareado feito de versos diferentes:

que o rosto falso cubra
o que o falso corazón coñece.

Conclusións

Utilizando, como acabo de facer, exemplos que se limitan propositadamente ao primeiro acto da miña tradución de *Macbeth*, quero deixar claro que renunciei a un calco métrico en galego do pentámetro iámbico inglés e decidín empregar un verso ritmado con criterio expresivo, no que predomina ou pódese sentir como referente o endecasílabo, aproveitando as súas variantes acentuais.

Compre sinalar tamén que a tradución foi feita antes da normalización do galego. Iso deume espazo creativo que agradecín. Xulgo que, por imperativos da situación política en que se produciu a oficialización do galego, a normalización foi apresada e prematura.

Canto a este segundo feito, entendo que hoxe non podería tentar unha versión normalizada na que non perdese elementos que considero esenciais. Tampouco sería desexábel para min, canto ao primeiro deses feitos, tentar un calco do pentámetro iámbico, porque coido que iso tería máis de entretemento e virtuosismo que de creación.

(*Viceversa*, Universidade de Vigo, nº 15, 2009).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALMÁRCEGUI, Alicia (2004) «Antonio Rivero traduce los sonetos de Shakespeare». En *Diario de Sevilla*, 27 de diciembre de 2004.

EVEN-ZOHAR, Itamar (1990). The position of translated literature within the literary polysystem», en VENUTI, L. (ed), *The Translation Studies Reader,* second edition. Routledge: New York and London, 2004.

OLIVA, Salvador (1986) *Introducció a la métrica*. Barcelona: Quaderns crema.

WRIGHT, George T.(1988) *Shakespeare's Metrical Art*. Berkeley-Los Angeles-London: University of California Press.

(*Viceversa*, nº 15, 2009, pp. 13-22)

V. TESTEMUÑOS

V. TESTEMUÑOS

1

Entre a idea e o sentimento

Teresa Barro

Fernando e Teresa en Inglaterra

Todo o que facía Fernando emanaba dun espírito creativo profundo, de ver o mundo como se fose novo e houbese que traer á luz verdades ocultas. Quería descubrir e iluminar, e facíao co toque certo e penetrante do poeta. Nunca tería escrito un artigo cunha actitude rotineira, repetindo o que se dicía sobre o asunto e valéndose do que sabía, que era moito. Prantexábase se tería algo que dicir, se podería enfocar o tema cunha luz que iluminase un recuncho de escuridade. Escuridade que podía vir de non se ter visto o asunto dende un ángulo distinto, ou que podía estar feita de interpretacións erradas ou intereseiras.

Destacaba nel a combinación, non moi frecuente, de poeta e intelectual puro: o rigor intelectual e o sentimento elevado e poético levábano a buscar calidade e a ver moi axiña a deficiencia nacida da falsidade e do engano. O que non fose creación, ainda que o parecese, non lle interesaba. Non pensaba que se puidese ser creador por entrar nunha materia considerada creativa, nen intelectual por manexar asuntos do intelecto, nen poeta polo mero feito de escribir poesía. Coidaba que, para facer algo creativo, o talento e o oficio non eran abondo. Usar o talento sen ansia de creación era, dicía el, "dar á manivela" para sacar cousas, pero non engadía nada valioso ao mundo e non tiña forza para transformalo.

Fernando era moi esixente no terreo intelectual, con el e cos demais. Aplicaba unha peneira moi fina pola que non pasaba nada que non fose auténtico. Estaba sempre na avangarda mental porque o seu espírito e a sua inmensa cultura levábano a ir a frente, pero vía tamén axiña o que en calquer corrente de avangarda puidese haber de falso e rotineiro disfrazado de novidade. O seu inmenso amor por todos os lados da creación humana non permitía que o deslumbrasen as correntes culturais que non están dirixidas polo espírito e que en vez de cultura fan produtos industrializados e en serie, doados de manexar e de aproveitar. A súa postura diante da cultura non era pasiva e tampouco utilitaria. Pensaba que sen cultura non se pode respirar, que o ser humano precisa dela en grades doses para entender o mundo e saber onde está, e que o mundo é moi amplo e está cheo de

misterios que hai que tornar claros. Para Fernando a cultura era un tesouro de coñecemento e luz que un levaba dentro e que valía para todos, o único que permitía andar pola vida con liberdade.

E se era esixente no terreo intelectual, érao moito máis aínda no poético, onde percibía, con precisión matemática e absoluta, cando os que facían poesía deixaban de ser poetas e escribían para facer carreira de poeta. Para el, a pedra de toque que determinaba se o que o que se escribía era poesía, ou se polo menos tiña intención de selo, era se xurdía do que el chamaba "experiencia poética". Non había esa experiencia cando o poeta non aplicaba a visión afiada e penetrante que precisa a poesía, e manexaba formas e palabras sen descubrir nada.

Fernando tiña unha inmensa capacidade de análise e tiña tamén unha enorme intuición e ansia de descobrir e comprender que o levaba a non querer andar por camiños pisados e a ir sempre na dianteira. Era un líder intelectual que camiñaba con ollos e sentimento de poeta, vendo e analizando dende o nivel do espírito. O seu espírito creativo emanaba do centro do seu ser, e dende ese centro aplicábase a todo na vida. Non estaba na súa natureza deixarse flotar nas correntes de ningún tipo nin caer en formas imitativas e sen alma que non transmiten nada que valla a pena. Pola súa peneira intelectual e poética non pasaba nada que xurdise da explotación dos propios talentos para satisfacer demandas que non aumentaban o caudal da creación humana.

Concordabamos Fernando e eu en que a obra creativa ten vida propia e ofrece algo distinto, un elemento novo e unha visión inagardada e ben comunicada que enriquece a vida e o mundo e que por máis que se analice non se sabe de onde xorde nen como se conseguiu, porque sorprende ao propio creador. Falábamos moitas veces de que o creador auténtico sabe que hai risco de confundirse e caer en abismos, e acepta o perigo como parte fundamental do seu labor de descobrimento continuo; que para entrar na creación hai que aventurarse, traspasar límites e case despenarse nos abismos do inconmesurábel, e ese misterioso proceso non se pode analizar coa razón e só se pode entender coa intuición poética.

É posíbel que algúns se teñan preguntado por que un home que tiña unha capacidade intelectual tan sobresaínte, que aprendía a fondo un idioma atrás doutro, que andaba polo mundo enteiro como se fose a súa casa e que, por riba, era persoa dotada de grandes cualidades humanas, falangueiro, agudo, con sentido do humor, cordial, de xuízo equilibrado, clarividente, diplomático, aberto, amistoso, cabaleiroso e xentil. Non fixo máis carreira porque non aproveitou o inmenso tesouro de coñecemento e cultura que tiña para situarse nas capas superiores da sociedade. Fernando atesouraba cultura e coñecementos "para nada". Ou para todo, porque para el a cultura era o que lle daba sentido á vida e o que facía medrar o espírito, o propio e o colectivo. No centro esencial do seu ser estaba o poeta, para quen a vida non tiña xeito máis que alimentándose de toda a creatividade que houbese no mundo e facendo medrar o caudal creativo da humanidade.

Fernando nunca estivo tentado a trocar a independencia e a liberdade polo triunfo exterior e mundano. Pero o seu triunfo foi grande en canto que conseguiu vivir como quería, dono de si, ocupándose do que para el tiña importancia, vendo moitas veces o que os demais non vían e contando a súa visión cando sabía e podía facelo. Achegou a Galicia a crítica e a análise que son esenciais para a creación e que tanto faltan no país. Un país non pode ter creatividade se non hai crítica e análise que arreden o grao da palla. Sen esa purificación, o grao non se distingue e a palla invádeo todo. Sen a peneira da crítica non se aprende a aprezar e non se pode cultivar a calidade. A crítica e a análise combaten o tribalismo, o sectarismo, o autoritarismo e o provincianismo. A análise e o espírito crítico que Fernando aplicou aos auntos de Galicia foi un acto de creación e unha achega de gran importancia para o país. Nas súas memorias ofrece un "relato" de Galicia novo e esixente, unha historia contemporánea analizada por un intelectual e un poeta que non se deixou levar polas apariencias nen as correntes mundanas do seu tempo e que sempre se mantivo alerta para descubrir a verdade. Esa visión será útil, como el tería desexado, e abrirá camiños creativos para esa Galicia pola que sentiu paixón e á que tanta loita mental adicou.

2

Os nosos criterios diverxentes

X.L. Franco Grande

Fernando, no centro, con X.L. Franco Grande (esquerda) e Xulio Ríos (Mosteiro de Oia, 2004)

Paréceme que, xustamente porque en xeral eran converxentes os nosos criterios, procede que me refira a aqueles outros nos que, ou diferiamos aberta e totalmente, ou non compartiamos en todo ou en parte. Como Fernando foi sempre unha persoa civilizada, e como eramos verdadeiramente amigos, as nosas diverxencias, lonxe de ser un entretollo na nosa amizade, foron, como sempre debera ser e case nunca ocorre, unha fonte de riqueza. E paréceme tamén que expoñelo aquí axudará a comprender mellor a mentalidade aberta, tolerante e civilizada de Fernando aínda nun tema como o que aquí trato, que, por razóns que nunca cheguei a comprender, non foi moi explícito.

Pode que a nosa principal diverxencia de criterios se asentase nos radicalmente opostos que mantiñamos en relación cunha posible unidade europea, co

europeísmo e aínda co federalismo. Para nos entendermos, e de maneira provisoria, todos eses diferentes conceptos imos englobalos baixo a idea de europeísmo.

Eu fun de sempre un claro partidario da unidade europea, e xa o era antes dos nosos tempos coruñeses, é dicir, con anterioridade aos anos 1960-1962, e el, tamén xa por entón, era non só un euroescéptico, senón máis ben un decidido opositor a calquera idea que tivese que ver cunha unidade de Europa. Non se trata como moitos pensan agora, sen ter idea de como pensaba por aqueles tempos antes referidos, de que o seu rexeitamento da idea europeísta fose unha adquisición ideolóxica dos moitos anos vividos na Gran Bretaña, unha contaminación británica; a súa actitude, aínda combativa moitas veces –ao menos no calor das nosas conversas–, pola contra, era unha vella actitude intelectual súa, cousa que podo asegurar sen ningunha dúbida, moi presente nas nosas conversas do coruñeses "Café Unión" e "Café Español", penso que xa desaparecidos.

Por suposto, as nosas conversas sobre a materia foron moitas e tiveron lugar en tempos tan afastados das nosas vidas que poden ser situadas entre os primeiros anos da década dos sesenta do século pasado ata os do seu falecemento. O que máis me sorprendeu nestas nosas tirapuxas dialécticas foi que a súa argumentación, á inversa do que acontecía noutras materias, sempre me deixaba insatisfeito, non era convincente e facía que eu me mantivese no meu fortín europeísta.

A miña principal argumentación era (sen necesidade de aclararlle que o meu europeísmo nada tiña que ver con Bruxelas, nin coa ignorancia e incapacidade dos líderes europeos de hoxe –entre nós podía resultar impúdico ter que nos referir a semellantes cousas–) que nada podería ser máis desavido que afastarnos do común destino europeo; que a nosa aspiración como pobo non tiña outro camiño que unha verdadeira solución federal, á maneira da proclamada por Denis de Rougemont nos seus famosos "principios", e que, ao cabo, non vía que outro camiño práctico poderíamos seguir, nuns tempos tan interdependentes, para asegurar o desenvolvemento da personalidade de Galicia. A non ser, argumentáballe eu con certa retranca, que defendas os vellos nacionalismos, como os franquistas, e hoxe os seus sucesores, como os "bembelistas", como os "cheguevaristas" ou como os "independistas".

Claro que non, dicíame. Claro que haberá que procurar outra vía. E iso é o que hai que facer: procurala. Pero, a verdade, nunca logrei arrincarlle un pronunciamento claro ao respecto, nin por que era tan mala cousa o europeísmo –quizais porque o xulgaba impracticable, como pensan moitos, sen que poida aseguralo–, nin por que o federalismo non era a forma máis acaída para nos organizar como país nunha comunidade xuridicamente superior, vistas as experiencias europea e americana nesa materia. Despois de todo, non son tantas as opcións xurídico-políticas de que podemos dispoñer a eses fins.

Non deixa de ser desconcertante para min, aínda hoxe, que home dunha intelixencia e dunha cultura superiores, chegase a reaccionar, aínda con certa estridencia, diante de feitos como, por exemplo, cando Irlanda votou en contra da

aprobación do Tratado de Lisboa: estaba satisfeito, máis ben exultante, gozoso. Porque para el supoñía un bo fracaso no desenvolvemento da idea de Europa. Di así o texto: "O corazón e a cabeza do carricanto (metonimia poética do propio Fernando) "exultant et iubilant" co resultado do referendo irlandés. Un triunfo da lucidez, malia o que digan os politólogos orgánicos".

Ao seu gozo eu respondinlle que cal era a súa proposta. Pero só conseguín silencio.

Entre as nosas, poucas, diverxencias, era esta do europeísmo a que máis me sorprendía, pois pensaba –e non pensaba con acerto– que sería unha idea con bo encaixe nunha mentalidade tan liberal como a de Fernando, tan allea aos dogmas, tan afastada do espírito inquisitorial, tan próxima ao mellor da cultura europea. Sorprendíame e segue sorprendéndome, porque, ao cabo, non se me acae coa súa personalidade intelectual.

Non sei se se trataba dunha teima súa –unha teima ben antiga, abofé, e todos temos dereito ás nosas teimas–; pero aínda así a min persoalmente cústame traballo comprendela, non porque pensase que a idea da unidade europea era rexeitable de cheo, cousa que nada ten de estraño, senón porque nunca me explicou as razóns de tan claro e terminante rexeitamento. Isto é o que verdadeiramente botei sempre de menos.

O enigma quedoume sen resolver.

3
Eduard Punset

Sempre adoito dicir que só teño amigas. Case nunca empreguei o meu tempo para conservar amigos. Sempre me fascinou a distancia incrible entre a primeira fósil muller de hai dous millóns de anos, Lucy, e a muller moderna montada nos seus tacóns. Son irrecoñecibles. A evolución da muller non ten comparación co que era. A miña curiosidade infinita lévame a contemplar, porén, os innumerables chimpancés que atopo na rúa; os homes conservaron en maior medida que as mulleres o seu carácter infantil; seguen sendo nenos toda a súa vida; agora ben, o máis sorprendente é que seguen sendo moi parecidos aos nosos antepasados comúns os chimpancés, antes de que se diferenciaran en homínidos, como se non transcorresen dous millóns de anos.

Fernando Nolla sempre foi a gran excepción. O seu pensamento era rebuscado ata ser afiligranado. Daba gusto oílo debullar as nosas orixes como se as proezas do xénero humano non existiran. Para Fernando todo tiña o mesmo denominador común; o que había no numerador non lle afectaba nin a el nin á verdade, nin ao final da Historia. Só contaba o denominador común que nos facía

humanos e en condición de tales pouco importaba que falasemos chinés, inglés ou galego que el dominaba indistintamente.

Durante cinco anos compartiu o traballo e a vida diaria comigo nos servizos exteriores da BBC, en Bush House, en Aldywich, no Strand. Eu non podía regresar a España porque non me perdoaran non presentarme para rematar o último tramo das milicias navais como cabo primeiro de infantería de mariña; tiña as miñas razóns para non facelo pero nunca falei diso con Fernando. Non lle interesaba porque non afectaba para nada a evolución dos sentimentos da especie; el era o único exiliado de verdade sen selo administrativamente. Non regresaba a Galicia porque a deixara definitivamente atrás; el podía esperar cen ou douscentos anos a que o alcanzasen no seu desdén polo material, no seu interese pola textura do chinés, do galego ou do español. Nunca o vin preocupado e sempre absorto polo que acababa de descubrir. Foi a miña década de exilio en Londres, a dos sesenta, pero el converteuma no centro dun universo.

4

Fernando Pérez-Barreiro Nolla e *Aturuxo*[1]

Miguel Carlos Vidal

Fernando Pérez-Barreiro, nos anos 50 do século pasado, era un estudante de Dereito –o mais destacado do seu curso– na Universidade de Santiago. Aloxábase no Colexio Maior Universitario "Generalísimo Franco", situado ó fondo dos paseos axardinados da Residencia de Estudantes. Alí coincidiron con el, tamén estudando, varios ferroláns máis, algún deles gran amigo seu, como era o caso de José Manuel López Nogueira, matriculado na Facultade de Medicina, quen chegaría a ser un prestixioso psiquiatra, ademais de notable intelectual; ou o de Manuel Fernández Gasalla, así mesmo brillante alumno de Dereito, intelixente e culto. Por certo que Fernández Gasalla, anos máis tarde, ía sobresaír como avogado en exercicio, primeiro nun afamado bufete de Madrid, despois noutro de Barcelona, ata que, de modo imprevisible, ó cabo de certo tempo, abandonou dita profesión liberal e emigrou a Londres, ó igual (vidas un tanto paralelas) que antes fixera, en e dende A Coruña, o seu gran amigo, case irmán, Fernando Pérez-Barreiro.

Dese xeito terminaron reencontrándonse na capital de Inglaterra, onde se estableceron e enraizaron definitivamente coas súas respectivas familias. Tamén naquel país morrerían os dous: Manuel Fernández Gasalla, relativamente novo aínda, ós 62 anos, en Londres; Fernando Pérez-Barreiro Nolla, ós 78, en Lancaster, cidade á que se trasladara dende Londres facía pouco mais dun ano.

1 Tradución do orixinal en castelán coa autorización do escritor

O primeiro contacto persoal de Pérez-Barreiro cos poetas que editabamos a revista *Aturuxo* produciuse nas vacacións de Nadal de 1954, cando todos eramos moi novos. Foinos presentado por Manolo Fernández Gasalla na tertulia do Café Suízo. Fernando viñera de Santiago a Ferrol a pasar aquelas festas cos seus pais (don Fernando e dona Matilde), que vivían na rúa María, número 72, primeiro andar, e a partir daquel encontro pasou a integrarse no cadro de colaboradores fixos da revista. A súa colaboración iniciouse no número 4, cuns poemas de rutilante verso curto, estrutura moi traballada e contido sempre orixinal; uns poemas captadores do instante rápido e fugaz, case volátil, da vida, e, formalmente, con matices de vago impresionismo.

Por aqueles mesmos anos, Fernández Gasalla publicou no xornal vespertino *La Noche*, de Santiago, un breve estudo crítico sobre os poetas de *Aturuxo*. Nel dicía de Pérez-Barreiro que este expuña "en forma concisa o problema do tempo en nós, desposuíndoo de todo sentido angustioso, pero sen ocultarnos a súa magnitude" (…) "Algunhas breves composicións tentan resolver –engadía o articulista– a limitación do instante en presenzas intemporais o en bosquexadas ausencias ou adventos"...

Case ninguén lembra que Pérez-Barreiro, na súa etapa en Santiago, dirixiu o chamado "Teatro Experimental" (dos Colexios Maiores Universitarios). Tal circunstancia propiciou a ocorrencia dun feito que ía ser transcendental na súa vida. Primeiro, porque ó ser el director daquel teatro, puido estrear en Santiago, o 25 de abril de 1956, a obra titulada *Panteón familiar (guiñol humano en cuatro cuadros, un prólogo y un epílogo)*, da autoría de Tomás Barros, cofundador e codirector comigo da Revista *Aturuxo*. E segundo, e para el máis importante, porque a protagonista desa obra teatral tamén ía ser a coruñesa Teresa Barro, entón estudante de Filosofía e Letras (anos despois, escritora e cotradutora de sobresaíntes obras literarias), e con quen Fernando remataría por casar, en xullo de 1962.

A finais desa década dos 50, por causa de enfermidade que lle obrigou a gardar repouso, Fernando tivo que residir en Ferrol preto de dous anos. Íamos visitalo á casa dos seus pais, na xa mencionada rúa María. E facíamolo tódalas tardes Tomás Barros, Mario Couceiro e o autor destas notas. Algunha vez, se coincidía con que estaba en Ferrol, pois profesaba de catedrático no xixonés Instituto "Jovellanos", uníase a nós Paco Vizoso. E, por suposto, –sempre, sempre– cando non se atopaba en Madrid, Fernández Gasalla.

Tan axiña como os médicos lle permitiron saír de casa, Fernando converteuse nun asiduo da tertulia diaria do Café-Bar Galiano, da dominical do Café Bonilla e da irregular do Café Suízo.

Naqueles tempos escuros, ó principio durante as tardes pasadas con el na súa vivenda, e despois nas nosas tertulias de café, Fernando, lector empedernido, memoria e intelixencia prodixiosas, falante xa á perfección de varias linguas e apaixonado do teatro, íanos pondo ó corrente, por se non o estabamos, das estreas que triunfaban en París ou en Londres ou na capital de España. Dábanos noticia e,

ademais, líanos, por exemplo, directamente do francés, fragmentos de *La alondra*, de Jean Anouilh; de *Las sillas* ou de *El Rinoceronte*, de Eugène Ionesco, obras que aínda non se editaran en castelán. Ó mesmo tempo, facía o propio con escritores ingleses: así, *verbi gratia*, do prestixioso novelista Graham Greene, líanos parte de *El cuarto de estar*, peza estreada en Londres tamén por aqueles días... E aínda, falando e falando de teatro, foi el quen primeiro nos informou do que pretendía facer en Madrid o entón pouco coñecido Alfonso Sastre, creador do TAS (Teatro de Agitación Social).

Pérez-Barreiro, antes de trasladarse a Londres, deixoume para *Aturuxo* catro poemas seus inéditos. Con eles entregoume ademais tres narracións breves, mecanografadas e datadas entre 1956 e 1960. Non chegaron a publicarse porque nese último ano rematou a vida de *Aturuxo*.

Nestes invernais e fríos días de hoxe, nos que se cumpre o primeiro aniversario da súa morte, antes de pór fin a estas breves palabras, deberei resaltar –salientándoo– que Fernando Pérez-Barreiro, de mozo, xa era –e continuou a selo, progresivamente– en todas as ordes, un grande humanista, un intelectual sabio e profundo e un políglota abraiante. Deberei aínda destacar que el quixo e soubo ser, por riba de calquera outra cousa, un home bo, un home que cría firmemente que o exercicio da bondade é, sen dúbida, a máis elegante –tamén a máis elevada– das formas de sabedoría.

Pois ben, e remato, todos eses, e aínda outros atributos positivos que adornaban a tan ilustre ferrolán explican o moito que sentimos a súa marcha de Ferrol á Coruña, e xa non se diga o seu posterior traslado a Londres. No persoal, logo de marchar tan lonxe, el e eu comezamos a escribirnos, pero xa nada era igual. Na súa derradeira carta interesábase polo estado da miña saúde. Enterárase –dicíame– polo poeta e avogado Xosé Luís Franco Grande de que eu sufrira determinado contratempo. A finais de 2009, envieille a Lancaster o meu derradeiro libro publicado. Estaba, pois, agardando carta súa cando en xaneiro de 2010 fun sorprendido e golpeado moi duramente pola dolorosa noticia do seu falecemento. Ferrol, Galicia e o vasto mundo da cultura perderon, coa morte de Fernando Pérez-Barreiro Nolla, ademais dunha boa persoa, o que non é pouco, a un dos seus intelectuais últimos e de maiores méritos.

5

Da miña amizade con Fernando

Camiño Noia Campos

Foi en 1980 cando Xulián Maure, que puxera a andar Edicións Xerais de Galicia e buscaba autores para as súas colecciónns, se puxo en contacto con Fernando Pérez-Barreiro, que sabía chinés, para que traducise ó galego unha obra desa lingua. Accedeu encantado e traduciu unha escolma de narrativa curta chinesa que

se publicou co título de *Flores e leña* en 1982. Foi daquela cando o coñecín persoalmente. Oíralle a Piñeiro falar del e de Teresa. Dicíame: "É un matrimonio moi galeguista e os dous moi creativos". Eu lera a súa tradución galega de *Macbeth*, que fixera por encargo de Piñeiro, quen, en cambio, non publicou as *Cartas a Rosalía* de Teresa Barro, disque por falta de papel (editadas en 1981 por Ediciós do Castro).

O ano 1984, publícase a tradución de *As aventuras de Alicia no país das marabillas*, na que Fernando colabora con Teresa, obra merecente do Premio Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura de Madrid e que o ano 2012 figurará na exposición que a Lewis Carroll Society anda a preparar en Nova York. A tradución desas obras, e doutras que viñeron despois, intensificaron a relación con Teresa e con Fernando nas súas viaxes a Galicia.

Anos despois, grazas ó IGADI, puidemos renovar a nosa vella amizade. Xulio Ríos chamou a Fernando para participar no Consello asesor do instituto que acababa de crear. E el, non só aceptou gustoso o convite, senón que se entregou con paixón ás tarefas que se lle propoñían. Con ese motivo, viaxaba dúas ou tres veces ó ano a Baiona e sempre había un tempo para falar, paseando de vagar pola beira do mar ou mentres se xantaba. Fernando gozaba da conversa, falaba e falaba ata o esgotamento respondendo preguntas, mais tamén escoitando o que outros dicían cun interese, unha intelixencia e unha sabedoría difíciles de atopar xuntas.

Nesta relación, da que tamén participou Teresa, fomos recuperando a lembranza de xente significativa nas nosas vidas: Piñeiro, Carballo Calero, López Nogueira, Ricardo Palmás, Beiras… E fixemos reconto dun pasado, se non común, si paralelo nas vivencias da Compostela das décadas dos anos cincuenta e sesenta, unha etapa en que o galeguismo xermolaba de vagar nas conciencias dun grupo de universitarios co labor de persoas como Carballo, Piñeiro, Otero, Xaquín Lorenzo ou Risco, desde as distintas cidades onde cada un residía (Ferrol, Santiago e Ourense). E un día propúxenlle a Fernando que escribise as súas memorias. "Sería interesante que nos falases do ambiente cultural da Compostela dos cincuenta", dixéralle. Pensouno, e un día escribiume anunciándome que entre Teresa e mais eu o convenceramos e que xa se puxera a traballar. Un mes despois, mandoume a primeira entrega:

> Aí che vai, querida Clío, o que se me foi ocorrendo. Irei facendo o que poida para situar en anos as actividades. Non sempre é doado, pola peculiaridades da miña memoria, que é boa para algunhas cousas e menos que mediana para outras, sobre todo cando se trata de números ou cantidades, incluída a secuencia temporal. As correspondencias que estou relendo –non só a de Piñeiro– vanme axudar nesa tarefa.

Logo me chegaron a segunda e a terceira. Mais o destino, que levara a filla Beatriz a Lancaster, levou tamén alá a Teresa e a Fernando. Custáballe deixar Londres, mais, á proposta de marchar da compañeira, non dubidou a resposta: «Se na derradeira etapa da miña vida podo ser útil, vamos para alá». Buscar unha casa

do seu gusto, trasladar as pertenzas, habituarse ó novo lugar. Todo iso levou un tempo, e as memorias ficaron adiadas. Nunha carta do 10 de xullo de 2008, ás 19: 09, dicíame:

> Benquerida ClíoCamiño:
> Foise xuntando unha morea de cousas que non che contei e que ao mellor xa sabes por outras fontes. Fago un apaño rápido e cóntoche:
> Imos deixar Londres despois de case medio século. Desde que morreu Jay, Beatriz ten que ocuparse de Cameron sin moita axuda, traballa, ensina na Universidade e agora quere facer Dereito, según ela para arredondar a súa formación cunha disciplina máis formal. Bueno, o caso é que estabamos indo cada vez máis a Lancaster, e pensamos que sería mellor irmos alá definitivamente. Tivemos a sorte de que quedara unha casa, a catro portas da dela, nun grupo de casas adosadas que aquí chaman "terrace". Son todas vitorianas, con interiores adaptados por sucesivas xeracións, e resultan moi atraentes. Total, que mercamos a casa e logo nos trasladaremos. Lancaster é unha cidade de proporcións moi razoábeis, ten moito ambiente e interese histórico, e gústanos. Ver medrar o neto e axudalo tamén val a pena.
> Temos en venda o piso de Londres, pero iso vai levar tempo co mercado como está. Seguiremos traballando como faciamos ata agora por internet e eu virei cando haxa reunións da OIC ou da OMI, e tamén outras veces. Gardo todas as facilidades de bibliotecas, SOAS, etc. Pero viviremos en Alancastre, como lle chamaban en Portugal e na Galicia medieval. Lembrareime de Xoán de Gante, que andou por Galicia acompañado por Chaucer, según parece. Mágoa que non abondase o seu apoio para impedir que acabase reinando o "das mercedes".
> Nunha das visitas a Lancaster, hai seis semanas, Teresa caíu na rúa e quebrou un brazo: a cabeza do úmero, no encaixe co ombreiro. Foi moi mala fractura, pois non se pode escaiolar nin intervir, así que andou, e aínda anda ás veces, cun estribeiro. Recuperouse millor do que temían os médicos, e agora está facendo fisioterapia. Vai levar tempo; din que ata setembro. Ela está de moi bo ánimo; xa sabedes como é. Eu un pouco máis atarefado, claro. E as memorias que lle ditaba están paradas, pero xa van seguir, porque parte da terapia é usar o ordenador.
> Mañán venres iremos a Lancaster. Andamos "poñendo" a casa, que ten catro dormitorios (animádevos, que podedes ocupar un cando queirades, e que Xulián se deixe de lerias co de non falar inglés). Estaremos uns días. A mudanza definitiva no sabemos aínda cando será.
> Vin o do Día das Letras. Semella algo incestuoso. E "letras" (se non contamos as cartas) non ten moitas, na verdade, o Flautista. Espero que non me provoquen, pero non vai ser doado.
> Como che digo, as páxinas que inspiraches van seguir, e non sabes cánto ben me fan.
> En setembro irei a Birmingham a falar sobre Plácido nun congreso sobre a emigración republicana. Califico de "atípica" a de Castro, e xa tiven que corrixir o programa porque me puxeran "utópica" .
> Dálle unha aperta moi forte a Xulián. Interesoume moito o que me dixo da neurobioloxía. Dille que conte algo.
> Apertas dos dous para os dous.
> Fernando.

A carta mostra ben a ilusión que, malia os seus setenta e sete anos, puxo Fernando no cambio de vida que lle había supoñer o traslado a Lancaster, sen sospeitar que o seu destino só lle concedería un ano para gozar desa fermosa cidade e aprenderlle a vivir ó seu netiño Cameron. Cando aínda os baúis coas pertenzas do pasado permanecían pechados no soto da casa, cando aínda non tivera vagar para visitar Carlyle, ver a muralla coa que Adriano pretendeu xebrar o territorio entre os bárbaros celtas e os civilizados romanos e, por suposto, visitar os magníficos bookshops de libros usados, onde tanto el gozaría, a Parca veuno buscar.

E os seus restos, xa para sempre, repousan no cemiterio de Scotforth, no condado de Lancaster, baixo terra inglesa e cubertos por unha lápida na que Fernando aparece co merecido título de «Cabaleiro galego», rodeado de xentes de Polonia, a quen o destino tamén levara cara ó Occidente.

Fernando Pérez-Barreiro foi un tradutor vocacional e, desde a súa habelencia no manexo das linguas quixo manter o elo coa tradición cultural do seu pobo de orixe. A súa condición de políglota facilitoulle a relación coa estirpe seguindo o consello confuciano de que «quen estima o que lle chega por tradición e vai aprendendo novas cousas acada o necesario para ser un mestre». E iso foi Fernando para quen tivemos a sorte de coñecelo, un verdadeiro mestre. Mais, por riba de todo, Fernando foi unha persoa feliz, boa e xenerosa como vin poucas, que viviu unha vida intensa, dando e recibindo cariño e sabedoría.

6

Realidade primaria

Poesía en Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Francisco X. Fernández Naval

É o propio Fernando Pérez-Barreiro, nas súas Memorias, quen recoñece a importancia que, desde a adolescencia, tivo para el a poesía. Xa mozo e estudando en Compostela, ao tempo que se esforza nas materias máis complexas da carreira de Dereito, afírmase nun mundo paralelo de sensibilidade e emocións, íntimo e propio, non mesturado cos personaxes da vida académica nin coas institucións.

Fernando escribía poemas desde a adolescencia, actividade que exerceu durante toda a súa vida. Porén, agás nos anos compostelans, tempo no que participou nas Festas Minervais e cando entregou algúns orixinais para seren publicados na revista Aturuxo, a súa obra mantívose inédita, coa excepción dalgún poema dedicado a un amigo e publicado por este, como é o caso de Xosé Luís Franco Grande, quen na edición de 2004 do seu libro **Os anos escuros**, inclúe o poema "EPÍSTOLA MORAL A FRANCO", dedicado por Fernando e escrito en 1993. É este un poema longo, o máis longo de cantos lle coñecemos, composto por 156 versos distribuídos en 13 estrofas de medida irregular, primando as de 9 versos. Nel o autor conversa con Franco Grande dende Londres, arredor dunha experiencia vital

anterior relacionada co proselitismo galeguista. Franco, no seu libro, cualifica o poema como "desconcertante". A el pertencen estes dous fragmentos:

.....
"London, poema longo, adiviñanza
en que me perdo e encontro cada día,
sedela de pesca nunha tarde longa
que trae verdades con escama húmida
ao caer a tardiña. Volta á casa.
Trinta anos nestes ollos misteriosos
que serven para ver como os dos cegos.
Músicas das esferas nos recunchos
de parques que me falan amodiño"
.....
London, poema longo, adiviñanza,
tiras o azougue de espellos cativos,
trasme de novo aos vivos. Xa ves, Franco,
aquí sigo, xogando. Xogando neste xogo
que nin gaño nin perdo, porque iso
son xogos de frautistas e de ratos.
E eu so noutra cousa. Mas no medio do xogo
agradezo esaxeros amistosos. Remato.
Non culpes ao país: teñen nome os culpables"

Responde este poema a un tipo de poesía da que gustaba moito Fernando, ou que el prefería. Trátase deses poemas nos que a voz individual do poeta, amais de afondar nas circunstancias de si mesmo en canto home, asume tamén a responsabilidade de se transformar na voz da colectividade. Advertía el que ese xogo era moito máis frecuente na poesía inglesa ou irlandesa que noutras. Lembro varias conversas sobre Seamus Heaney -do que el escribira xa un longo artigo en 1985, no diario La Voz de Galicia- e esa capacidade do premio Nobel de 1995 para reproducir ese xogo do que Fernando tanto gustaba. Recordo, en concreto, unha mañá na que paseando por Lancaster, comentamos o poema de Heaney "A estrada de Toome", no que non se dá unicamente ese xogo do que el gustaba, senón tamén un forte contraste entre violencia e inocencia: *Unha mañá cedo atopei carros blindados/ en convoi, cantarolando sobre potentes pneumáticos,/ todos camuflados con pólas partidas de ameneiro,/ e soldados con auriculares de pé nas torretas./ Canto tempo levaban achegándose aos meus camiños/ como se lles pertencesen? Todo o país durmía...* A tradución é de Vicente Araguas.

Eu falei moito de poesía con Fernando, mantiñamos tamén un periódico intercambio epistolar a través do correo electrónico, no que ese era o noso tema principal de conversa. Dende que o coñecín intuín que non só era tradutor e bo lector de poesía, senón que tamén escribía, logo cheguei a confirmalo, pero aínda

nese momento, non fun quen de albiscar a dimensión da súa vocación como autor e o volume da obra que gardaba, cousas que descubrín cando axudei a Teresa Barro a ordenar as Memorias e, en particular, a completar o último capítulo que el non puido rematar e que leva por título: Reflexións sobre a poesía.

Para Fernando, a poesía era a realidade primaria do ser humano, así o expresou en máis dunha ocasión. Opinaba que aínda que non houbese poetas, habería poesía agardando por un primeiro explorador que a descubrise. Axiña intuíu que ser poeta non é, exactamente, actuar mimeticamente, facendo o que fan os poetas, senón que a pedra de toque de quen pretende dedicarse á poesía, é comprobar se un fala ou non dunha realidade distinta, se ao autor se lle abriu ou non a xanela pola que ve un mundo que reclama a súa expresión singular e única, en definitiva, a descuberta da voz propia. O poeta debe descubrirse como tal a si mesmo nun océano de poetas. Dese descubrimento derívase a reflexión ou a experiencia que debe levar do que Yeats chamaba emocións iniciais ao que denominaría responsabilidade posterior, xa que "o xogo rexoubante" de lanzar emocións contra o muro da realidade exterior, non dura moito.

O pensamento poético de Fernando era consecuencia dunha vida enteira dedicada á poesía. Como xa se dixo, dende a adolescencia escribiu poemas, en principio influído polas vangardas, imitando a Rubén Darío, lendo a Lorca, aprendendo en **Vento Mareiro** de Ramón Cabanillas, un libro principal co que conviviu moitos anos; emocionándose coa descuberta de Rosalía, Curros e Pondal, autores dunha obra para el transcendente e que o acompañarían sempre, ao tempo que se abría a outras voces que se expresaban noutras linguas.

Como dicía, a Fernando non lle deu tempo de rematar o capítulo sobre a poesía que, no seu proxecto, ía ser o último das súas Memorias. Deixounos uns primeiros parágrafos nos que explica a súa opinión sobre esa realidade que era para el algo máis ca un xénero literario, porque para el a poesía era tamén un xeito de vivir. Pretendía logo ir debullando poetas, poemas e libros que foran determinantes na súa vida.

Seguro que, de ter oportunidade, tería falado alí de William Blake e os seus labirintos, que moita ledicia e moita inquedanza lle producían, de feito sabemos que foi este un dos últimos poetas que leu, quizais o derradeiro, voz á que volvía cada certo tempo. Habería espazo para John Keats e William B. Yeats, poetas aos que regresaba cando precisaba alento para continuar. Supoño eu que demoraría nese "Chuchulain consolado", un dos últimos do poeta irlandés, tamén premio Nobel, que remata con este fermoso verso: "*...cambiaran as súas gargantas e agora eran gargantas de paxaros*".

Gustaba el de camiñar polos lagos de Cumbria, compartindo o paseo cos versos de William Wordsworth, Samuel T. Coleridge e Robert Southey e, nalgunha ocasión expresou que unha das cousas que máis pracer lle causarían, sería lerlle, á beira dos lagos, os poemas de Rosalía a John Ruskin.

Importante foi para el Noriega Varela, poeta, segundo se dicía en Viveiro, de maneiras tan finas que semellaba portugués, tal e como lembra nun capítulo das Memorias, autor que leu por consello do seu tío Pepe, o presbítero, pero tamén Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos e, por suposto, Xosé Luís Franco Grande e Bernardino Graña, cos que, na mocidade, deambulaba polas rúas de Compostela falando de poesía. É o propio Franco Grande quen lembra que na convocatoria das Festas Minervais do ano 1955, foron premiados os tres, xunto con Blanco Losada e Edmundo Escariz Vázquez.

Pero, ademais, como esquecer a súa intelixente lectura de W.H. Auden ou de T.S. Eliot e a admiración que sentía polo tratamento da natureza de Edward Thomas?

Como herdanza, quédannos, entre outros, o texto publicado no diario La Voz de Galicia o 18 de abril 1985, referido a Seamus Heaney e ao que xa fixemos referencia, e outro escrito cando o centenario de D.H. Lawrence e publicado o 19 de setembro do mesmo ano, no que analiza as razóns polas que a literatura galega elixiu como modelo ao católico Joyce, en lugar do protestante Lawrence, que, na súa opinión, iría moito máis co noso ser, artigo que remata con esta reflexión: *Galicia escolleu hai tempo a Joyce. Na realidade social xa estaba aí, aínda que en forma algo atenuada no medio rural polo bon sentido camponés, e moito máis acentuada na ridiculez vilega e cidadana. Despois, nos reducidos círculos intelectuais foi escolla decidida. Probablemente polo vicio enraigañado de apuntarse "á última", que tantas veces nos levou e nos leva a facer os experimentos que xa están feitos. Lawrence é o antídoto. E non estaría mal aproveitar o centenario, non para facerlle homenaxes en público, senón para pensar na casa e ver de tomar en serio o espírito e as súas exixencias; para combatir, no cabo e remate, a complacencia, mol e fachendosa a un tempo, que nos condena a morte.*

Salientar, tamén, os seus traballos de crítica sobre a poesía chinesa contemporánea, pola que sentía particular curiosidade e admiración e que el traduciu para todos, abríndonos unha fiestra a esa cultura milenaria, ata hai pouco tan afastada de nós.

Mentres non se acomete o traballo de edición da súa poesía completa, e como aproximación á mesma, inclúese, a continuación un poema escrito entre os anos 1994 e 1996, que ten como elemento común a carricanta. Fernando, posto na tesitura de ter que elixir entre formiga e carricanta, optaba por esta, xa que se identificaba coa súa vocación de cantar, como fai o poeta e como expresaba Yeats no poema citado anteriormente. Apuntar, tamén, que cando el fala de "carricanto vello" refírese ao seu pai.

Baixando desde A Toca ás Enviadas,
alí estaba, no medio do camiño,
poliédrica e chea de razón puntiaguda,
verde campante desafío ao mundo.

"É a carricanta" –díxome o meu pai
apontando có ferro do caxato.
E alí encontrei o meu destino certo.
"Quero ser carricanto cando eu medre"
E aquí estou, entre a Toca e As Enviadas,
Entre Camden e Putney,
Entre Innsbruck e Sölden, no Ótztal,
Cantando sempre, o Carricanto.

Sölden, baixando do Stallwiess Alm,
22 de agosto de 1994

7

Modelo de civismo

Xulio Ríos

Fernando Pérez-Barreiro Nolla foi, é, ante todo, un modelo de civismo. Ao longo da súa traxectoria vital, foi quen de tomar distancia e comprometerse, coidándose de asegurar en todo momento e por riba das vicisitudes de cada época histórica, unha relación equilibrada e intensa cos valores que hoxe e sempre definiriamos como indispensables para dinamizar a conciencia social e as arelas de construción de normalidades coherentes co que somos, co que podemos e debemos ser, con nós mesmos, tanto no plano político, intelectual ou simplemente humano.

A virtude construtiva é unha constante no pensamento e no comportamento de Pérez-Barreiro, asentada nunha experiencia e coñecemento profundo de quen se sabe e recoñece, por riba de todo, como un humanista, a sabendas de que ese humanismo de raíz conleva necesariamente o desenvolvemento de actitudes socialmente proactivas e dignificadoras co potencial suficiente para encarreirar este país pola senda da recuperación da súa dignidade colectiva, un empeño no que participou a conciencia dende a súa peculiar singularidade. Esa conduta é igualmente expresión dunha permanente vocación de servizo á sociedade, de empeño perseverante por fomentar comportamentos críticos e transformadores, a contra corrente, tan alleos ao inmobilismo como a calquera caste de mesianismo, vocación presente incluso cando a súa traxectoria profesional levouno por rutas que coquetean cun aparente e incomprendido exotismo, finalmente cargado de futuro e que hoxe se expresa situándoo nas fileiras da vangarda.

Para Fernando, a distancia, exenta de nostalxia, non equivale a un virar de costas, senón a unha oportunidade para construír un modus vivendi enriquecedor, para achegar unha nova perspectiva que afonde nunha mirada tan complementaria

como comprometida, resaltando aspectos e claves que o exceso de proximidade, tantas veces valado para a curiosidade, non permite outear na súa complexidade. Lonxe de entusiasmarse coa negación de si mesmo a resultas dunha iluminada cegueira tan común como suicida e mesquiña, é na distancia onde fortalece un progresivo reencontro espiritual nun terceiro espazo simbólico onde van converxendo os trazos dunha identidade plural que segue mantendo a Galicia como referente das súas preocupacións e vocacións.

O IGADI tivo a fortuna de tenderlle, nos derradeiros anos da súa vida, unha ponte para actualizar a súa conexión co noso país, dende unha perspectiva moi diferente á tradicional, xenerosamente ampla, e coa que se identificou dende o primeiro momento. Ese longo retorno de Fernando ás cousas do país, que son tamén as cousas do mundo, dende a rica periferia na que se foi instalando dende a súa chegada ao Reino Unido, permitiu alentar novos enfoques do noso pasado recente e reflexións e iniciativas viradas para a mellora do noso presente sen o ofuscamento dos tirapuxas que de forma constante estragan e fagocitan moitas das nosas mellores enerxías.

No diálogo e no contacto xurdían ideas e proxectos que bebían das fontes propias e alleas nun ir e vir co potencial suficiente para transformar eixes claves da nosa relación co exterior, pero tamén para achegar visións revalorizadoras da nosa propia identidade como expresión de modernización e de progreso, encarada con espírito desmitificador e afastada dos tópicos tan solidamente ancorados non soamente no imaxinario dos renegados ou contrarios, senón mesmamente na intelixencia dos seus máis acólitos defensores. Fernando aceptaba os honores pero a súa nunca foi unha posición honorífica, pois arremangábase de bo grado para arrimar o ombreiro no que fixera falla.

A relación co IGADI permitiu a este contar cun recurso de gran valor e a Fernando valeulle para enriquecer as súas miradas, do pasado e do presente, con perspectivas complementarias que el soubo integrar e anovar, concedendo igual importancia á formulación de innovadoras orientacións temáticas como á súa vertebración en modelos prácticos con vontade de incidir de forma efectiva no escenario da transformación social nun tempo especialmente xeneroso en oportunidades.

A busca da orixinalidade non é en Fernando unha expresión de snobismo senón a consecuencia lóxica e coherente dun esforzo que debe responder aos trazos singulares que conforman a nosa identidade e que precisan, tendo en conta as experiencias comparadas, vieiros propios para exaltar e aproveitar as nosas características, expresadas en termos de vantaxes. É nese contexto que podemos ter éxito no mundo de hoxe como sociedade e tamén é así como podemos contribuír ao enriquecemento universal. Claramente, unha tal actitude demanda unha resposta vital de autoestima, afastada de autoodios, pero tamén de nacionalismos miopes e instalados nunha autocrítica precaria e/ou continuadora, mesmo cando se reivindica como rupturista. Fernando era un actualizador nato e a tempo enteiro.

Cómpre desenvolver crecentes esforzos para divulgar o pensamento de Fernando pero, sobre todo, para reivindicar a súa actitude cívica, as vigas da súa compostura persoal fronte ao que nos rodea, destacando a importancia da coherencia, do rigor, da creatividade e desa independencia na que tanto insistía como clave irrenunciable para desenvolvernos como ser humano e como ser social. A súa é unha mensaxe dirixida, en primeiro lugar, á cidadanía, para que coute os vínculos que lle impiden pensar en por si; pero tamén a ese poder que non é quen de artellar unha relación que non sexa de submisión e dependencia, atribuíndose un dereito á lealdade que deliberadamente confunde co asentimento.

A serenidade reflexiva, creativa e dinamizadora de Fernando é un maxisterio que brilla con luz propia e que expresa a urxencia de contarmos entre nós con solidariedades diversas, con marcos intelectuais flexibles que saiban recoñecer e fomentar a diversidade e o pluralismo, revalorizando a significación e transcendencia do debate de ideas sen que derive, produto das nosas deformacións e ausencias de perspectiva, en rivalidades enfermizas ou "cainismos".

Hai moito que aprender de Fernando. Esta obra permitiranos ponderar adecuadamente as súas achegas, as súas calidades e quizais adiviñar os vimbios que precisamos para contar con novas xeracións susceptibles de asumir unha visión diferente do compromiso, concretado nunha lealdade sólida pero flexible e ata camaleónica ante a vertixinosidade dos tempos que vivimos e que demandan tanto referentes éticos particularmente consistentes como actitudes maleables para captar e transcender a súa complexidade.

Xulio Ríos é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, www.igadi.org).

8
Mr. Nolan

Ramón Fraga

Foi Ramiro Fonte quen por vez primeira me falou de Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro Nolla, aló polo ano 2004. Quizais foi no salón da súa casa no Areal vigués, despois de amosarme unha primeira edición dos *Catro cuartetos* de Eliot ou o volume dalgún liberal español do XIX, impreso no exilio dun Londres onde Ramiro habería de atopalo, décadas despois, para cobrarse unha prezada peza como avezado cazador de libros que era. Ou quizais foi dando un paseo por unha bretemosa Alameda, ata onde nos chegaban os ecos dos turistas ingleses que acababan de baixar dun cruceiro e que engadían á atmosfera incerta un aquel de irrealidade por facernos crer, aínda que só uns intres, que as árbores baixo as que camiñabamos eran as de Hyde Park. Se che interesa Londres, se che interesan os galegos e Londres, tes que coñecer a Teresa e Fernando, veu dicirme Ramiro, e

eu retiven na memoria os seus nomes xunto cun máis estraño que daquela me pareceu prometedor e poético: Grupo de Traballo Galego de Londres.

Foi ao enderezo do Grupo ao que lles escribín, despois de ler en Internet a fascinante historia das reunións de amigos que, xusto nos anos en que eu vivía como un meniño na súa mesma cidade, debatían sobre como acadar unha sociedade e un país mellores, primeiro a través da educación e logo da acción política xeral, ideas que partillaban a través de boletíns remitidos por correo postal a Galicia. Con non menos fascinación lin as entregas da segunda época, contemporánea e concibida para a súa difusión na Rede; enfiando unha reflexión tras outra, sumando conceptos, o resultado era moi semellante ao retrato ideal do mundo que nos gustaría habitar: aberto pero cun centro, xeneroso pero inflexible ante o que consideraban xusto e formulado dende unha independencia insubornable polo feito mesmo de que era a cerna de todo aquel traballo.

Iso mesmo foi o que lles contei a Teresa e Fernando o día en que nos coñecemos, tomando un té con galletas no salón da súa casa londiniense, mentres o solpor avanzaba por entre as árbores do parque que pechaba a rúa. Daquela conversa tamén lembro a extensa información que manexaban non só sobre a historia de Galicia, senón sobre os asuntos de última actualidade, así como un certo fastío con determinadas actitudes como a dunha especie de embigueira que os contemplaba como rarezas que teimaban nun exilio que hipoteticamente xa non era necesario manter. Deixando razóns biográficas á marxe, era xusto a condición de diáspora na cultura galega un dos principais trazos que reivindicaban Teresa e Fernando. Fernando fixo desta idea o eixo do discurso de aceptación do Pedrón de Honra, e que pode resumirse nun lema que debería guiar moitos debates que rematan en disquisicións estériles: "Esa diáspora ten que ser túnica inconsútil, sen costuras nin fendas que separen ou atranquen a continuidade do tecido. Fóra ou dentro, dentro ou fóra, Galiza é toda unha".

Fernando tivo a xentileza de enviarme unha copia da súa intervención dentro da correspondencia electrónica que iniciamos a raíz do noso encontro, na que eu procuraba información, orientacións, resolución de dúbidas, e el, coa xenerosidade que o caracterizaba, respondía cumpridamente. Foran unhas declaracións sobre Shakespeare ou Plácido Castro para unha reportaxe xornalística ou unha palabra que se resistía nun verso de Wilfred Owen, el aparecía cunha proposta que sumaba sempre sabedoría e naturalidade. Cando asumín a tradución ao galego da novela *Arthur & George*, de Julian Barnes, atopei nel o mellor consultor e o feito de que mercara a mesma edición que eu manexaba para consultar as miñas preguntas rapidamente co número de páxina só pode falar do alcance da súa bondade.

Meses despois puiden devolverlle o convite na que entón era a nosa casa no barrio coruñés dos Mallos, ata onde se achegou nos días previos ao nacemento do noso primeiro fillo. Sentado fronte unha caixa de cartón disimulada cun mantel (aínda non tiñamos mesa), impecable na súa americana e camisa Ben Sherman, Fernando ía comendo sen presa pero sen pausa as galletas coas que

acompañabamos o té. Falamos de moitos e moi variados temas no par de horas que durou a súa visita, mais o central, ao que sempre regresabamos, era o da formulación dunha vida plena e satisfactoria. Tempo despois lin que el marchara da Galicia do seu tempo ao decatarse da incapacidade para conducir a existencia que desexaba. "Unha incomodidade", foi como o definiu. Unha vez e outra recuncabamos na gran pregunta de cómo acadar ese lugar no mundo, que, comezaba a decatarme grazas ao seu exemplo, era máis un estado mental que físico. Á mañá seguinte, moi cedo, chamou por teléfono para despedirse e interesarse polo fillo que viña de camiño, non fora ser que chegara sen avisar.

Coa familia medrada nun membro máis visitamos a Teresa e Fernando en Londres e paseamos polo seu barrio. Calquera recanto, nome de rúa ou elemento arquitectónico servíalle a Fernando para iniciar unha conversa sobre, por exemplo, o período victoriano, polo que sentía un interese especial, o mesmo que o século XIX en xeral. Naquel lugar, Fernando Pérez-Barreiro Nolla, o tradutor, o profesor universitario, o intelectual galeguista, era Mr. Nolan, unha derivación britanizada do segundo apelido, de ascendencia catalá, que lle outorgaba unha nova personalidade: se somos a suma das diversas proxeccións que emitimos cos nosos acenos e o reflexo das percepcións externas que chegan a nós, cada unha desas facianas fala dun trazo concreto, e a min, Mr. Nolan, coa súa afabilidade e erudición discretas, era a miña preferida.

Nos anos seguintes os condicionantes biográficos espazaron as nosas conversas electrónicas máis do que a min me gustaría, ao igual que as posibilidades de volver vernos en persoa. Teresa e Fernando mudaron, de casa e de cidade, e nós tamén. Pero de cando en vez chegaban novas por amigos comúns e breves intercambios de correos, ademais da teimuda constancia coa que cada poucos meses o boletín do Grupo de Traballo Galego de Londres continuaba cos seus obxectivos. Sentín non velos na visita á cidade coa que agasallamos aos meus pais co gallo da súa xubilación, aínda que esa viaxe quedará marcada, entre outras cousas, pola mensaxe que, de todos os sitios, recibín no móbil unha tarde soleada en Hyde Park: morrera Ramiro Fonte.

Nos seguintes correos falamos de Ramiro e mais de Camilo Gonsar, das insatisfaccións laborais e culturais, de experiencias decepcionantes no sistema educativo. Fernando tamén se refería á súa nova estadía en Lancaster, onde mercaran casa nun *terrace* victoriano, e na que sería, sen nós sabelo, a súa derradeira comunicación, se dispuñan para recibir a fillos e netos chegados de ambas as dúas beiras do Atlántico para celebrar o Nadal. Case non acabaramos de entrar no novo ano cando recibín a triste e inesperada noticia: é un golpe duro prender o ordenador de boa mañá para facer a rutineira consulta informativa e dar co título que anuncia a morte do amigo.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla foi a suma das súas habilidades, e eran moitas, mais o agarimo que por el sentiamos, que agromaba tanto da admiración que lle profesabamos como polo cariño con que el sempre nos tratou primeiro.

Nos poucos anos de trato que mantivemos fun descubrindo esas múltiples facetas: a de tradutor, a de escritor, a de compañeiro, a de pai e avó orgulloso e entregado, a de referente dun galeguismo universal, conceptos estes dous que semella non atoparon mellor encarnación que na súa persoa e a súa obra. Pero para min, o meu Fernando preferido é o cabaleiro erudito que nun paseo por Londres relataba a historia dos *mews* e se preguntaba onde enterrarían aos milleiros de cabalos que circulaban pola metrópole victoriana, o avó que lle falaba en inglés aos meus fillos de meses, o home tranquilo que levaba nun saquiño os libros xa lidos a unha institución benéfica a carón do metro de Edgware Road, o mesmo día dos terribles atentados de xullo, o amigo que me animou a non agochar esa parte da miña personalidade que trataba de sumar as vantaxes pero tamén contradicións de medrar dacabalo de dous países, algo que el conciliara con verdadeiro éxito: Mr. Nolan.

9
Presenza na distancia

Nicolás Vidal

A imaxe, en síntese, que nos seus últimos anos proxectou Fernando Pérez-Barreiro Nolla entre nós foi a dun galeguista políglota que vivía en Londres. Para algún máis era o tradutor de "Macbeth" ao galego ou o autor de colaboracións periodísticas aquí e acolá. Esas foron as miñas primeiras referencias del –xunto co feito de que era de Ferrol– tras unha conversa con Franco Grande. Ben pouco despois chegaríanlle a Fernando uns premios recibidos nos seus últimos anos, circunstancia que dá máis información pública da súa valía, aínda que o cofre do tesouro non estivese aberto de todo.

En espera da publicación das súas gorentosas memorias –cuxa lectura non provocará indiferencia–, o presente libro supón un notable avance na percepción axeitada dos valores dun escritor e tradutor que a maiores tivo entre as súas virtudes a da discreción. Cun traballo como o presente, que trata de reunir a correspondencia con Ramón Piñeiro e todos os escritos esparexidos por libros, revistas e xornais, amósase un conxunto que ofrece un perfil definido do pensamento de Pérez-Barreiro. Unha reflexión abrolla: a cercanía, unha proximidade desde a distancia que só pode ofrecer alguén cheo de lucidez, paixón pola súa terra e independencia.

O epistolario con Ramón Piñeiro resulta esclarecedor do interese inicial e que se mantivo durante anos polo persoeiro e que non se contradí coa evolución vivida polo propio Fernando e a opinión crítica verbo do de Láncara manifestada con demoledora racionalidade en épocas posteriores. O feito de que este libro apareza editado polo centro de estudos que leva o nome de Ramón Piñeiro fala ben da saúde mental e honestidade de quen nunha cultura como a galega debe ter claro que as capelas e o sectarismo son o seu seguro cadaleito. O resto dos

traballos aquí significados lévanme a pensar que se poderá tirar algunha conclusión do seu labor para situalo no lugar que lle corresponde. Como xornalista, teño para min que foi unha mágoa que o seu pensamento fondo e riguroso non se plasmase en libros de ensaio que terían iluminado calquera tema que tratase. Así, cando deixou albiscar as súas cualidades fíxoo no terreo da análise periodística.

Nin a súa escrita poética trascendeu a penas alén do grupo Aturuxo e de referencias de Franco Grande, malia a súa altura incuestionable e dos sólidos alicerces estéticos e conceptuais que a sostiñan, tanto na súa vertente galega como na británica. Capacidades que semella non chegaron a estourar, como non se lle escapou a Piñeiro nunha das cartas aquí publicadas. En xeral, e dado que non deu ao prelo libros de ensaio ou poesía, ata a aparición das citadas "memorias" o máis semellante que podemos atopar na expresión espiritual das sólidas capacidades de Fernando é esa longa relación co xornalismo, algo que personalmente nos uniu, de xeito directo nas súas colaboracións espalladas e preciosas no suplemento Nordesía de Diario de Ferrol e a través de non poucas conversas. Foi en esencia, nos artigos en prensa publicados ao longo de medio século, onde nos podemos facer unha idea da poderosa capacidade reflexiva dun ser tan singular, de quen sempre botaremos en falta que non nos ofrecese máis da súa visión do mundo. Aínda así, e como se ve neste libro, a nómina de publicacións nas que Fernando deixou o seu saber non é cativa. Tradución e lingua ocuparon o seu interese en xornais ou revistas especializadas canda a política galega ou internacional. Sempre con lucidez e fondura, con elegancia e humanidade. Comprobei que no seu soto da casa de Lancaster abundan xornais e recortes de prensa do último medio século de vida de Galicia, unha evidencia da súa conexión co país vía xornalística. Non faltan entre eles recortes nin subliñados.

Desde unha visión xeral, a prensa manifesta hoxe unha dobre crise, a que a sitúa nun momento de cambio como modelo de negocio e outra, conectada, relacionada coas novas tecnoloxías que parecen protagonizar un troco histórico que a esta altura descoñecemos a onde levará ao xornalismo, sempre ameazado polas gadoupas do poder. No fondo falamos de algo máis que de empresas e soportes, da base mesma da comunicación pública, dun servizo democrático alén dunha profesión para algúns de nós. Neste sentido Fernando posuía as ferramentas intelectuais que a prensa deberá ter sempre para sobrevivir, e ante as que ningún tipo de cambio tecnolóxico ou empresarial pode modificar: coñecemento da historia e da realidade, lucidez e unha fina análise libre de prexuízos. Falar dun Fernando xornalista é achegar un chisco a ascua á propia sardiña, aínda que practicara o periodismo durante anos na BBC e o seu pai fose director de xornais como El Correo Gallego. Quizais con Fernando estamos a falar dun analista, pero dos que a prensa diaria ten que fornecerse (neste sentido é relevante o seu artigo en Tempo Exterior no nº 7 de xuño-decembro de 2003, "Consideracións sobre a análise nas relacións internacionais", por ofrecer unha idea da súa praxe periodística).

Aí están os textos pensados para o Igadi en Tempo Exterior, en Grial ou en A Nosa Terra a través de diferentes etapas. Política e análise internacional da

que calquera xornal serio e rigoroso devecería por incluír. No eido cultural non foi menos. Fican tan espléndidas como contadas a súas "Cartas inglesas", colaboracións mantidas entre 1985 e 1988 en La Voz de Galicia onde o variado dos intereses de Fernando podía descifrar as claves da obra de Seamus Heaney, D. H. Lawrence ou falarnos do budismo.

Despois dunha entrevista en marzo de 2005 que supuxo o comezo da nosa amizade, Fernando comezou a colaborar ao chou con nós entre 2005 e 2008 no suplemento Nordesía, o dominical de Diario de Ferrol. Estamos nun xornal local e aquí o seu ton cambia, abrolla o memorialístico ao que se unen as semellanzas e curiosidades que o autor atopa entre aspectos británicos e ferroláns. O meu preferido foi o titulado "Unha incomodidade creadora", no que relata o paseo que Manuel Fernández Barreiro e Felipe Bello Piñeiro deron pola "montaña", o espazo da comarca de Ferrol máis afastado do mar e no imaxinario popular sinónimo de "aldea profunda". A narración do encontro de dous galeguistas "urbanitas" de principios do século XX co mundo da aldea daría, no humorístico, para un bo relato de Evelyn Waugh ou Ánxel Fole, e no serio, para unha reflexión sobre a separación entre a elite intelectual e o pobo galego, sobre un país escindido. Kipling paira polo texto.

Asemade, non faltou veces que usei a Fernando como unha wikipedia particular para completar ou perfilar textos para o noso xornal. Lembro un artigo de música que estaba a facer para Nordesía sobre bandas e cantautores galeses, xa que acababa de recibir un disco sobre o tema. Ocorréuseme chamalo para dar algunha nota sociolóxica introdutoria sobre Gales, menos coñecido que Irlanda ou Escocia. Unha enxurrada de información e análises sobre o país e a súa semellanza con Galicia contaxioume unha fraternidade co pobo galés que sobordou o interese polos seus cantores. No artigo final, a música acabou sendo unha excusa para falar de País de Gales.

Canda a análise política e cultural, o labor de tradución de Pérez-Barreiro salfere revistas, libros colectivos como queda rexistrado neste volumen que alguén está a ler agora mesmo. Unha obra non sempre xornalística estritamente pero que tería cabida nese mundo que se quere sobrevivir ten que posuír ferramentas como a análise, o rigor intelectual e un coñecemento que pescude nas raíces fondas dos acontecementos. Exactamente esas eran as capacidades, desenvolvidas ou non, de Fernando; cualidades que, como á propia persoa, se botan tanto de menos.